



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 93

Sesión plenaria
14 de setembro de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 1. Plan

Debate e votación das propostas de resolución formuladas ao Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 (doc. núm. 36439, 11/PEGA-000001) (docs. núm. 36873, 36875 e 36876)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 337, do 28.06.2022

Publicación das propostas de Resolución, BOPG nº 346, do 14.07.2022

Punto 4. Proposicións non de lei

4.6 39784 (11/PNP-003402)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaoto deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para deseñar un pacto galego pola auga

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 371, do 31.08.2022

Punto 5. Interpelacións

5.1 16979 (11/INT-000990)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego respecto da autonomía e suficiencia financeira das entidades locais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

5.2 35884 (11/INT-001852)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre o plan extraordinario de contratación de persoal sanitario nos meses de verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

5.3 37467 (11/INT-001931)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de prevención de incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 353, do 01.08.2022

5.4 39779 (11/INT-001958)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaoto deputados/as máis

Sobre a situación sanitaria en Galicia, especialmente da atención primaria

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 371, do 31.08.2022



Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 40261 (11/POPX-000075)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración por parte do presidente da Xunta de Galicia do inicio do curso escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

6.2 40277 (11/POPX-000076)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as previsións do presidente da Xunta de Galicia respecto das medidas de impacto ante a crise de prezos e a deterioración da sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 37914 (11/POP-005523)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e dous deputados/as máis

Sobre as posibles medidas do goberno galego para evitar a deslocalización do servizo de atención telefónica de Unión Fenosa Distribución

Publicación da iniciativa, BOPG nº 361, do 17.08.2022

7.2 39609 (11/POP-006120)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a perda de subvencións dirixidas ao desenvolvemento das enerxías renovables polo informe negativo da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 31.08.2022

7.3 39660 (11/POP-006128)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e tres deputados/as máis Sobre a perda de emprego vinculado aos servizos de atención ao cliente da empresa Naturgy

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 31.08.2022

7.4 40260 (11/PUP-000273)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a consideración por parte do Goberno galego da renovación de maneira urxente da dirección da Corporación Radio e Televisión de Galicia a raíz dos escándalos de manipulación informativa e do incumprimento da Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022



7.5 40278 (11/PUP-000274)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra**

Sobre os criterios baixo os que a Xunta de Galicia pretende declarar o proxecto urbanístico do empresario Carlos Mouriño en Mos como de interese autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

7.6 39601 (11/POP-006118)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre os recortes no ensino público de agosto de 2022 e a súa afectación na vila de Cedeira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 31.08.2022

7.7 38263 (11/POP-005604)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións concretas que contempla o Plan Emprega Muller posto en marcha pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e que novos programas inclúe

Publicación da iniciativa, BOPG nº 361, do 17.08.2022

7.8 39669 (11/PUP-000270)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis**

Sobre as melloras que está a incorporar a Xunta de Galicia no programa galego de cribado neonatal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 31.08.2022



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración por parte do presidente da Xunta de Galicia do inicio do curso escolar. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 11.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 12.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 16.)

Pregunta ao señor presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do presidente da Xunta de Galicia respecto das medidas de impacto ante a crise de prezos e a deterioración da sanidade pública. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 19.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 22.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para deseñar un pacto galego pola auga. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 24.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 25.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 28.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 31.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse sobre a emenda. (Páx. 34.)



Votación das proposicións non de lei.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e tres deputados/as máis, sobre a renovación do cargo do director xeral da CRTVG: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

O señor presidente informa da existencia dunha proposta de transacción entre os grupos do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia na proposición que se vota a continuación. (Páx. 36.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante a Comisión Europea en relación coa súa proposta de prohibición total da pesca con arte de fondo nas zonas mariñas sensibles: *rexeitado por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a recuperación agrogandeira e forestal e contra o despoboamento, así como para a mellora das medidas contra os incendios forestais: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para garantir a viabilidade e a competitividade da industria electrointensiva: *aprobada por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e catorce deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central en relación coa situación que está a atravesar a atención primaria no sistema sanitario: *aprobada por 41 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para deseñar un pacto galego pola auga: *rexeitada por 18 votos a favor, 41 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 37.)

Debate e votación das propostas de resolución formuladas ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030. (Punto primeiro da orde do día.)

Rematado o prazo de presentación das propostas de resolución, o señor presidente retoma o debate do primeiro punto da orde do día sobre o Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, e dálles a palabra



aos portavoces de cada grupo para que fixen as respectivas posturas sobre as propostas dos demais grupos. (Páx. 37.)

Rolda dos grupos parlamentarios para a defensa das propostas de resolución formuladas ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 e para fixar a súa postura respecto das propostas dos demais: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 38.), *Sr. Pérez López (BNG)* (Páx. 41.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 44.)

Votación das propostas de resolución formuladas ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030

Votación das propostas de resolución formuladas ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, transaccionadas entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. dos Socialistas de Galicia, números 26, 28, 29, 35, 41, 50, 54, 57, 60, 80, 81, 111, 154 e 177: *aprobadas por 56 votos a favor, ningún voto en contra e 18 abstencións.* (Páx. 48.)

Votación da proposta de resolución número 32, do G. P. dos Socialistas de Galicia, ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030: *rexeitada por 14 votos a favor, 59 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 48.)

Votación das propostas de resolución números 49, 82, 86, 91, 95 e 141, do G. P. dos Socialistas de Galicia, ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030: *aprobadas por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 49.)

Votación das propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, agás as xa votadas anteriormente: *rexeitadas por 31 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 49.)

Votación das propostas de resolución números 27, 35 e 36, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030: *rexeitadas por 18 votos a favor, 55 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 49.)

Votación das propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, agás as xa votadas (números 27, 35 e 36): *rexeitadas por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 49.)

Votación da proposta de resolución número 1, do G. P. Popular de Galicia, ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030: *aprobada por 41 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 50.)

Votación da proposta de resolución número 2, do G. P. Popular de Galicia, ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030: *aprobada por 55 votos a favor, 18 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 50.)

Votación da proposta de resolución número 3, do G. P. Popular de Galicia, ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030: *aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 18 abstencións.* (Páx. 50.)



Alteración da orde do día

O señor presidente comunica que se vai anticipar unha das interpelacións da orde do día. (Páx. 50.)

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o plan extraordinario de contratación de persoal sanitario nos meses de verán. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 51.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 54.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 57.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 59.)

Interpelación de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación sanitaria en Galicia, especialmente da atención primaria. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 62.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 65.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 69.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 71.)

Interpelación de D^a María González Albert e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención de incendios forestais. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. González Albert (BNG).* (Páx. 74.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 77.)

Réplica da autora *Sra. González Albert (BNG).* (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 83.)

Suspéndese a sesión ás dúas e sete minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.

Interpelación de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego respecto da autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 86.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 90.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 92.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 95.)



Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia que se acumulan as preguntas que figuran en primeiro e en terceiro lugar para a súa formulación conxunta. (Páx. 97.)

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as posibles medidas do Goberno galego para evitar a deslocalización do servizo de atención telefónica de Unión Fenosa Distribución. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonso e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a perda de emprego vinculado aos servizos de atención ao cliente da empresa Naturgy. (Punto sétimo da orde do día.)

*Intervención dos autores: Sr. Arangüena Fernández (S) (Páx. 98.) e Sra. Queixas Zas (BNG) (Páx. 99.)
Contestación da Xunta: Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza). (Páx. 100.)*

*Réplica dos autores: Sr. Arangüena Fernández (S) (Páx. 101.) e Sra. Queixas Zas (BNG) (Páx. 102.)
Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza). (Páx. 103.)*

Pregunta de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a perda de subvencións dirixidas ao desenvolvemento das enerxías renovables polo informe negativo da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

*Intervención da autora: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 105.)
Contestación da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González). (Páx. 107.)
Réplica da autora: Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 108.)
Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González). (Páx. 109.)*

Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e D^a Noelia Otero Lago, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a consideración por parte do Goberno galego da renovación de maneira urxente da dirección da CRTVG a raíz dos escándalos de manipulación informativa e do incumprimento da Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual. (Punto sétimo da orde do día.)

*Intervención da autora: Sra. Díaz Varela (S). (Páx. 110.)
Contestación da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 111.)
Réplica da autora: Sra. Díaz Varela. (Páx. 112.)
Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 113.)*



Pregunta de D^a Alexandra Fernández Gómez, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os criterios baixo os que a Xunta de Galicia pretende declarar o proxecto urbanístico do empresario Carlos Mouriño en Mos como de interese autonómico. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG)*. (Páx. 114.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 116.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG)*. (Páx. 117.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 118.)

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonzo e D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os recortes no ensino público de agosto de 2022 e a súa afección na vila de Cedeira. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG)*. (Páx. 121.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 120.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG)*. (Páx. 117.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 122.)

Durante o discurso de réplica do señor conselleiro, o señor presidente expulsa unha persoa invitada á sesión por proferir palabras desde a tribuna de invitados que interrompen a intervención do señor conselleiro. (Páx. 122.)

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións concretas que contempla o Plan Emprega Muller posto en marcha pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e que novos programas inclúe. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 124.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 125.)

Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 127.)

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as melloras que está a incorporar a Xunta de Galicia no programa galego de cribado neonatal. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 127.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 128.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 129.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 130.)

Remata a sesión ás seis e corenta e catro minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto sexto da orde do día, preguntas para resposta do presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración por parte do presidente da Xunta de Galicia do inicio do curso escolar

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de don Luis Manuel Álvarez Martínez, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señor presidente da Xunta de Galicia.

Bo día, señorías.

Onte asistimos a unha comparecencia do señor conselleiro —resumindo— de Educación, para os efectos que nos preocupan, comparecencia á que non lle son aplicables polo menos dous adxectivos: nin sintética nin crítica; iso si, autocompracente.

Dixo o señor conselleiro que perdían a conta das críticas da oposición e eu voulle facilitar o dato. Son catorce, señor conselleiro, catorce anos que coinciden co seu Goberno. Se non sabemos contar ata catorce, despois temos os problemas que temos para determinar o número de profesores que hai no ensino non universitario. *(Aplausos.)*

Iso si, fixo unha afirmación francamente sorprendente. Dixo que o ensino rural era o sinal de identidade do sistema educativo galego. E eu —para pasmo de propios e estraños— preguntome: ¿como pode afirmar o señor conselleiro que teñen as mesmas oportunidades os alumnos do medio rural que os do medio urbano? ¿Como pode afirmar que iso é certo? Porque, ademais de ser falso, sería a súa obriga facilitarlles as mesmas oportunidades a todos os alumnos.

Pero o certo é que este curso tivo unha singularidade, e é que veu precedido duns anuncios do señor conselleiro de Educación sen precedentes, anunciando un inicio de curso caótico. E tanto o citou vostede onte, señor conselleiro; ás hemerotecas me remito. Preguntáballe o periodista se era un inicio de curso caótico, e dixo o señor conselleiro, con respecto aos currículos, que era o elemento de caos definitorio, que eran coñecidos desde abril. E dixo que os currículos serían coetáneos ao inicio do curso escolar. E isto a min preocupárame moitísimo, porque, tendo en conta a procedencia académica do señor conselleiro, non sei se coetáneo se refire a simultáneo —que evidentemente non é o caso—, se coetáneo é o mesmo ano, se coetáneo é o mesmo curso ou se coetáneo é a mesma época, que en historia é un concepto indefinido. *(Aplausos.)* ¿Verdade, señor conselleiro? Esta é a realidade.



Pero o certo é que, desde o punto de vista do desenvolvemento curricular, dez das dezasete comunidades autónomas que constitúen o Estado español publicaron os seus currículos e, entre elas, a Comunidade Autónoma de Madrid. Non o publicou Andalucía nin Castela-A Mancha nin Murcia, curiosa coincidencia con Galicia en canto ao signo político do seu Goberno. Iso si, dixo: non nos gusta a LOMLOE —tampouco o sospeitabamos— e dixo que a ían aplicar do xeito máis laso posible.

Señor conselleiro, o sistema educativo galego ten dez debilidades, que lle vou resumir sinteticamente: en primeiro lugar, a taxa de abandono escolar é superior á media europea; en segundo lugar, hai un escaso desenvolvemento da colaboración do sector empresarial para a formación profesional e a aprendizaxe; existen centros educativos antigos e obsoletos, con infraestruturas educativas inadecuadas; o dominio das linguas estranxeiras é inferior á media europea; o sistema educativo está baseado excesivamente en resultados académicos e memorísticos —por certo, consecuencia da LOMCE, señor conselleiro, señor presidente—; hai un descenso nos últimos anos no gasto público en educación respecto do PIB, unha porcentaxe lixeiramente inferior á media nacional e, por suposto, por debaixo da media europea; hai recursos reducidos destinados á formación permanente do profesorado; as avaliacións, tanto externas como internas, de diagnóstico da calidade son algo a desenvolver; as ratios de alumnado por unidade en funcionamento son mellorables, especialmente en atención ao alumnado con necesidades específicas; e hai unha reducida participación do alumnado na formación profesional de grao superior.

Señor presidente da Xunta de Galicia, este é o diagnóstico do sistema educativo de Galicia. Logo dos anuncios do señor conselleiro, eu preguntolle: ¿que valoración fai vostede do inicio do curso escolar? ¿Foi caótico? ¿Non foi caótico? ¿Ratifica vostede esa palabra do señor conselleiro? ¿Corrixe esas afirmacións? E, sobre todo, o que máis me preocupa: ¿é admisible desde o seu punto de vista que o máximo responsable da educación en Galicia semente a alarma na comunidade escolar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...falando dun curso de inicio caótico? ¿Que me ten que dicir vostede a estas afirmacións, señor presidente da Xunta de Galicia? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Señor Álvarez, non quedou vostede moi contento coa intervención da súa portavoz onte na interpelación ao conselleiro, está claro que vostede na comparecencia que tivo quere seguila; está claro que non lle gustou, vostede ten que completala. Eu quero dicir que quedei moi satisfeito coas explicacións que deu o señor conselleiro de Educación. *(Aplausos.)*



Dito isto, señor Álvarez, mire, eu téño a vostede por unha persoa —dígollo sinceramente, á parte de que creo que xa llo dixen algunha vez— pois bastante razoable, seria e por tanto —ou debería— con certa alerxia ao tremendismo e aos titulares que están vostedes dando estes días sobre o curso escolar. Eu supoño —e ademais vostede é profesional, e bo profesional, en materia de educación— que lle resultará difícil facer este tremendismo e buscar titulares.

En fin, o tema de buscar titulares xa vimos ao que leva, e vou saír un pouco do guión, pero vén ao caso, polo que lle quero dicir agora. Xa vimos eses titulares: «*el dinero europeo nos va a salir por las orejas*», «*el apoyo a Stellantis es total*»; xa vimos os titulares que vostedes fabrican e a realidade que despois hai. Pois aquí estamos facendo exactamente o mesmo.

Mire, hai datos que vostede xa coñece pero creo que vou repasar, dado o que dixó agora, e sobre todo o que dixeron onte. Falaba vostede da escolarización no rural, o 99,7 %, practicamente o 100 %; dende logo, a comunidade autónoma con máis porcentaxe de escolarización no propio municipio e, por tanto, tamén no rural, de infantil e de primaria. O 8 % de taxa de abandono escolar, récord en Galicia, por debaixo, 18 puntos menos que cando gobernaban vostedes e a terceira mellor comunidade; son datos do Estado do sistema educativo público en Galicia. O 10,2 de ratio alumno/profesor, a media nacional é de 12 —como vostede coñece perfectamente—. 6.000 euros de investimento alumno/ano, a que máis inviste por alumno ao ano de todas as comunidades autónomas de réxime común —este dato tamén vostede o coñece—. 2.700 millóns en orzamento de educación, un 10 % máis que cando vostedes gobernaban —tamén coñece este dato—.

E, dende logo, o mérito principal do bo estado da educación pública en Galicia é dos docentes, en primeiro lugar; tamén das familias, que fan un esforzo importante; e tamén dos alumnos, se me apura. Pero tamén, sen dúbida, o apoio das administracións é importante. Non é o mesmo facer o apoio —polo menos respecto dos resultados— nun senso e cunhas directrices que facelo noutro, e ao final a educación o que trata é de potenciar as capacidades dos alumnos e o que faga a Administración tamén é importante.

Mire, non sempre houbo os mesmos apoios ou polo menos vostedes non tiñan os resultados que temos agora. Vostedes pechaban vinte centros —dise pronto— ao ano en época de bonanza económica, con vostedes o abandono escolar estaba no 25,8 %, agora coñece perfectamente que é a terceira parte. E por darlle un dato máis: este goberno —como sabe— está apostando fortemente pola FP; a inserción laboral, con vostedes, o 33 %, e con nós, o 85 %; e na dual, o 100 %. Por tanto, non todas as políticas educativas son iguais ou polo menos non o son nos resultados.

E por suposto que este ano afrontamos un comezo de curso incerto. Onte o seu líder, nesa xira triunfal en Bruxelas, dicía que nos preparemos para moitas dificultades. Pois nós xa nos estamos preparando e estamos facendo un apoio importante: 26 millóns de euros para libros de texto e material escolar, o 50 % máis que no curso anterior; 50 millóns de euros para axudas para comedores escolares ás familias; 107 millóns de euros para transporte escolar; 2,6 millóns para equipamentos dixitais; catorce anos coas taxas universitarias máis baixas de España; 500 docentes máis que antes da pandemia, 14 máis que o ano pasado, despois de todo o que vostedes contaron terxiversando, manipulando e mentindo directa-



mente sobre as cifras de docentes; 130 unidades escolares máis que no ano 2019, a pesar do devalo demográfico.

Mire —e remato xa, señor presidente—, a semana pasada visitei un centro público nas inmediacións de Santiago. Percibín ilusión, percibín preocupación polo inicio de curso, pero, dende logo, non ese caos nin esas penurias sen fin que vostedes están tan interesados —vostedes saberán por que— en retratar.

Mire, cando vostede fala —e é vostede o que fala, e cito textualmente— dunha «folla de ruta para dinamitar o curso», vostede di que temos iso; temos absolutamente todo o contrario. Non sei se é o que lles gustaría, non sei se con iso cre que sacan algún tipo de rédito electoral. Pero, mire, se a esta frase lle dera a volta e se puxera diante do espello, o que vería é unha enorme responsabilidade dos docentes, dos pais e, se me apura, dos alumnos. A mellor educación probablemente inflúe niso tamén; inflúe en que vostedes, co seu tremendo, están na oposición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas de novo, señor presidente.

Señor presidente da Xunta de Galicia, eu creo que debera tomar medidas con respecto a quen lle escribiu ese argumentario que vostede acaba de expoñer. Porque, mire, vostede, cos anos que leva neste parlamento, debera saber que as preguntas ao presidente se rexistran antes de que na Xunta de Portavoces se configure a orde do día, polo tanto a comparecencia do señor conselleiro. É de primeiro de parlamentarismo, grao básico. (*Aplausos.*) Polo tanto, ratifico absolutamente toda a intervención que fixo a señora Otero Lago no día de onte, non teño absolutamente nada que criticarlle, porque o que fixo foi reflectir a sensación que existe sobre todo nas familias do alumnado desta comunidade autónoma. Repase vostede, señor presidente, o Regulamento do funcionamento deste parlamento, porque creo que ten algunha eiva, cousa ultimamente bastante común —parece— entre os dirixentes do Partido Popular. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Pero mire, señor presidente da Xunta de Galicia, venden vostedes como éxito algo que ocorre en toda España, afortunadamente. Porque lle vou dar un dato, a ver se é quen de contradicirme, porque, se non, terei que sacarlle os seus propios documentos. O índice de abandono escolar en Galicia no ano 2009 —que parece que foi cando empezou o señor conselleiro a época moderna, antes non había nada— era xa inferior á media do Estado en Galicia, era xa inferior en 4 puntos. E agora, afortunadamente, esa tendencia de descenso do fracaso escolar dáse en todo o Estado, e vostedes véndeno como un éxito de Galicia, como se foramos *the very best* (*Aplausos.*), como se foramos o faro de Alexandría. E somos, afortunadamente, unha comunidade autónoma desenvolvida, moderna e imos ao carón, ao mesmo paso que o resto do Estado. Gústelle máis ou gústelle menos, vostedes non fan absolutamente nada excepcional que non se faga noutras comunidades autónomas deste Estado.



E voulle dar un dato, simplemente para que o reflexione logo de interiorizalo. E é o seguinte: vostedes anuncian un incremento de ata 25,6 millóns de euros no programa de préstamo escolar, esa cousa de gratuidade solidaria, efectivamente, eses eufemismos que temos. E eu voulle dar un dato, mire: a Comunidade Autónoma de Andalucía, gobernada tamén polo Partido Popular, con 60 millóns de euros, dálles un servizo de préstamo universal a catro veces máis alumnos en educación primaria e cinco veces máis alumnos en educación secundaria obrigatoria. Miren para eles, porque ao mellor teñen algo que aprender con respecto a ese sistema de xestión da gratuidade.

Señor conselleiro, hai un aspecto... —señor presidente, perdón—, hai un aspecto sobre o que... É que lle chamaba tanto tempo conselleiro que aínda non estou afeito a chamarlle presidente. *(Risos.) (Aplausos.)* A ver, desculpen vostedes esta debilidade, este *lapsus linguae*, que, a diferenza de vostedes, eu son humano e non divino, tamén me equivoque ás veces. *(Risos.)*

Mire, señor presidente da Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...reúnase cos representantes dos profesores, como están facendo noutras comunidades autónomas, melloren as condicións laborais e profesionais en canto a horarios do colectivo docente, non veña aquí dicirlles canto vos queremos, canto vos agradecemos, que bos sodes; a ver se vostedes polo menos son a metade de bos que son os profesores do sistema público desta comunidade autónoma.

Señor presidente, mire...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...as debilidades que lle citei do sistema educativo galego, que vostede tivo a fortuna de non corrixir, están no Plan estratéxico de Galicia. Se quere, cítolle despois as páxinas ou mándolles unha copia extractada do PDF para que non teñan que buscar. Pero son debilidades que existen. Teñen vostedes que traballar para corrixilas, teñen vostedes que mudar a forma de facer política educativa e non facer política...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...coa educación.

Vou rematar, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Non, remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Mire, o sistema educativo de Galicia non é Mordor, como dicía o señor conselleiro hai algún curso nalgunha comparecencia, pero non é substancialmente mellor que o resto dos sistemas educativos do Estado.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Iso si, está na súa man traballar para conseguir...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...que esa educación que vostedes imaxinan sexa realidade.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Señor Álvarez, terminou o seu tempo.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Fágano e acertarán. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, a pesar de que vostedes cambian cada seis meses de portavoz, eu tomo isto en serio e sei que o portavoz agora mesmo é vostede. Mire que diferenza fundamental sobre este tema. *(Aplausos.)*

Mire, despois consultamos o Regulamento xuntos, o Regulamento do Parlamento, e dime en que artigo —teño moita curiosidade— di que preguntado o presidente sobre un tema nas preguntas ao presidente, se despois o conselleiro comparece sobre este tema, o presidente será ignorado e intentarase complementar as cousas non ditas pola portavoz na comparecencia do conselleiro. *(Risos.)* Xa me dirá en que artigo do Parlamento di iso, podemos velo xuntos. *(Aplausos.)* Se a min me encanta que vostede me dea clase, vostede adícase a iso e eu encantado de aprender.

Mire, o argumentario —isto é a miña letra— sae simplemente de ver as cifras que vostedes terxiversan, as mentiras que contan e simplemente de rebatelas coa verdade. Ese é o argumentario co que eu veño respostar estas preguntas. *(Aplausos.)*

E entón, mire, podería dicirlle, en primeiro lugar, que estou de acordo cunha cousa —eu creo que vostede tamén o vai recoñecer—: non todo é cuestión de investimentos. Agora, os investimentos son importantes, e subilos e non baixalos, e a diferenza enorme que hai co que vostedes investían en bonanza económica e o que investimos nós con menos recursos pero priorizando en educación pois é importante para os resultados.

E mire, os resultados lévannos tamén a algo que a vostedes non lles gusta nada: a cultura do esforzo. Nós pensamos sinceramente que é importante, consegue moi bos resultados e por aí queremos tirar. Esa cultura do esforzo que vostedes con esa lei de educación, esa LOMLOE, queren demonizar, esa LOMLOE non pactada, criticada por tanta xente, non só polos do PP; non sei que lles pasa con iso.



Mire, en Galicia non estamos de acordo coa orientación que lle queren dar vostedes ao sistema educativo. Non cremos que sexa o mesmo, que dea igual suspender que aprobar. Non é o mesmo, señor Álvarez. Vostedes cren que si, eu creo que é un erro. E non estamos de acordo tampouco con que se lle negue ao alumnado a posibilidade da recuperación, esa posibilidade de, se se esforzan, volver ao camiño e seguir esforzándose. Vostedes queren eliminar iso —nós, non—, a cultura do esforzo.

Tampouco estamos de acordo en que se supriman as notas numéricas, unha boa maneira de avaliar o progreso dos alumnos.

Todo iso é o que vostedes queren levar por diante e nós non estamos de acordo en absoluto, e por iso traballamos e por iso investimos para que a educación pública en Galicia teña unha boa calidade, cada vez mellor.

Mire, e por iso aquí fixemos o posible —díciallo o conselleiro onte na comparecencia— para mitigar esa desfeita que vai supoñer a LOMLOE en moitos aspectos. E non o dicimos só nós, xa o están dicindo as comunidades autónomas, que teñen de verdade a responsabilidade da educación pública máis alá dos deseños que queiran facer os ministerios correspondentes.

Imos reforzar as competencias básicas nos currículos, imos ampliar os contidos en Historia e Filosofía; a vostedes, polo que sexa, iso non lles interesa. Imos defender algo tan básico como que para pasar de curso ou ter un título é necesario aprobar, é necesario saber as materias; a vostedes isto dálles exactamente igual, e así intentan levar unha educación que non leva a ningunha parte a este país, e a educación é o progreso do país, señor Álvarez. Polo tanto, seguiremos tomando este tema en serio, dende o principio ata o final.

Quince meses tardou o seu Goberno central en poñer á disposición das comunidades autónomas a súa parte dos currículos, quince meses, fase imprescindible. Quince días despois, os borradores elaborados por nós xa estaban á disposición dos centros escolares e á disposición das editoriais. Esta é a maneira diferente en que tratamos a educación uns e outros.

E ao final os resultados vense. Mire, o informe PISA —vostede non aludiu ao Informe PISA supoño que porque non quere contradicir algo que sabe que non é contradicible— o que di é que Galicia debe estar orgullosa porque dá —e cito textualmente— «a cada estudante unha formación sólida que permite pechar fendas sociais». Para isto traballamos exactamente, para iso investimos. Para isto non facemos demagoxias nin falamos de tremendismos nin damos imaxes que non son reais.

Isto é o camiño que queremos seguir e por iso imos seguir mantendo as ratios, subíndoas, mantendo e mellorando os investimentos, axudando as familias —remato xa, señor presidente—, mellorando a calidade educativa, que é tanto como dicir o futuro do país. E, mentres, vostedes, pois mire, poden seguir con ese catastrofismo estéril, con esas cifras que non son reais e con ese retrato de dinamitar realmente os currículos educativos e a formación educativa, que cada vez fai que os galegos llo recoñezan máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao señor presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do presidente da Xunta de Galicia respecto das medidas de impacto ante a crise de prezos e a deterioración da sanidade pública

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías.

Señor Rueda, como vostede ultimamente frecuenta moito a zona VIP, quizais non é consciente de que a maioría dos galegos e das galegas as están pasando realmente canutas. E hai dous temas que preocupan especialmente á cidadanía deste país: por un lado, está a suba de prezos, e, por outro, a deterioración brutal que se está producindo na atención primaria que reciben os galegos e as galegas.

Hoxe os salarios, as pensións valen un 11 % menos que hai un ano e Galiza cunha suba de prezos que é moi superior á media do Estado. Galiza está quedando atrás e o Partido Popular é responsable. E é responsable por trece anos de submisión ao centralismo, trece anos de oposición da oposición, trece anos vetando unha tarifa eléctrica galega, porque vostedes están en contra de que lle abaratemos a luz á xente deste país, *(Aplausos.)* porque traballan para as eléctricas.

E pode haber a quen lle sorprenda que vostedes voten en contra de que lles suban os impostos; a nós, non. E, desde logo, só hai que ver a quen abraza o presidente de Iberdrola para saber para quen traballa o Partido Popular. *(Aplausos.)*

E ante a maior crise de prezos levan de brazos cruzados, sen tomar nin unha soa medida de impacto para axudar os galegos e as galegas. ¿E sabe por que? Porque non defenden Galiza. Vostedes están presos da estratexia electoral que lles marca o Partido Popular desde Madrid, están presos desa estratexia de canto peor para a maioría dos galegos e das galegas mellor para os réditos electorais do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Pero, como lle dicía, os galegos e as galegas tamén están moi preocupados e preocupadas polo que pasa na sanidade. E o que aconteceu este verán é impresentable. Vimos como había axendas pechadas, non se podía pedir cita por falta de médicos e médicas. Vimos PAC que non tiñan persoal médico, sabemos que hai vacacións e baixas que non se cobren e que hai recortes de persoal que chegan ao 66 %. E a súa única resposta ante todo isto foi negarse a comparecer no Parlamento e dicir que é «normal». ¿Parécelle «normal» xogar coa saúde dos galegos e das galegas, señor Rueda? *(Aplausos.)* Porque iso é o que fai o Goberno do Partido Popular cando coloca Galiza á cola en investimento en atención primaria, concretamente o posto número 14. Necesitaríamos 262 millóns de euros máis en atención primaria só para equipararnos coa media do Estado. E sabemos que aquí se necesitan máis recursos que na media simplemente pola dispersión.

E por todo isto, señor Rueda, eu preguntolle: ¿que vai facer o seu Goberno para darlles respostas aos problemas que hoxe ten a cidadanía deste país? *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, antes que nada —o cortés non quita o valente—, parabéns; parabéns porque levan vostedes inmersos —todo o ano creo, pero especialmente estes últimos días— na celebración dos corenta anos do BNG en Galicia. E se algo hai que recoñecerlles nestes corenta anos, é a perseveranza eses corenta anos, nos que vostede leva máis da metade como deputada, a perseveranza sempre no mesmo. Corenta anos repetindo as mesmas letanías, o mesmo discurso sempre, igual de negativo sobre todo o que se está facendo, sobre todo o que pasou; o mesmo discurso catastrofista, pesimista, sobre o futuro, sobre o que pode pasar, sempre é o mesmo. Eu creo que isto non aporta nada positivo, bastante negativo, pero en todo caso é unha perseveranza que eu recoñezo aquí. O malo é que, cando aos galegos se lles pregunta —e pregúntaselles cada catro anos—, sempre din o mesmo. Din que, efectivamente, onde vostedes din que todo vai peor, din que as cousas melloraron; onde vostedes din que non hai nada que facer, din que teñen que seguir mellorando; e onde vostedes din que teñen unhas fórmulas máxicas, os galegos din que para seguir mellorando prefiren o Partido Popular, con moita diferenza. (*Aplausos.*)

Entón, niso de que «canto peor, mellor», señora Pontón, aplíquense o conto; iso é o que fan vostedes: crear incertezas, crear inquiredanzas, intentar sacar réditos electorais; iso é o que fan vostedes e todas as súas ramificacións.

Mire, eu prefiro traballar. Efectivamente, hai tempos de incertezas, hai tempos difíciles, sempre son difíciles pero agora especialmente, e prefiro traballar, que traballemos todo o Goberno para intentar axudar a xente canto máis o necesita, e agora necesítao.

Vostede fala de pasividade. Acusábame onte —creo— de estar de vacacións. Por certo, ¿que tal en Chile en agosto, señora Pontón? Mentres vostede estaba alí, nós estabamos traballando. (*Murmurios.*) E mire, e se non se entera (*Aplausos.*) porque estaba moi lonxe, podo entendelo e, por suposto, ten dereito; non serei eu quen lle diga que non ten dereito a vacacións.

Non se enterou das últimas medidas: educación infantil gratuíta, 30.000 familias, 2.000 euros de aforro medio, medida pioneira en España; transporte público gratuíto para menores de 21 anos e o 50 % para o resto, pagado exclusivamente pola Xunta de Galicia, (*Aplausos.*) por moito que se empeñe o Goberno central, señores do Partido Socialista; calendario de vacinación infantil: tres novas vacinas, unha delas, sen ir máis lonxe, a da meninxite, aforrando 300 euros ás familias; 200 millóns de euros en axudas ás familias para o inicio do curso escolar; 8 millóns de euros para complementar o bono social térmico, 60.000 familias beneficiadas.

Por certo, vostede falaba da tarifa eléctrica galega. ¿Pero non se dá conta de que vostedes mesmos se poñen en evidencia? Sempre dicían que ía aforrar o 30 %. Onte xa o baixaron ao



10 %, sen dicirnos nin como nin por que. (*Risos.*) Estas son as súas conclusións. E a seriedade... (*Murmurios.*), non, non, mire para aí, efectivamente, pregunte quen dixo 10 %, porque alguén da súa bancada dixo: ¡eh!, do 30 % ao 10 %, milagrosamente. As fórmulas que nos van salvar a vida.

Novas rebaixas fiscais para o vindeiro exercicio ás familias numerosas, ás rendas máis baixas. Novas liñas de avais do Igape para cubrir necesidades de liquidez xusto agora, 30 millóns. Préstamos directos industria manufactureira, 28 millóns. 14 millóns de euros de axudas ao vacún de carne.

Mire, eu podería seguir falando de todo isto, señora Pontón...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): ... —remato xa, señor presidente—, pero sei que non lle interesa, non lle encaixa nesa letanía do non, nesa letanía do tremendo; encáixanlle moito mellor outras cousas.

Por certo, sacarlle esas caretas de vez en cando, e perdoe que llo diga, porque, se non, rebento: ¿como pode ser que un deputado que se supón decisivo para Galicia, que di representar a tantos galegos, onte nos pode avergoñar ata o punto de branquear todo o que supón agora mesmo a unión de Europa contra a Rusia de Putin dicindo que non quere fortalecer a quen está defendendo todo iso? ¿Como pode ser iso, señora Pontón? ¿Dáse conta de como sacan as caretas? Onte o señor Rego votando en contra da ampliación da OTAN, levándolle a contraria ao Goberno que vostedes sustentan e ao sentir maioritario dos españois. ¿A iso se adican vostedes?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): E cando non se adican a iso, dedícanse ao de sempre: a xogar, por exemplo, ao *Prezo Xusto*.

Vostede fixo un plan, un día son 1.000 millóns, outro día son 200, outro día poden ser 20.000, ¡que máis dá!, o caso é que soe ben, non din de onde o van sacar, non din que prioridades non van atender, non din nada de nada. Din simplemente que todo vai mal, que todo vai ir peor, que os galegos se equivocan e supoño que, como levan corenta anos dicindo iso, botarán como mínimo corenta anos máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, señor Rueda, véxoo a vostede moi enfadado. (*Murmurios.*) E sorpréndeme que me critique porque o BNG viaxe, toda a vida receiptándonos que o nacionalismo se curaba viaxando e agora parece que teñamos una senda internacional. (*Aplausos.*)



En fin, creo que que vostede veña aquí facer de oposición da oposición —non sei se está facendo prácticas para a próxima lexislatura— non lles soluciona os problemas aos galegos e ás galegas. E o que me preocupa, señor Rueda, é que o vexo a vostede en cen días moi contento viaxando no coche oficial de presidente pero xa desconectado da realidade.

E o certo é que a realidade dos galegos e das galegas é moi diferente da súa, desá que consiste en entradas gratis, en palco VIP, para poder ver o concerto de C. Tangana. É desde logo unha tomadura de pelo e unha falta de respecto aos galegos e ás galegas que coa que está caendo usen as subvencións do Xacobeo para repartir entradas gratis en palco VIP (*Aplausos.*) a altos cargos do Partido Popular, ao señor Bonilla ou ao seu xefe de filas, o señor Feijóo. E, desde logo, isto fai que moitas persoas se pregunten en que gasta o Partido Popular os cartos públicos que saen dos impostos que paga a cidadanía.

¿Como é posible que alguén coa súa responsabilidade diga que non sabe nada de por que se destinan 2,5 millóns de euros a un concerto, que esa cantidade é o dobre, e vostede di que a vostede iso nin lle vai nin lle vén, total, son os cartos públicos, que paga a cidadanía? (*Aplausos.*) Se foran os seus recursos, seguro que non permitiría este despilfarro.

Señor Rueda, ¿que clase de despilfarro é este? 2,5 millóns de euros nun concerto coa que está caendo e vostede di que non ten que dar ningunha explicación. Desde logo, o que lle recomendamos, señor Rueda, é que deixe o palco VIP, que deixe a manipulación, que deixe de atacar persoalmente a portavoz nacional do BNG (*Murmurios.*) e que se poña a traballar para sacar desta crise os galegos e as galegas.

E, claro, moléstalle... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que temos propostas, moléstalle as propostas do BNG, porque se ve que hai un goberno incapaz de dar solucións. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: E mire, claro que si, traeremos a esta cámara un plan de rescate de 1.000 millóns de euros para rescatar a pequena e mediana empresa deste país, para rescatar os sectores produtivos, para axudar a xente que peor o está pasando e para reforzar a atención primaria, que vostedes levan posto contra as cordas. (*Aplausos.*)

E, por último, se me permite, presidente do Parlamento, señor Rueda, paréceme moi ben que vostede nos anuncie que quere vir ao Parlamento de Galiza a facer de conselleiro de Fazenda. Sería, desde logo, moito mellor que exercera como presidente da Xunta. Estamos nun momento excepcional onde a poboación, aínda que a vostede lle dea a risa, o está pasando realmente mal. Hai unha crise de prezos sen precedentes que require de medidas de fondo e dun debate sereno neste parlamento.

Por iso, emprazamos a que exerza de presidente e convoque o debate de política xeral, (*Aplausos.*) o debate do estado da nación galega, para que poidamos debater en profundidade



sobre que está pasando, cales son as perspectivas de futuro e cales son as propostas e alternativas que cada grupo ten neste momento.

Creo que Galiza require que este parlamento teña ese debate e agardo, señor Rueda, que exerza de presidente e non simplemente queira ser o conselleiro de Facenda. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, hoxe que falamos tanto de regulamento, mire, vostede leva aquí máis de vinte anos e dinme por aquí que debería de coñecer un pouco mellor o Regulamento, porque pide cousas que o Regulamento non as fai posible. Iso é o mínimo que creo que se lle podería pedir. *(Murmurios.)*

Mire, calquera que a escoite a vostede, que se proclama como alternativa de goberno sen ningunha dúbida, calquera que escoitara sobre todo a súa segunda quenda de intervención, sacaría unha conclusión. A súa mensaxe principal non a poden disimular: a vostedes moléstalles moitísimo o Xacobeo. Moléstalles porque cren que é un éxito que se pode asociar co Goberno, un éxito de Galicia, e cada vez dunha maneira ou doutra, cada vez que poden, aínda que intentan contelo, ao final exteriorízano.

E mire, levan corenta anos dicindo —moi enfadados, iso si— a todo o mundo que nos ven enfadados. Non, non, ao contrario; nós estamos contentos, eu estou feliz de que vostede viaxe, dígollo sinceramente, creo que lle vén especialmente ben. O mundo non acaba no Padornelo, por moito que vostedes insistan en que si. Polo tanto, está moi ben que viaxen. *(Aplausos.)* E, polo tanto, con iso nunca me vería enfadado, señora Pontón.

Mire, vostede siga disparando contra os servizos públicos galegos, *(Murmurios.)* siga poñendo esas imaxes ás veces brutais, absolutamente exaxeradas, catastrofistas, que faltan á realidade. Xa vin que da súa proposta estrela, a tarifa eléctrica galega, en canto lle dixen que pasaban do 30 % ao 10 % non quixo dicir absolutamente nada, de momento porque nin sequera soubera que alguén responsable con algo de cabeza no seu goberno, *(Risos.)* no seu goberno do Bloque, porque máis que governe o Bloque non creo que o faga nunca, no seu grupo parlamentario, baixou á realidade; eu diríalle que baixara máis aínda e que puxera que iso supón un déficit. Primeiro. Así tantas cousas.

Siga falando da sanidade así. 200 millóns de euros máis case na primaria investidos que cando vostedes estaban gobernando e vostede apoiaba ese goberno, señora Pontón. *(Murmurios.)* Si, si. 840 millóns de euros máis en sanidade pública. Gasto público sanitario, 1.700 euros por riba da media nacional. 42.000 profesionais na sanidade pública, 6.500 máis que cando vostedes gobernaban, señora Pontón. 100 centros de saúde novos ou renovados. Modernización de todos os hospitais. 82 millóns de euros só este ano en aparellos tecnolóxicos en sanidade coa última tecnoloxía. 106 prazas de difícil cobertura a punto de cubrirse, 200



máis en canto se aprobe, se se aproba —que eu agardo que si—, a lei que vai entrar no Parlamento.

Tantas cousas que estamos facendo en virtude das nosas competencias e que vostede intente ignorar ou devaluar ou terxiversar. Así é como se traballa para a sanidade pública, se é que lle preocupa de verdade, porque, vendo a súa segunda intervención, adicoulle ao final, cando se acababa o tempo, un momentíño nada máis.

E, mentres, seguiremoslle pedindo ao Goberno central o que ten que facer e que nós non podemos facer. Pedinlle o apoio. Se hai comunidades autónomas das que vostedes son ou din ser moi amigas que están pedindo o mesmo e aquí non temos o seu apoio para que se convoquen as prazas MIR extraordinarias, para que se axuste o sistema de docencia para que aquí poidamos formar máis médicos, para que se cree a especialidade de medicina en urxencias. En todo iso fai falta que teñamos apoios. Estamos pedindo o seu apoio e non o temos. Iso solucionaríase o problema, señora Pontón.

Mentres, vostedes levarán, levan xa corenta anos dicindo que non e levarán moitísimos máis. Nós imos seguir traballando. Mire, o ano que vén vostede cre que que o presidente fale do instrumento para facer todas as políticas públicas que ten un goberno, que son os orzamentos, é rebaixar a categoría. Xa vexo que vostede, se algún día fora presidenta, que non o vai ser, nunca falaría de orzamento, e parécelle que iso é un rolo técnico do que se teñen que ocupar —vostede di desprezativamente— os conselleiros de Facenda. Un presidente non ten por que falar de como se utilizan 13.000 millóns de euros. Iso son cuestións menores nas que non hai que perder o tempo. Mire, eu vou perder o tempo en todo iso, porque tomo todo isto en serio. *(Aplausos.)* E por iso lle digo, señora Pontón, que seguiremos traballando...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): ...por exemplo, en que todas as axudas sociais o ano que vén terán —anuncieino o outro día, a vostede iso dálle igual— como mínimo o mesmo aumento que tivo a inflación, para que a xente que máis o necesite non perda o poder adquisitivo. Iso permite o músculo de ser a comunidade autónoma onde menos aumentou o endebedamento, mentres noutros sitios moi afíns a vostedes tiñan moitas alegrías. Agora vese a diferenza entre intentar facer as cousas ben e facelas mal.

Mire, mañá mesmo no Consello da Xunta de Galicia imos aprobar outra edición dos bonos Activa Comercio, 17 millóns de euros mobilizados no pequeno comercio, 160.000 persoas que terán 30 euros de desconto, que se engadirán a todos os que poñan eles, para axudar os comerciantes cando máis o necesitan. Así traballa un goberno de verdade....

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): ...sen demagoxias, sen facer todas as cousas que vostede di. *(Aplausos.)*

Remato xa, señor presidente.



Lanzaremos tamén unha nova liña de investimento para traballar cos concellos, para crear 3.400 novas prazas en educación infantil, nada máis e nada menos, esa que permite conciliar as familias, esa que supón un desafogo de 2.000 euros, esa que fai progresar o país.

Mire, máis conciliación significa máis emprego. Xa sei que estes temas lle dan igual. Máis emprego significa unha rede de seguridade máis forte para as familias que máis o necesitan...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): ...e ao final unha comunidade mellor para todos. Nós seguiremos traballando así. Vostedes levan corenta anos enfadados, dicindo que todo está fatal, supoño que botarán como mínimo corenta anos máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos. Retomamos o punto cuarto, que son proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para deseñar un pacto galego pola auga

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 39784).*)

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa debe ser substituída polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Iniciar un proceso de participación, diálogo e debate social e institucional como paso previo á sinatura en 2023 do Pacto galego pola auga.*
- 2. Desenvolver ese proceso ao longo dos vindeiros meses e concluílo no primeiro trimestre de 2023, contando coa participación activa do Goberno galego, os organismos hidrográficos, as entidades locais, as universidades, organismos relacionados co clima e a meteoroloxía, as comunidades de augas e as organizacións sociais e económicas por medio do CES.*
- 3. Contemplan no pacto, cando menos, as seguintes cuestións:*
 - a) Preservación e conservación dos recursos hídricos e da biodiversidade, con especial atención ás zonas húmidas e masas de auga continentais.*



- b) *Estudo das reservas de auga superficiais e subterráneas, así como da súa protección e calidade.*
- c) *Estudo do impacto das actividades económicas e nomeadamente da gandaría intensiva e das plantacións forestais na cantidade e calidade das reservas de auga.*
- d) *Análise territorial dos recursos e dos escenarios de evolución da demanda a medio e longo prazo, tanto para actividades económicas como para o consumo humano. Fixación de prioridades ao respecto.*
- e) *Medidas de planificación e xestión relacionadas coas actividades económicas e co ciclo urbano da auga.*
- f) *Establecemento de medidas orzamentarias para garantir os investimentos necesarios, coa participación dos diferentes niveis da Administración.*
- g) *Pacto local da auga: estrutura tarifaria e criterios sobre os investimentos en infraestruturas hidráulicas.*
- h) *Aplicación dos principios da nova cultura da auga.*
- i) *Recoñecemento pleno das comunidades de auga e fomento do seu funcionamento e mellora.*
- j) *Planificación e xestión en relación co uso eficiente, o aforro e a reutilización dos recursos hídricos.*
- k) *Implantación de diferentes alternativas segundo os territorios e fomento das solucións baseadas na natureza.*
- l) *Fomento do desenvolvemento tecnolóxico para a xestión intelixente e eficiente dos recursos. Fomento do aforro hídrico e enerxético.*
4. *Aprobar o Pacto galego pola auga logo da súa presentación, debate e votación polo Pleno do Parlamento.”)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Bo día.

É unha mágoa que a conselleira de Infraestruturas, responsable da política de augas, non teña a ben asistir a este debate, aínda que sabemos que nos están vendo en Augas de Galicia.

Quixera comezar cunha cita dun experto en bioclimatoloxía, Dominic Royé, que ademais é consultor da Xunta, que dixo recentemente o seguinte: as secas son menos frecuentes na fachada atlántica do Estado, mais tamén afectan dun modo importante como en 2017, como en 2012 e tamén este ano 2022. Zonas como Galiza e a zona cantábrica son moi delicadas, pois non están acostumadas á carencia de chuvia, e isto provoca que non estean tan preparadas como outras para as circunstancias extremas que poden ocorrer.



A conclusión desta análise e doutras que escoitamos nos últimos tempos é que temos un problema moi grave, un problema que vai a máis, que vai ir a máis no futuro polas consecuencias do cambio climático.

E no caso da auga hai que recoñecer que se acabou o tempo da abundancia. Aquí desde logo si que é certo que estamos no tempo da escaseza e que acabou tamén ese mito da Galiza verde, da Galiza húmida, porque temos moitas Galizas, tamén unha Galiza seca, unha Galiza árida. E isto ten distintas causas. Unhas teñen que ver co clima, co cambio climático, co descenso das precipitacións, co aumento da temperatura, e outras teñen que ver tamén coa actividade humana, coa incidencia das políticas sectoriais que teñen na cantidade e na calidade dos recursos hídricos, tanto das augas subterráneas como das superficiais.

A conclusión é que temos un problema que non é conxuntural, que non é un problema puntual deste momento porque choveu menos; é estrutural, e veu para quedar, e só estamos no principio. Só vimos a cara menos mala desta situación. E diante deste grave problema, a resposta da Xunta, e tamén en xeral das demais administracións —hai que recoñecelo—, é unha resposta reactiva, é unha resposta que vai por detrás da realidade, é unha resposta parcial e unilateral, como no caso da lei do sablazo da auga, a Lei do ciclo da auga, que está centrada nunha visión limitada da política hidráulica, reducida ao que é o ciclo urbano da auga, ao abastecemento, subministración e depuración. Ademais, está tamén centrada nunha parte do territorio, e isto parécenos especialmente preocupante porque no Plan hidrolóxico, na planificación hidrolóxica da Xunta de Galiza, só está unha parte do territorio, o 40 % do territorio. (*O señor Bará amosa un documento.*) Hai unha Galiza que non conta na planificación hidrolóxica da Xunta de Galiza, que é toda a provincia de Ourense, gran parte da provincia de Lugo e o sur da provincia de Pontevedra, que non existen no Plan hidrolóxico. (*Aplausos.*) Isto parécenos especialmente grave e preocupante. É unha política, ademais, centrada en botar balóns fóra, en trasladar responsabilidades a outras administracións, e cunha medida estrela, que é subirlles o prezo da auga ás galegas e galegos. Na peor crise de prezos a solución que pon na mesa a Xunta é subirlles o prezo da auga aos galegos e ás galegas.

Fronte a esta visión reduccionista, reactiva, o BNG defende unha visión integral, unha visión preventiva e proactiva, que parte da idea clave de acabar cunha confusión —e parécenos isto moi importante—: a confusión entre seca e escaseza de auga. Isto é —digamos— un principio básico que ten que inspirar toda a política da auga. A seca ten que ver con circunstancias climáticas concretas, coa escaseza de precipitacións, por exemplo, que pode producir episodios concretos de seca. A escaseza de auga ten que ver co desequilibrio entre os recursos que temos e o consumo deses recursos, as necesidades que teñen as distintas actividades humanas. E pode haber zonas que teñan moita chuvia, moitas precipitacións, e que teñan escaseza de auga porque hai ese desequilibrio. Este é un punto de partida fundamental que temos que ter en conta, porque isto nos leva a unha cuestión que é fundamental para entender unha boa política da auga: a de que non é unha política sectorial e que ten que ser unha política integral, transversal, que ten que ver coas políticas ambientais, que ten que ver tamén con todas as políticas sectoriais, ten que ver coa política forestal, coas especies que plantamos e o seu consumo de auga, por exemplo —ese debate hai que dalo—, que ten que ver coa política industrial, coas necesidades de consumo de auga que ten a industria, que ten que ver coa política agrogandeira, coa política de ordenación do te-



territorio, coa política urbanística, con como se constrúe neste país, como se foi construíndo, como se constrúen, por exemplo, grandes equipamentos dispersos no territorio ou grandes superficies comerciais. En fin, con todo iso ten que ver a política da auga. E sobre todo ten que ver coa política da biodiversidade, é dicir, da protección do medio ambiente e dos recursos hídricos, que están constantemente sendo ameazados, atacados, degradados, destruídos por políticas ecocidas promovidas pola Xunta do Partido Popular. E aí están os exemplos en todo o territorio.

E o BNG trae a este Pleno un debate que nos parece necesario, que nos parece estratéxico e que nos parece urxente, que está relacionado coa crise ambiental e co modelo de desenvolvemento. É un debate fundamental para o presente e o futuro do país, que ten que ver co abastecemento humano, que ten que ver coa saúde, que ten que ver coa actividade industrial e que ten que ver coas actividades do sector primario. Diante desta situación, deste problema, propoñemos unha resposta extraordinaria a unha situación excepcional, crítica, e non só para o escenario presente senón para actuar con anticipación, con previsión e con visión de futuro. Por iso propoñemos un grande acordo de país, un gran pacto galego pola auga, que sexa resultado dun gran proceso de participación. Porque vostedes, se actúan con intelixencia, deben darse conta diso; se abandonan a soberbia e a prepotencia — señores do Partido Popular —, deben darse conta de que este asunto require a implicación, a participación de toda a sociedade e de todas as institucións. E por iso propoñemos un proceso de participación no que estea o Goberno galego, no que estean as entidades locais, no que estean os organismos hidrográficos, no que estean os concellos, no que estea, en definitiva, o CES, que é a representación tamén de distintas instancias sociais e económicas do país.

Propoñemos que se faga para todo o territorio galego porque non ten sentido esta imaxe que lles ensinei antes (*O señor Bará amosa de novo o documento anterior.*) e que se planifique a auga só para un 40 % do territorio do país. Non pode ser iso. Propoñemos que se faga con tempo, propoñemos un proceso de traballo de, cando menos, seis meses, para que poidamos ter ese pacto aprobado a mediados do ano 2023. Esta é a oferta que fai o BNG, pero é unha oferta flexible, que estamos dispostos a analizar, a estudar e a cambiar, se é necesario; como tamén aqueles elementos que nós entendemos que son fulcrais, que son centrais, para abordar este pacto, e que paso a detallar.

O primeiro, o punto de partida, é que a cuestión absolutamente fundamental é a conservación, a protección, a preservación dos recursos hídricos, das masas de auga, dos humidais. É absolutamente esencial protexer os recursos hídricos e non se está facendo. E remítome a este estudo que fixo o Ibader (*O señor Bará amosa un novo documento.*) —que debían ler con atención— no ano 2017, que se titula *Conservación e xestión de humidais en Galicia*, que ten un capítulo que se chama «Perdas e alteración da biodiversidade nos humidais galegos». Este estudo di que hai 751 humidais en Galiza —dos 1.131 inventariados— que non teñen ningún tipo de protección, que están ameazados por todo tipo de plantacións forestais e instalacións industriais —nos montes galegos principalmente—; que, dos 29 tipos de humidais galegos —entre eles, as turbeiras e os queirogais atlánticos— 26 están nun estado malo, moi malo ou crítico. É unha chamada de alarma do ano 2017 á que vostedes aínda non lle fixeron caso e que é urxente abordar.



En segundo lugar, temos que ter en conta o impacto das actividades económicas, das actividades humanas, nos recursos hídricos e nas necesidades no territorio —como tamén as expectativas que hai de desenvolvemento de cada unha das partes do país—.

Temos que ter en conta a cuestión do financiamento, que ten que ser un financiamento conxunto e acordado entre as distintas administracións.

Temos que reactivar o Pacto local da auga, que foi anunciado a bombo e prato no ano 2013. Vanse cumprir dez anos e eu creo que xa é tempo de que se lle dea cabo e se aprobe este Pacto local da auga. Son dez anos. En fin, espabilen un pouco, señoras e señores da Xunta do Partido Popular.

Temos que aplicar os principios da nova cultura da auga, pero non de maneira puntual e porque haxa unha declaración de prealerta ou de alerta senón todo o tempo; prestar atención á eficiencia, prestar atención ao aforro no consumo da auga, prestar atención á reutilización das augas, ás augas pluviais. Iso estase facendo en moitas partes do mundo, podemos aprender, podemos aprender tamén das experiencias avanzadas que hai no noso país. Temos que desenvolver unha nova gobernanza da auga. En fin, temos que asumir as competencias totais de todas as bacías hidrográficas do territorio galego.

E remato xa esta primeira intervención dirixíndome á Xunta e ao Partido Popular: exerzan como goberno deste país, de todo o país e non só dunha parte do país, da costa. Actúen con altura de miras e con ambición, non con resignación e non con pasividade. Baixen do palco VIP, que xa acabou o verán. O BNG propón un grande acordo para dar resposta a un gran desafío, o BNG ofrece aquí a man tendida e propostas para un grande acordo de país. E o Partido Popular ten que decidir hoxe se quere acordos baseados no diálogo e na participación ou se sitúa outra vez no lado do non. Vostedes deciden.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Esquecinme antes de comentar que hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

E agora ten a palabra para iso o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, está rematando o verán máis cálido, desde que hai rexistros, en moitas zonas do mundo. E moitas zonas do mundo —entre elas Europa— sufriron tamén, e están aínda a sufrir, secas históricas. Por poñer só algúns exemplos, ríos tan caudalosos como o Yangtzé —China—, o Rin, o Danubio, o Loira e o Po —en Europa—, ou o río Colorado nos Estados Unidos, podíanse cruzar este verán practicamente en chancletas. E Galicia sufriu calor extrema e sofre aínda unha seca moi importante, que ademais tende a cronificarse ao longo do tempo. Pero este vai ser tamén, lamentablemente, con toda probabilidade, o verán máis fresco do resto das nosas vidas, porque hai un gravísimo problema de quentamento global



acelerado que é a maior ameaza para a supervivencia da humanidade desde que hai dez mil anos comezou o actual período climático chamado Holoceno, que suavizou as temperaturas permitindo o desenvolvemento da nosa civilización. A nosa especie floreceu con base en determinadas condicións climáticas que están mudando moito máis rápido do previsto e moito máis intensamente do previsto, e iso ameaza a nosa supervivencia directamente. A pesar do cal, lamentablemente, sabemos que nesta Cámara á miña dereita hai negacionistas climáticos por acción ou por omisión. Porque quen recoñece que hai un problema pero permite que siga empeorando ese problema é un negacionista climático, como o curmán do señor Rajoy.

E o señor Feijóo planea promover en España o *fracking*, que é un atentado ambiental, un disparate para os nosos recursos hídricos e unha ruína económica. E, ademais, non se lle ocorre nada mellor que propoñer que se suspendan tamén os dereitos de emisión de carbono. Señorías, é lamentable que ante a actual crise enerxética, o que propoña o señor Feijóo sexa permitir o *fracking* e aumentar as emisións de CO₂. Non é insolvencia nin mala fe, é unha vergoña e un crime contra a humanidade —e contra España tamén, por certo, se chega a perpetrarse algún día—.

E falo de clima porque a auga depende do clima, que estamos estragando. E sen auga non hai vida, dado que tanto os deputados e deputadas do PSdeG, como os do BNG e do PP estamos compostos maioritariamente de auga. Sendo, por tanto, a auga un factor común e cohesionante, non debería ser nada difícil acadar un acordo sobre a auga neste Parlamento, especialmente se consideramos que Galicia ten unha relación moi especial coa auga. Porque unha característica existencial do noso país é a abundancia tradicional de cursos de auga, de regatos, fontes e ríos, que determinaron a enorme dispersión da nosa poboación desde o Neolítico, na medida en que a existencia dunha fonte de auga era, e segue a ser, condición para permitir a vida de calquera grupo humano. E como, por exemplo, á diferenza de Castela, en cada pequeno val, en cada recuncho de Galicia, había auga, fóronse constituíndo historicamente tantos núcleos de poboación que Galicia conta hoxe coa metade dos de toda España —unha singularidade debida principalmente á auga—.

E por esta razón, en Galicia sempre soubemos bastante de auga, como o reflicte, por exemplo, a existencia aínda hoxe de milleiros de muíños que noutros tempos máis analóxicos foron escenario de todo tipo de intercambios; como o demostra ese estupendo refrán que di que «unha noite no muíño, unha noite non é nada, unha semana enteira iso si que é muíñada» —sabedoría popular que permite deducir ata que punto foron eses muíños puntos neuráxicos para a Galicia tradicional, un país que Cunqueiro chamou «dos mil ríos», aínda que en realidade, se consideramos cada regato, serían máis ben dez mil, un fenomenal patrimonio acuático que habería que coidar e poñer en valor—. Pero, lamentablemente, está formado hoxe por uns ríos agredidos e degradados ata a saciedade, diante da pasividade total e absoluta do goberno do PP en Galicia.

E non falemos das nosas rías, ás que vai parar unha contaminación que vai a máis e non a menos cando xa pasaron vinte e dous anos desde a entrada en vigor da Directiva marco da auga en Europa. E vostedes nin sequera saben o que pasa en rías como a de Ferrol, na que había máis de seiscentos mariscadores hai ben poucos anos e hoxe non chegan a setenta. A



producción marisqueira caeu a plomo mentres o río Xubia contamina sistematicamente esa ría e vostedes miran para outro lado. Ou a de Arousa, a máis importante de Galicia, na que tamén caeu drasticamente a produción marisqueira e vostedes non saben o que pasa, pero hai centos de vertidos cada ano. Ou a de Noia, que ten unha depuradora desbordada que verte a cachón toda a porquería que produce unha vila importante como Noia —a carón, por certo, dunha das zonas marisqueiras máis importantes de Galicia, en plena Rede Natura 2000, e vostedes non fan nada—.

Señorías, pasaron xa vinte e dous anos —como digo— desde a entrada en vigor da Directiva marco europea da auga, que tiña como obxectivo completar o saneamento das nosas augas nos nosos ríos e rías, vinte e dous anos nos que Galicia recibiu inxentes cantidades de fondos europeos para evitar unha contaminación que hoxe non debería existir. Pero en Galicia a contaminación aumenta porque temos un goberno de falsificadores e de defraudadores verdes que, por acción ou por omisión, fan políticas tóxicas.

É esencial o tema dos humidais porque son elementos clave no ciclo da auga, ecosistemas dun enorme valor ecolóxico, que soportan unha importante biodiversidade e contribúen decisivamente á loita contra o cambio climático. Son esenciais para frear inundacións, crean chan, controlan a erosión e filtran e recargan acuíferos. Estímase que os humidais proporcionan un 40 % dos servizos ecosistémicos globais, o que é unha auténtica barbaridade. Ademais, as turbeiras e humidais arborados absorben —e moito— carbono. Calcúlase que só as turbeiras almacenan máis do 25 % do que hai no planeta a pesar de representar soamente o 3 % da súa superficie.

Pero Galicia permite todo tipo de agresións ás nosas zonas húmidas, moitas das cales, ademais, están ameazadas polos novos proxectos eólicos, mentres se permite impunemente o desecamento de humidais pola plantación de eucaliptos —un auténtico ecocidio amparado polo Partido Popular de Galicia en pleno século XXI—.

E a pesar de que o Decreto 127/2008, que desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos de Galicia, obriga a Xunta a crear un inventario galego de humidais, catorce anos despois da entrada en vigor desa norma a Xunta non fixo ese inventario de humidais previsto detalladamente no decreto. Polo tanto, teño que dicir que o Goberno de Galicia prevarica continuamente en materia de auga.

E sendo, como somos, unha comunidade —cada vez menos pero aínda relativamente— rica en auga, hai que ser conscientes de que Galicia é cada vez máis seca, cun 40 % da súa superficie que se atopa degradada e un 12 % en risco de desertización. Son cifras que tenden a medrar ano a ano. Por iso fai máis falla ca nunca implantar unha nova cultura da auga ante un desafío como o cambio climático, que agrava problemas que xa estaban aí, como o despilfarro de auga, redes de transporte e saneamento que perden gran parte da auga que circula por elas, ou actividades intensivas en auga que se autorizan sen ter en conta nin os impactos ambientais nin as perspectivas de evolución dos nosos recursos hídricos. É necesario xestionar a demanda en lugar da oferta, considerar os efectos ecolóxicos de calquera actuación e distinguir entre auga necesaria para vivir, que debe ser gratis, auga de consumo humano pero non necesaria para vivir, que debe ser gravada polo seu custo, e auga de luxo ou de ne-



gocio, que debería ser sobregravada. E a Lei do ciclo integral da auga é unha oportunidade perdida para implantar esa nova cultura da auga. Mentres, vostedes desvían para facer piscinas en Bande fondos europeos, que deberían adicarse a descontaminar o encoro das Cunchas. *(Aplausos.)*

Con base en todo o anterior, e para concluír, presentamos unha emenda de substitución na que conservamos a maioría da do BNG, pero, modestamente, consideramos que melloramos a redacción, coa que estou certo de que Carballo Calero sería crítico. Eliminamos a referencia á asunción das competencias sobre todas as bacías hidrográficas por parte de Galicia, porque en calquera Estado federal ten toda a lóxica do mundo que as cuncas entre distintos territorios sexan xestionadas polo Estado —que, entre outras cousas, as xestiona mellor, moito mellor, a través da Confederación Hidrográfica Miño-Sil do que o fai Augas de Galicia coa demarcación Galicia-Costa—.

Pero en todo caso, e para rematar, estamos abertos a chegar a unha transacción co BNG se o estiman adecuado, porque compartimos a necesidade de acadar un pacto sobre algo tan vital e tan ameazado en Galicia e no mundo como a auga, auga que todos somos e da que todos tan absoluta e vitalmente dependemos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, fronte ao desafío que supón a xestión dos recursos hídricos hai quen busca posibles solucións, como fai, neste caso, o Goberno de Galicia traballando dun modo máis eficaz para xestionar unha realidade que ameaza con converterse en habitual. E hai quen, nun exercicio de oposición mal entendida, só busca poñer atrancos, como é o caso do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego; quizais porque vostedes pensan sempre que, canto peor lle vai a Galicia, mellor lles vai ir a vostedes. Pero levan tempo equivocándose e, posiblemente, seguirán equivocándose.

E digo isto porque o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista hai poucos meses, concretamente o 28 de xuño, non quixeron apoiar unha lei fundamental para a mellora do ciclo integral da auga e tamén para facer fronte á realidade da seca. E agora resulta que queren disimular a mala conciencia, a falta de empatía, e propoñen un pacto galego pola auga. Vostedes, a verdade, nunca suman; é dicir, nunca están nas solucións. Pretenden arranxar a súa falla de compromiso con Galicia falando de pactos con nomes rechamantes pero baleiros de contido.

O pacto galego pola auga tería sido votar a favor da nova lei, na que se recollen e actualizan medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca, na que se inclúen instrumentos para garantir a subministración en cantidades e calidades idóneas á poboación. É unha lei que servirá para axudar os municipios na xestión das redes de saneamento, abastecemento



e depuración, que é, non debemos esquecer nunca, unha competencia cen por cento municipal. É unha norma que ofrece novas ferramentas, instrumentos normativos e apoios técnicos para unha xestión máis eficiente, máis responsable e mellor planificada das infraestruturas hidráulicas e dos recursos da nosa comunidade.

E vostedes, señores do Partido Socialista e señores do Bloque Nacionalista Galego, dixeron «non» neste Parlamento. Dixeron non a unha lei fundamental na xestión deste recurso natural, como é a auga, tan valioso e tan escaso. E agora piden un pacto que antes vostedes mesmos boicotearon neste Parlamento.

A magnitude do problema, a necesidade de tomar medidas urxentes, a importancia dunha estratexia a longo prazo non nos permite estar esperando a que vostedes caian na conta de que se equivocaron, de que é necesario un pacto, de que é necesario sumar, chegar a acordos e colaborar entre todos.

Señorías, a Xunta púxose mans á obra.

Primeiro. A pesar de que non axudaron, Galicia conta xa cunha regulación propia en materia de augas. Nestes últimos anos, levouse a cabo un importante traballo de regulación en materia de augas para dar resposta concreta á problemática e aos intereses da nosa comunidade conformando un corpo legislativo autonómico que vén de completarse coa entrada en vigor o 1 de setembro da Lei de mellora da xestión do ciclo da auga. A nova lei recolle, ademais, os principios do Pacto local da auga, señor Bará, que a Xunta e a Fegamp acordaron no ano 2013 e ao que vostede fixo referencia: blindar os investimentos públicos con criterios obxectivos, garantir a solvencia técnica na xestión, tarifas igualitarias e o aproveitamento das economías de escala.

Segundo. A pesar de vostedes, Galicia conta xa cunha planificación xeral na que contempla a análise da calidade das augas e a planificación de actuacións para mellorar o seu estado. Estou a referirme ao Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, que establece o marco de todas as actuacións e medidas relacionadas coa auga. Ademais desta planificación hidrolóxica, desenvolvéronse distintos plans de saneamento local para abordar este ámbito desde unha perspectiva integral. O *Diario Oficial de Galicia* publicou o pasado día 1 de xullo a aprobación do novo Plan da seca da demarcación Galicia-Costa, que reforza a resposta coordinada ante eventos de escaseza para garantir a subministración da auga á poboación.

Terceiro. A Xunta ten novos apoios. Desde o ano 2019, a Xunta convoca axudas destinadas a concellos e mancomunidades responsables do abastecemento para a redacción de plans de emerxencia ante a situación de seca. Con estas axudas da Xunta, máis dun cento de concellos dispoñen hoxe de plans municipais de emerxencia fronte á seca, corenta e seis deles na demarcación Galicia-Costa, a cunca de responsabilidade autonómica.

Ademais, a Xunta destinou desde o ano 2020 máis de 1,5 millóns de euros á concesión de axudas ás comunidades de usuarios de abastecemento. Estas subvencións teñen como obxectivo a mellora da calidade da auga, do estado das instalacións de captación, potabilización e almacenamento. En Galicia, o 24 % da poboación abastécese a través de comunidades de usuarios ou de pozos particulares.



E en relación co ámbito municipal, recentemente sabiamos que a Xunta axudará con recursos propios e achegará o 80 % do investimento total aos concellos para que auditen as súas redes de saneamento co fin de erradicar filtracións e vertidos, e preservar a calidade da auga. Estímase que, de media, entre o 40 % e o 50 % do caudal que circula polas redes de saneamento procede de infiltracións; e chega a superar nalgunha ocasión o 90 %.

Dígannos vostedes dunha vez, señores do Partido Socialista e señores do Bloque Nacionalista Galego, se vostedes teñen previsto axudar desde os concellos onde gobernan, as deputacións onde gobernan e desde o Goberno de España para financiar obras hidráulicas en pequenos concellos, porque teño que dicir que nestes apoios vostedes están ausentes.

Señorías, o traballo efectuado sempre deu cabida a todos os actores e administracións implicadas, favorecéndose a transparencia e as actuacións para acadar a maior participación pública posible, así como a maior coordinación e acordos entre administracións sen as que moitas veces non é posible avanzar. O Goberno de Galicia traballa para poder seguir avanzando no desenvolvemento das políticas da auga, para conseguir afrontar os retos que supón combater o cambio climático e para alcanzar unha xestión máis competitiva e sostible.

En definitiva, lévase moito tempo traballando para a consecución das cuestións ás que fai referencia esta iniciativa. A normativa existente recolle xa moitos dos aspectos propostos. Moito do que propoñen son, de feito, cuestións reguladas e promovidas pola lexislación existente e que deben ser desenvolvidas. É dicir, o que vostedes piden leva anos facéndose. Quere dicir que o seu pacto chega tarde, pero, ademais de chegar tarde, queda curto.

E o mellor xeito de comprobar se é certa esta oferta de consenso é observar o que fan os concellos onde vostedes gobernan. Os concellos do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego son os mellores exemplos da incapacidade municipal para xestionar a auga. Pontevedra —o seu concello, señor Bará— é a única das sete cidades galegas que non é quen de manter a súa depuradora, igual que Ribadeo, Tomiño, Baiona, Gondomar ou Nigrán, que teñen encomendada a súa xestión a Augas de Galicia porque eles non son capaces de xestionar a súa responsabilidade.

O pacto galego pola auga é que abandonen vostedes a demagoxia, que abandonen o «non polo non» e que colaboren coa Xunta desde as administracións para desenvolver a normativa vixente. O que é necesario agora é que todas as administracións apoiem e colaboren, que tomen un papel activo en protexer un recurso tan importante como é a auga.

Téñolles que dicir que non imos apoiar esta iniciativa. Non imos apoiar esta iniciativa porque o que piden vostedes, en principio, queda curto respecto do que ten a Xunta de Galicia. E o que están pedindo vostedes —que vostedes non se enteraron, e supoño que os galegos e as galegas si, porque así o din eleccións tras eleccións—, moito do que están pedindo, xa se está facendo e supoño que os galegos se van seguir enterando. Nós seguiremos onde estamos e vostedes seguirán onde están porque chegan sempre tarde.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Parece que se intercambian os papeis: o BNG pon o traxe da proposición, ofrece grandes acordos e pactos, e o Partido Popular pon o traxe da oposición dicindo non a eses acordos e a eses pactos. *(Aplausos.)*

E o problema principal é que vostedes non entenderon nada. Eu comprendo que a vostede lle pasaron o relatorio de Augas de Galicia e ten que vir aquí a defender iso, pero vostedes non entenderon nada, nin sequera do que vai este debate. Vostedes están nas políticas do século pasado. Non chegaron ao século XXI en política hidráulica, non se dan conta de que hai que superar ese marco do ciclo urbano da auga, das infraestruturas grises, do abastecemento, saneamento e depuración e que hai que ir moito máis alá. Están a dicilo os organismos internacionais, están a dicir que é a política da nova cultura da auga, que son as políticas máis avanzadas, e son as políticas que defende o BNG. Somos universalistas, somos internacionalistas e procuramos aprender das mellores experiencias do mundo. E ese, precisamente, é o modelo Pontevedra. E alégame que citara Pontevedra. Despois faremos diso.

Vostedes non queren un pacto galego da auga. Esa é a realidade e non queren nin sequera abrir ese debate. Poñen aquí excusas, pero non queren chegar a acordos, non queren que participe toda a sociedade galega, non queren que participen neste debate todas as institucións, posiblemente porque lles sacarían as vergoñas e porque a súa folla de ruta está clara, marcárona precisamente nesa Lei do ciclo urbano da auga, que nós chamamos «a lei do sa-blazo da auga» porque a medida estrela é subirlles a auga aos galegos e galegas na peor crise de prezos en corenta anos. ¡Esa é a realidade! *(Aplausos.)*

E vostedes non teñen ambición de país. Vostedes renuncian a xestionar o conxunto das bacías hidrográficas do país, porque queren unha Galiza en pequeno, unha Galiza en miniatura, medio país. E nós queremos unha Galiza en grande, sen límites. O problema de fondo, señorías do Partido Popular, é que vostedes non exercen de goberno deste país. Vostedes son unha sucursal da dirección do Partido Popular en Madrid. Actúan ao ditado dos intereses do señor Feixóo, que é o presidente de facto, por iso non queren esas competencias. Traballan para el, ademais, como lacaios, e fanlles os informes, por exemplo, para as medidas contra a crise enerxética. Temos aquí ao señor Rueda, que é un presidente circunstancial, que está tutelado e que está teledirixido desde Xénova. Son un goberno sen ansia, un goberno lacazán que está inmerso na súa burbulla e comodamente instalado no seu palco VIP coa súa camarilla. *(Murmurios.)* Por certo, 150.000 euros custou invitar a esa camarilla de amizades do Partido Popular para asistir a un concerto. *(Aplausos.)* ¡Un auténtico escándalo á parte dos 2,5 millóns de euros, de festa en festa, de concerto en concerto, no medio da peor crise de prezos! Son uns irresponsables e uns depredadores de recursos públicos.

Miren, vouldes falar de Pontevedra. Pontevedra é un exemplo en política de auga e dino os datos: *(O señor Bará Torres lelles unha noticia aos membros da Cámara)* «Pontevedra logra reducir ao 8,9 % a auga non rexistrada que se perde». Non hai ningún concello de Galicia —



e eu diría do Estado— que teña estas cifras. Polo tanto, Pontevedra, número un na xestión eficiente dos recursos hídricos. (*Aplausos.*)

Segundo. ¿Sabe vostede por que Pontevedra non xestiona a EDAR dos Praceres? Porque a Xunta do Partido Popular a declarou de especial interese e a xestiona a Xunta como outras 27 depuradoras que hai no país. E ¿sabe por que a declarou de especial interese e lle deu esa categoría tamén na nova lei? Para protexer os intereses de Ence. Esa é a verdadeira razón de que non a xestione a Xunta. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, si, exactamente por iso. Esa é a razón. A realidade é esa e as cifras son claras.

Vostedes non queren entrar, non queren ver a realidade, non queren ver que temos un gravísimo problema e que hai que abordar esta cuestión desde unha perspectiva integral, que temos que protexer os recursos hídricos, que o propio plan hidrolóxico que vostede sacou aquí di que hai arredor de trinta masas de auga que están peor e que empeoraron nos últimos anos. E inventan nos mapas unhas figuras que son «masas de auga que están nun estado mellor» e «masas de augas que están nun estado peor ca bo». Ao estado malo ou pésimo chámalle «peor ca bo». A propaganda vale para todo.

Temos os encoros na situación na que están, contaminados por cianobacterias, temos o desastre ecolóxico-hidrolóxico na Limia, e vostedes non son capaces de executar o 40 % dun plan europeo por incapacidade e por incompetencia cando hai esa situación.

En definitiva, remato xa...

O señor PRESIDENTE: ¿A emenda?

O señor BARÁ TORRES: A emenda non a imos aceptar porque tampouco a aceptaría Carballo Calero. Carballo Calero nunca aceptaría que Galiza renunciase ás competencias plenas en materia hidrolóxica e xestionar todas as bacías hidrográficas. (*Aplausos.*) E, polo tanto, non hai nada máis que dicir.

En conclusión, temos aquí hoxe un BNG en positivo, un BNG construtivo, un BNG a favor de chegar a acordos e un PP en contra, un PP situado na oposición, un PP situado en negativo, negacionista da realidade e negacionista dun grande acordo de país pola auga. Quedan re-tratados. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Votación das proposicións non de lei.

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das proposicións non de lei.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e tres deputados/as máis, sobre a renovación do cargo do director xeral da CRTVG.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Patricia Otero.

Hai unha proposta de transacción que coñecen todos os grupos e que foi feita entre o Grupo Parlamentario Socialista e o Bloque Nacionalista Galego.

Votamos, polo tanto, esta transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante a Comisión Europea en relación coa súa proposta de prohibición total da pesca con arte de fondo nas zonas mariñas sensibles.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, queda rexeitado o texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a recuperación agrogandeira e forestal e contra o despoboamento, así como para a mellora das medidas contra os incendios forestais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, queda rexeitada.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de D^a Marta Nóvoa.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para garantir a viabilidade e a competitividade da industria electrointensiva.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e catorce deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central en relación coa situación que está a atravesar a atención primaria no sistema sanitario.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa do señor Bará.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para deseñar un pacto galego pola auga.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 41; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Retomamos o punto primeiro, que é o debate e votación das propostas de resolución formuladas ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030.

Debate e votación das propostas de resolución formuladas ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030

O señor PRESIDENTE: Rematado o prazo para a presentación das propostas transaccionais no día de onte, continúaase co debate e votación das propostas de resolución formuladas ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 segundo o acordado na Xunta de Portavoces o pasado 6 de setembro.



Ábrese unha rolda de intervención dos grupos parlamentarios para que fixen a súa posición respecto das propostas de resolución dos demais grupos por un tempo de dez minutos por grupo parlamentario, e deseguido someteranse a votación as propostas de resolución, logo da súa ordenación pola Presidencia.

Comezamos, polo tanto, e para isto ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, presidente.

Bo día, señores e señoras deputadas.

Hoxe vou iniciar a miña intervención tal e como remataba onte, recordando que os socialistas presentamos 182 propostas de resolución e que a súa aprobación incidiría directamente na vida das persoas facendo unha Galicia máis atractiva para vivir, con máis oportunidades, con máis e mellor emprego, con máis medidas de conciliación, con políticas de vivenda digna e accesible, mellorando os servizos públicos, construíndo unha Galicia máis verde e máis respectuosa co medio ambiente, baseada na aposta real polo I+D+i, polo aproveitamento do talento no que investimos no noso país, polo apoio aos nosos sectores produtivos, e apostando firmemente por unha Galicia máis cohesionada social e territorialmente, sen que ningún quede atrás e cunha gobernanza exemplar. *(Aplausos.)*

Dentro destas 182 propostas presentadas polo Grupo Socialista, voume centrar fundamentalmente no primeiro eixo —entre outras cousas, porque non vou ter tempo—.

Os socialistas presentamos máis de 30 propostas de resolución que recollen en boa parte as iniciativas presentadas polo noso grupo durante todos estes anos e que foron rexeitadas unha e outra vez polo grupo maioritario da Cámara, polo Partido Popular.

E refírome ao eixo 1, ao eixo que ten o reto demográfico, cun lote de propostas de resolución que seguro que terían eficacia para frear a sangría demográfica que estamos padecendo no noso país e que supuxo que, durante os trece anos de goberno do expresidente Feijóo, Galicia perdese máis de 100.000 habitantes —o que supón perder a mesma poboación que ten hoxe o concello de Ourense, que é o terceiro concello máis poboado da nosa comunidade autónoma—. Ademais, as proxeccións elaboradas polo IGE dinnos que no 2035, é dicir, dentro de trece anos, de seguir así perderemos 165.000 habitantes máis, que é o mesmo que perder o 54 % da poboación total da provincia de Ourense.

E, polo tanto, a situación actual amosa que o gran fracaso das políticas demográficas do Partido Popular é o principal dos fracasos do seu goberno na Xunta de Galicia. O Goberno galego durante estes trece anos ten anunciado a bombo e prato plans, medidas, e incluíron en todos os plans estratéxicos aprobados o reto demográfico como un dos eixos principais; iso si, tardaron doce anos en aprobar unha lei de impulso demográfico. E resulta que con todos estes anuncios, con todos estes programas e con esta lei os resultados cada vez son peores, cando sabemos que, ademais, as mulleres de Galicia, cando se lles pregunta, manifestan maioritariamente que queren ser nais pero que as condicións socioeconómicas en Galicia supoñen un freo para



poder cumprir este desexo; sendo, ademais, isto pouco atractivo para que outras mulleres de fóra de Galicia poidan querer ou optar por Galicia para desenvolver o seu proxecto vital.

Os datos do IGE dinnos que hoxe temos un promedio de 1 fillo por muller —datos de 2021— e que a idade media de maternidade en Galicia está nos 33,21 anos; é dicir, que temos 163,6 maiores de 64 anos por cada 100 menores de 20. Polo tanto, no ano 2015, cando a Xunta de Galicia ou o Parlamento galego aprobou cos votos favorables dos deputados e deputadas do Partido Popular o Plan estratéxico 2015-2020, pois resulta que tiñamos un promedio de 1,10 fillos por muller. O reto que establecían nese Plan estratéxico era acadar a media, o promedio da Unión Europea, que está en 1,59 fillos por muller. E resulta que, unha vez rematado este Plan estratéxico, o que temos é que pasamos de 1,10 a 1 fillo por muller e que a idade media de maternidade por muller pasou de 32,5 a 32,8 anos en 2020.

Os socialistas somos conscientes de que non é un problema doado de solucionar, de que partimos dunha poboación moi envellecida, pero para fixar poboación e atraer poboación hai que aplicarse e non só elaborar plans de actuación, senón que hai que aplicar recursos e, fundamentalmente, executar eses plans e executar esas medidas. *(Aplausos.)*

Os socialistas non nos cansamos de repetir que a mellor política demográfica é fomentar o emprego de calidade, o acceso á vivenda asequible; medidas de conciliación e servizos públicos de calidade e preto da cidadanía. Por iso, nós presentamos máis de trinta medidas neste primeiro eixo que englobarían plans de actuacións contra o desemprego, acordado con todos os axentes sociais, económicos e coas administracións locais, que contemplan un plan de choque de emprego xuvenil, un plan de choque para diminuír a fenda salarial, programas de reincorporación e reorientación ao mercado de traballo de parados e paradas de longa duración, programas de promoción para o autoemprego e medidas de apoio á I+D+i; implantar pactos de estabilidade; recuperar os pactos territoriais de emprego; asumir e establecer servizos de madrugadores como servizos educativos complementarios e asumidos pola comunidade autónoma; establecer unha renda básica autonómica para garantir a emancipación da xuventude; ampliar os beneficios da Tarxeta Xente Nova ao conxunto da mocidade galega ata os 30 anos; rebaixar as taxas universitarias para segundas e terceiras matrículas; integrar a educación de 0 a 3 anos no sistema educativo público; complementar o Bono Alugueiro, achegando unha partida orzamentaria idéntica á que achega o Goberno do Estado; implementar un plan estratéxico para o acceso á vivenda da mocidade; elaborar un plan consensuado que incentive a posta en alugueiro da vivenda baleira existente na nosa comunidade; ampliar substancialmente o parque público de vivenda existente; elaborar e executar un plan para erradicar a infravivenda e o chabolismo, un plan de rehabilitación e mellora de vivenda; melloras no sistema sanitario que pasen pola estabilización dos profesionais, a mellora das necesidades dos centros de saúde, establecer e implementar un verdadeiro servizo de saúde mental, desenvolver un plan galego contra o suicidio e elaborar un plan de saúde integral da muller; entre melloras educativas que xa non enumero porque o tempo xa sei que é pouco. Estas medidas impactarían, seguramente e positivamente, na consecución deste fin e deste reto para frear a sangría demográfica que estamos a padecer.

Das 182 propostas de resolución que presentamos os socialistas, pois é verdade que o Partido Popular, ou a Xunta de Goberno neste caso, aprobounos 6, que, na súa meirande parte, xa foron



aprobadas; é simplemente asumir que realmente, nese sentido, nada teñen feito, absolutamente nada. E despois propuxéronnos un total de 89 propostas de transacción. Se tomamos unhas e outras, poderíamos falar dunha porcentaxe aceptable, falaríamos do 52 %, pero os socialistas só permitimos que se incorporara o 14 %. E só permitimos que se incorporara o 14 % porque o Partido Popular o que pretende é poñer «seguir facendo», cando nada teñen feito; desvirtuar o sentido das nosas propostas, eliminar a parte onde poñen «recursos» e responsabilizar o Estado ou os concellos das súas incompetencias. Vou poñer varios exemplos.

Por exemplo, na proposta de resolución número 46. A nosa proposta literalmente di: «Planificar a conservación dos nosos recursos hídricos, anticipando a adaptación ao seu progresivo declive, de acordo coas previsións de aumento dos períodos de seca e cambios no réxime de precipitacións». A proposta de transacción que nos presenta a Xunta de Galicia e o Partido Popular é: «Definición dun mecanismo de supervisión e control sobre as administracións locais en materia de xestión dos recursos hídricos que permita garantir unha xestión adecuada en todos os concellos», *fin de la cita*. Francamente, parece unha tomadura de pelo, unha tomadura de pelo!

Pois miren, outro dos exemplos: na número 53, pedímoslle incrementar o orzamento en I+D+i ata acadar o 3 % do PIB entre investimento público e privado en 2030, en concordancia co Pacto pola ciencia e a innovación, elaborado polo Goberno de España. E o que nos propón a Xunta de Galicia é «fomentar unha senda de crecemento sostible no investimento por parte das administracións públicas, incentivando, ademais, unha maior participación da iniciativa privada», *fin de la cita*.

En definitiva, señoras e señores do Partido Popular, Goberno e deputados, vostedes hoxe aquí terán a súa misión cumprida e terán o seu minuto de gloria. Sairán en todos os medios, fundamentalmente nos medios públicos galegos —eses que vostedes empregan como plataforma de publicidade e propaganda—, anunciando que unha vez máis a Xunta de Galicia aproba un plan estratéxico que consta de 5 eixos e 22 prioridades de actuación.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa, señora presidenta.

O problema, señores e señoras do Partido Popular e do Goberno galego, é que vostedes se dedican a elaborar documentos —como lles dicía antes, con moita publicidade e propaganda— que —como dicía o señor Puy o outro día en Comisión— pesan moito, pero o problema está en que vostedes non executan as medidas que contemplan neses documentos, por moito que pesen.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: E se non as executan —si, remato xa, señora presidenta—, por moito que escriban, por moito que poñan e por moito que aproben, non haberá un pacto real sobre a sociedade e sobre a cidadanía galega. E, polo tanto, non van ter cumprimento con eses obxectivos...



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...tal como pasou cos anteriores plans estratéxicos.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

(*Aplausos.*)

Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra don Daniel Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Señora presidenta.

Bos días a todos e a todas.

A solitaria posta en escena de onte por parte do señor Corgos e do señor Pedro Puy evidencia que para o Partido Popular o documento que volvemos debater hoxe é un auténtico óso de polo atravesado na gorxa; (*Aplausos.*) un óso que lles está custando tragar. (*Aplausos.*) Pero diso xa se deron conta hai tempo, probablemente durante a súa preparación, cando chegou a pandemia. O conselleiro indicaba onte que o plan tivo dúas fases, e que a primeira se vira interrompida pola pandemia. A pandemia, polo tanto, provocou que tivesen que parar — nas súas propias palabras — «á espera de calibrar o impacto da covid», e por iso decidiron prorrogar o plan estratéxico anterior por un ano.

Dá a sensación de que o Goberno galego calibrou mal a posíbel duración, neste caso, dos efectos da pandemia, o que, á súa vez, explicaría a súa falta de reacción para adoptar medidas orientadas a aliviar os sectores máis afectados. Porque se tratou dunha epidemia que tivo de maneira innegábel un forte impacto sanitario, económico e social. Pero, claro, de terse en conta ese impacto na necesaria diagnose que exige un plan estratéxico que pretenda selo realmente, íase chafar o relato idílico co que presentaban o plan na páxina da Xunta. Xa o lín onte, pero vouno volver ler porque...: «Hoxe Galiza crece máis e mellor e avanza máis que o seu contorno». ¡Mentira!

É obvio que esa parada técnica á que facía referencia o conselleiro non foi para introducir na diagnose os efectos da pandemia, foi para esperar a que arreciase o temporal e poder continuar vendendo que todo é xenial no noso país. E por iso pecharon os ollos ante o Informe do Consello Económico e Social, que na súa memoria do ano 2020 xa alertaba do forte impacto que ía ter a covid na economía e na desigualdade social. E non foi só o CES, porque nesta Cámara foron moitas as iniciativas deste grupo parlamentario —pero tamén do PSOE— que alertaban sobre o aumento da pobreza e da necesidade de que a Xunta actuase de maneira inmediata e contundente. Pero o PP e o Goberno galego fixeron caso omiso, e a evidencia atópase en que ese impacto non aparece recollido na diagnose, e continuaron cara a adiante, *a lo loco*. Porque ese plan xogaba un papel moi importante na súa



estratexia, pero non na estratexia política do Goberno galego, senón na estratexia electoral do Partido Popular.

Pero hete aquí que cando parece que empeza a remitir a crise económica provocada pola pandemia e se iniciaba a recuperación, enlazamos xa directamente co fenómeno inflacionista, que xa a comezos deste mesmo ano, o 2022, era patente; unha subida desbocada dos prezos que afectou sobre todo os que menos teñen. E o peor é que o panorama non ten moita pinta de mellorar.

Xa en xullo, cando presentou o señor Corgos o Plan estratéxico no Parlamento, alertamos do perigo certo de que Europa entrase en recesión. E algo deberían cheirar vostedes porque frearon a aprobación do plan até despois do verán, tres meses despois da súa presentación. Pero a esas alturas xa estaban vostedes lanzados cun expresidente ausente, sempre presente, e un novo presidente absolutamente inoperante que precisaba de promoción de xeito urxente e perentorio. Polo que tampouco fixeron caso do informe da enquisa de condicións de vida do ano 2021 do Instituto Nacional de Estatística, publicado en agosto deste ano, no que se indicaba que un de cada catro galegos —case 700.000 persoas— están en risco de pobreza ou exclusión social no noso país, das que 167.000 se atopan en situación de carencia material e social severa, duplicando, ademais, a porcentaxe en relación ao ano 2020. E isto tamén vou volver repetilo: atoparse en situación de carencia material e social severa supón non poder mercar cando me apetece carne, polo ou peixe, ou non poder ter prendido o calefactor cando teño frío. E isto é moi duro.

Ese informe tamén indica que 70.000 persoas en Galiza viven dunha pensión social, sexa a risga ou o ingreso mínimo vital, co agravante de que nos tres últimos meses este número aumentou en 4.000 persoas. Nada disto aparece na diagnose do Plan estratéxico, do que hoxe nos piden que votemos a favor. E o problema é que xa coñecían todos estes datos, pero nese momento xa lles daba igual que se declarase a terceira guerra mundial —que, falar, falouse no momento—. Tiñan decidido tirar cara a adiante. Calquera goberno responsable tivera parado para ter en conta todos estes factores. Pero para o PP esta non era unha opción dende a súa óptica partidista e electoral, aínda sabendo xa en xullo que o Plan estratéxico nin era plan nin era estratéxico.

Para explicar isto dunha maneira gráfica vénme á cabeza unha imaxe con varios membros do Grupo Parlamentario do PP e do Goberno galego, todos apertados dentro dun coche que avanza de noite pola carretera *a toda leche*. A banda sonora, loxicamente, sería unha canción de dos Ilegais, que sería «*soy un macarra, soy un hortera*». Obviamente, nin o señor Puy nin o señor Corgos son uns horteras —máis ben todo o contrario—, (*Risos.*) (*Murmurios.*) pero non me negará, señor Puy, que a actitude do Goberno galego seguindo adiante coa tramitación deste plan, obviando todos estes indicadores que condicionan radicalmente calquera previsión a curto e medio prazo, ten un punto de macarra. (*Murmurios.*) Pero estou pensando que, ao mellor, na bancada popular non coñecen os Ilegais, porque nos concertos deste grupo non soe haber palcos VIP.

Pero aínda hai máis. Tampouco se analiza en profundidade o devalo demográfico. Todos coincidimos en que hai que revertelo, pero estaría ben analizar a razón de por que no período do



ano 2001 ao 2021 —último medible con datos do INE— no resto do Estado a poboación medrou un 13,2 %, mentres que no noso se reduciu no 1,3 %, e tamén por que, aínda que as provincias atlánticas aumentaron a súa poboación, Ourense, neste período, perdeu 39.400 persoas e Lugo 38.112 habitantes, mentres provincias da chamada «España vaciada», como Palencia, Zamora ou Teruel, perderon menos poboación nese período. Algo difícil de entender. ¿Por que zonas do noso país sofren unha sangría demográfica dende hai vinte anos, cando temos unha situación estratéxica e contamos con potencialidades dende o punto de vista económico e comercial? Pois a explicación, ao mellor, atopámola nas políticas centralistas dun goberno do PP que están achicando o noso país. E isto non o di só o BNG, (*Aplausos.*) isto tamén o din os informes dos CES, aos que me refería antes, e as enquisas de condicións de vida.

Tampouco se fai moita referencia neste documento, na análise de situación, á taxa de actividade, indicador clave para valorar o dinamismo económico, pois mide a porcentaxe de poboación en idade de traballar —que, efectivamente, está traballando—. Non se fai referencia porque, aínda que subiu lixeiramente o último ano, Galiza leva arrastrando anos unha das peores taxas de actividade de todo o Estado español, segundo o Informe de conxuntura económica elaborado este ano polo Foro Económico da Galiza —e non é que o digamos nós sós, ¡eh!—. Temos a taxa máis baixa, só por diante de Asturias.

Tampouco se recoñece no documento a crise industrial que sufrimos e que o peso da industria na nosa economía é máis baixo que nos países da contorna. Insisto, un 20 %, fronte ao noso 15 %.

Estamos a sufrir a escalada de prezos máis brutal en corenta anos, cunha inflación desbocada, que se ben diminúe lixeiramente en relación ao mes anterior, é no mes de agosto do 11 %, e atópase medio punto por riba da do Estado dende hai meses. ¿Isto non é suficiente para, cando menos, parar motores e darlle unha repensada a todo este tema do Plan estratéxico? Fixérono pola pandemia, segundo dixo o propio conselleiro, aínda que despois non tivesen en conta os seus efectos. Pero é que a inflación galega, máis alta que a do Estado, conxugada co feito de que temos dende hai anos os salarios e as pensións máis baixas e que os índices de pobreza son tremendos —700.000 galegas e galegos están en risco de exclusión social—, pode desatar unha tormenta perfecta no noso país, que máis unha vez vai afectar os de sempre: as clases máis populares e os que menos teñen.

En Europa están a falar de recesión. Macron falaba da fin da abundancia e o primeiro ministro belga de cinco ou dez invernos duros. Pois vostedes, como quen oe chover: a piques de aprobar un plan que debe de servir de guía para a acción da Xunta a oito anos vista, para acadar uns obxectivos predefinidos, que non ten en conta todas estas cuestións; que non ten en conta, polo tanto, a realidade económica e social do noso país. E isto constitúe unha irresponsabilidade. ¿Que credibilidade vai ter un pretendido plan estratéxico que non considere todos estes factores como determinantes para acadar os obxectivos predefinidos? Decía o señor Corgos que a estimación da evolución dos indicadores macroeconómicos se fixo a dez anos e que era ambiciosa. Eu discrepo, é temeraria.

E convén recordar que á actual situación chegamos pola actuación dos diferentes departamentos da Xunta de Galiza, enmarcada, precisamente, en plans anteriores. Con este será o



terceiro plan estratéxico, e os obxectivos acadados polos anteriores son moi discutibles. No tema, por exemplo, de vivenda, no Plan estratéxico 2015-2020 véñense sinalando a baixa eficacia dos resultados dos programas de vivenda. Nos obxectivos fixados neses plans anteriores no relativo á asistencia sanitaria, hai que mirar soamente para os nosos hospitais e para a situación da atención primaria. Igual pasa na educación. A comunidade educativa, dende logo, non sae á rúa por gusto, sae por dignidade e porque está farta de recortes. Quere unha educación pública digna e de calidade; (*Aplausos.*) polo que non se cumpriron os obxectivos marcados nos plans anteriores. E nada fai prever, á vista de todo o exposto, que este o poida facer.

Non contén, dende logo, con nós para enganar o pobo galego. Foron as liñas guía contidas neses plans anteriores as que marcaron a actuación das iniciativas do Goberno galego dende 2009. Iso é así. ¿Sabe canto mobilizaron de orzamento dende o ano 2009? Seguro que o sabe, pero vouno dicir: 123.000 millóns de euros neses trece anos de goberno do PP; ¡123.000 millóns de euros! Foi a xestión do Goberno de Feijóo e agora a inoperancia do Goberno do señor Rueda a que nos trouxo á situación actual, cunha inflación por riba da española, cuns salarios e cunhas pensións das máis baixas do Estado, cunha atención primaria ao bordo do colapso, cunha educación pública en deterioración constante e tamén cun aumento da pobreza sen precedentes no noso país. Xestión que, polo tanto, pode resumirse nunha marabillosa operación de márketing, para trece anos despois estar no punto de partida, ou peor.

Este plan é un exemplo máis da rutina na que está instalado o Goberno Popular, máis preocupado de impulsar a carreira presidencial do señor Feijóo en Madrid que de buscar solucións aos graves problemas socioeconómicos que afrontan os galegos. Nós, o BNG, só nos debemos ao pobo galego; estamos aquí para intentar mellorar as súas condicións de vida, as de todos e as todas, non as duns poucos, e para defender os intereses da Galiza. E, precisamente, as nosas propostas van nesa dirección. Pero non contén con nós para intervir nesta farsa.

Votaremos en consecuencia a todo o que acabo de dicir as propostas dos grupos desta Cámara.

Nada máis pola miña parte. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez López.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Xa lle dixen desde o escano que deberíamos todos coidar un pouco a linguaxe. A min, que un dechado de elegancia como o señor Pérez me diga que non son un hortera, dáme un pouco de ánimo, porque eu tampouco coído moito a elegancia.

Ben, dito isto. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, estou dicindo que vostede dixo que eu non era un hortera e, polo tanto, doulle as grazas, pero que non quedo tranquilo, porque, precisamente, non me ten vostede pinta de ser o máis elegante da Cámara. Nada máis. Se quere, explícollo outra vez, a ver se o entende. (*Aplausos.*)



Mire, non sei se se deu conta de que dixo ao mesmo tempo que o trouxemos de présa, que non demos tempo para facer transaccións, que enfriamos o debate e que, ademais, hai que adialo. E, total, para votar que non. En fin, polo menos, aclárense en se o Goberno o trouxo de présa, se o trouxo despacio, se enfriou o debate ou en se, pola contra, hai que parar, debater e seguir debatendo, para, ao final, rematar votando que non.

En fin, eu creo que vostedes, no fondo, queren parar o debate para ler as 1.000 páxinas do informe que está aí, (*O señor Puy Fraga fai un aceno co dedo en dirección ao escano.*) enriba do escano todo o pleno, para que vexan o volume, porque, despois de escoitalo a vostede, parece que non leu nin a diagnose —desde logo, a diagnose non a leu— da converxencia que hai nin, por exemplo, as medidas propostas en materia industrial —diagnose, por certo, en materia industrial—. Sabe que a produción industrial en Galicia está por riba da media de España —que tamén está na diagnose—. Vostede eu creo que quería tempo realmente para lelo. Pero, en fin, cada un afronta os debates como quere. Eu afróntoo recordando o de onte, onde o deixamos onte.

Onte dixen que deixáramos presentadas varias propostas de resolución: 41 emendas ás 36 propostas de resolución do Bloque, sobre 25 delas; rexeitadas todas, nin unha soa contraoferta por parte do Bloque. Os do «non», corenta anos despois da súa fundación, recuperan o non. Nin unha proposta contra a proposta de transacción, por parte do Bloque. Cero aceptadas, cero contraofertas, ningún acordo posible co Bloque.

O Partido Socialista: 182 propostas de resolución. Aceptamos 6 directamente. Intentamos consensuar as restantes 89; é dicir, máis da metade. O Partido Socialista aceptou 13. Fixo unha contraproposta, que nós tamén aceptamos, e 14 transaccións. É dicir, rexeitaron o 85 % das transaccións e aproximacións que fixeramos como grupo.

Eu agradézollo porque creo que con estas transaccións se mellora o Plan estratéxico en materias como a prevención contra o suicidio, o stock estratéxico de material de protección sanitaria, a educación para a saúde, a mobilidade sustentable, a intermobilidad e conexión do país, a mellora da xestión das subvencións para a implantación da recollida de biorresiduos e tamén o investimento en I+D por parte das administracións, a RIS3, o turismo e outras cuestións que creo que son importantes. Eu agradézolle que fixeran un pequeno esforzo, porque creo que o esforzo podería ter sido moito maior.

Creo que non había ningún problema para transaccionar sobre o sector comercial, para fomentar a ordenación, xestión e aproveitamento dos montes galegos, o turismo termal —xa que chegamos a un acordo sobre o tema do turismo—, ou, por exemplo, para chegar a un acordo sobre o gasto no SAF dos concellos, na liña do que xa está pactado na propia Federación Galega de Municipios e Provincias.

Eu considero que é unha mágoa que todo isto non fose aceptado. Tamén considero unha mágoa que a actitude do Bloque sexa directamente dicir que non e non facer nin unha soa contraoferta, pero o resultado deste debate que imos votar despois a min lévame a facer tres reflexións.



A primeira é en relación cos motivos que nos levaron a rexeitar, a non facer transaccións ou a non aceptar directamente as propostas que vostedes fixeron. Hai unha primeira razón que é bastante evidente e que xa está recollida no plan. Por exemplo, o Plan de loita contra o desemprego xuvenil —falo do PSOE—, o Plan de erradicación de infravivenda e chabolismo, o Plan do saneamento das rías ou garantir prazas para o alumnado con necesidades especiais está todo contemplado no plan.

E do Bloque, por exemplo, elaborar unha lei que regule a asistencia persoal e garanta e promova o dereito a unha vida independente das persoas con discapacidade, obxectivo estratéxico 424 —parece que vostede non o leu, por iso llo dou— e crear un centro para almacenamento enerxético en I+D+i e almacenamento da enerxía, obxectivo estratéxico 211, xa están, e, polo tanto, non se incluíron.

Un segundo motivo foi que non teñen nada que ver co que é un plan estratéxico. Por exemplo, desdobrar unha estrada sen poñer cal é o resultado esperado, nin cal é a necesidade, non encaixa nun plan estratéxico. Estas son as propostas do PSOE 78 e 79.

E, dentro deste motivo máis técnico, hai algunhas que quedan no ámbito competencial da Xunta; polo tanto, é difícil incluílas. Por exemplo, en relación cun informe pola Valedora sobre os abusos a menores por parte da Igrexa católica —do PSOE—, eu creo que simplemente con anunciálo xa se ve que iso non ten que ver coa planificación estratéxica en Galicia. Ou, por exemplo, tamén crear un rexistro de familias monoparentais, que era outra proposta que nos facían, xa está previsto por lei. Ou tamén o Bloque, por exemplo, cando nos di que fagamos un plan de mobilidade baseado nos principios do Plan Ágora de Pontevedra. É dicir, que eles mesmos están recoñecendo que algunhas das súas propostas —ademais de publicitar o que presuntamente fan ben na provincia de Pontevedra— son unha competencia municipal ou local.

O terceiro motivo, que é moi ilustrativo e o máis importante desde o punto de vista político, é que deixa ver cales son as prioridades estratéxicas partidarias de cada unha das forzas da oposición. E iso tamén leva a que rexeitemos moitas das propostas.

Onte xa avancei que o Bloque quere converter o Plan estratéxico de Galicia no Plan estratéxico do nacionalismo galego, e diso non é exactamente do que estamos a falar aquí. Nin cando se fala de consenso se trata de asumir incondicionalmente as posicións ideolóxicas do Bloque Nacionalista Galego, sobre todo cando non teñen o respaldo do país.

Vostedes pedíronnos derrogar o artigo 135 da Constitución —evidentemente, fóra das nosas competencias—, acadar un novo status político para Galicia, mudar as políticas de normalización lingüística, facer unha auditoría da débeda pública, facer unha reforma fiscal e cambiar un sistema de financiamento para incorporar un mecanismo tipo cupo coa transferencia do imposto de sociedades. En fin, todas estas cuestións eu comprendo que o Bloque as defenda, o que pasa é que temos non só problemas competenciais, senón tamén ideolóxicos e, ademais, prácticos. Porque do cupo os seus expertos dixeron na comisión que sería un desastre transferir o imposto de sociedades para Galicia. Pero, ben, vostedes, que teñen os pés no chan, non escoitan nin os seus propios expertos, o cal non deixa de ser chamativo.



Polo que respecta ao PSOE tamén rexeitamos moitas, ou algunha, porque basicamente o que están é a defender o Goberno de España. Por exemplo, o orzamento de I+D+i, que en Galicia aparece vencellado a variables obxectivas como o PIB, etc., vostedes o queren vincular ao plan elaborado polo Goberno de España. Respecto de reducir os abonos de viaxe como complemento ás rebaixas puntuais que acaba de facer o Goberno, hai un plan de transporte, hai un plan de subvencións ao transporte e promoción, pero, evidentemente, non depende a postura estratéxica de Galicia dunha medida conxuntural do Goberno de España vixente.

E particularmente o PSOE rexeitou moitas porque as vencellaban a cousas que si afectan o Goberno de España, por exemplo o Pacto pola industria e os fondos Next Generation, que se reparten con cogobernanza. Vostedes rexeitaron esa proposta de transacción. Tamén rexeitaron a transacción do Pacto por Ferrol. Solicitar ao Goberno de España a dotación de fondos europeos para as iniciativas como Altri tamén foi rexeitada polo Grupo Socialista. Ou, por exemplo, crear un plan estatal contra a exclusión financeira, que tamén é unha competencia estatal, tamén foi rexeitada polo Partido Socialista.

En definitiva, esta é a primeira reflexión. Fixemos todo o que puidemos. Presentamos moitas transaccións, foron rexeitadas e non fixemos máis porque eran basicamente ideolóxicas ou fóra de contexto do que é a planificación estratéxica.

A segunda reflexión. A segunda reflexión é que no ano 2016, cando fixemos un plan estratéxico, de 120 propostas de transacción, o PSOE só aceptou daquela 36, unha cuarta parte, e hoxe só aceptou o 12 %. O BNG, de 28 propostas de transacción, daquela aceptou 7; hoxe, de 25, non acepta ningunha. Vostedes saberán os motivos. A maioría é a mesma, o portavoz é o mesmo, a predisposición para o diálogo é a mesma e o número de transaccións que lle propuxemos é basicamente o mesmo; sen embargo, hoxe vostedes decidiron facer menos diálogo, facer unha oposición frontal por parte do principal partido da oposición e antepoñer a ideoloxía a chegar a acordos polo ben de Galicia. Máis grave, certamente, é o do principal grupo da oposición, que antepón os seus principios ideolóxicos máximos ao que pensa a maioría do país. Sempre que o Bloque nos ofrece ir da man, o que está pensando é en coller polo cabestro a maioría do país para que vaia detrás, e iso non é nin consensuar, nin pactar, nin facer un acordo de país. *(Aplausos.)*

Entón, como primeira reflexión, o que hai que dicir é que a realidade é que hai un plan estratéxico serio e, en fronte, non hai unha única alternativa de plan estratéxico serio, salvo que o Partido Socialista queira o cupo e que de repente tamén se apunte a reformar a Constitución ou a todo o que acabo de dicir. Non hai un plan de país alternativo minimamente viable por parte dos dous grupos da oposición.

E paso á terceira reflexión. Eu sigo pensando que este debate foi moi útil, primeiro porque deixa estar a cada un onde... Os datos creo que son significativos do intento de chegar a acordos, pero sobre todo é útil porque fixemos algunhas incorporacións, e estou seguro de que a Xunta algunhas das cousas que non foi posible pactar as vai utilizar, porque a aprobación final do plan vai ser por parte da Xunta. Polo tanto, estou seguro de que, dalgunha das cousas que vostedes non quixeron pactar con nós, o Goberno tomou boa nota e que as incluírá no plan. Co cal, temos unha boa noticia para o país: temos un terceiro plan, máis necesario



sobre todo pola conxuntura na que estamos, unha conxuntura difícil; é un instrumento que aporta transparencia, acción pública, que incrementa cultura de obxectivos a longo prazo, de administración, e que, evidentemente, é coherente, ambicioso e realista. E incluso os que, coma vostedes, hoxe o critican, saben que é necesario e que está coordinado coas políticas europeas de transformación dixital, ecolóxica, de benestar e de competitividade; polo tanto, que é necesario.

Eu por iso quero rematar felicitando o Goberno polo traballo feito, polo traballo ben feito que fixo co Plan estratéxico, que é un traballo excelente para Galicia e que hoxe con este debate seguro que sae enriquecido.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Votación das propostas de resolución formuladas ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030

O señor PRESIDENTE: Procedemos, polo tanto, á votación das propostas de resolución formuladas ao Plan estratéxico de Galicia.

En primeiro lugar, comezamos votando, de forma conxunta, as catorce propostas de resolución transaccionadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia e dos Socialistas de Galicia, en concreto son as números 26, 28, 29, 35, 41, 50, 54, 57, 60, 80, 81, 111, 154 e 177.

Votación das propostas de resolución formuladas ao Plan estratéxico de Galicia, transaccionadas entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. dos Socialistas de Galicia, números 26, 28, 29, 35, 41, 50, 54, 57, 60, 80, 81, 111, 154 e 177.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 56; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, en concreto, en primeiro lugar, a número 32.

Votación da proposta de resolución número 32, do G. P. dos Socialistas de Galicia, ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 59.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.



O señor PRESIDENTE: Votamos as números 49, 82, 86, 91, 95 e 141.

Votación das propostas de resolución números 49, 82, 86, 91, 95 e 141, do G. P. dos Socialistas de Galicia, ao Plan estratéxico de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

O señor PRESIDENTE: E agora o resto das propostas do Grupo Parlamentario Socialista. ¿Non teño que delas, non? (*Negación.*)

Votación das propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, agás as xa votadas anteriormente.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, en concreto as números 27, 35 e 36.

Votación das propostas de resolución números 27, 35 e 36, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 55.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

O señor PRESIDENTE: E votamos o resto das propostas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, agás as xa votadas (números 27, 35 e 36).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.



O señor PRESIDENTE: Por último, votamos as propostas do Grupo Parlamentario Popular. Comezamos votando a proposta número 1.

Votación da proposta de resolución número 1, do G. P. Popular de Galicia, ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposta número 2.

Votación da proposta de resolución número 2, do G. P. Popular de Galicia, ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; votos en contra, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a proposta número 3.

Votación da proposta de resolución número 3, do G. P. Popular de Galicia, ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións das propostas de resolución e continuamos coa orde do día.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Neste caso, hai unha alteración da orde do día. Debates agora unha interpelación.

(Pausa polo atraso da chegada do señor conselleiro de Sanidade.)

O señor PRESIDENTE: Bueno, pois continuamos.



Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o plan extraordinario de contratación de persoal sanitario nos meses de verán

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Alégrome de que non fora nada máis que unha cousa de horarios, que lle pasa a calquera. Non hai problema.

Señor conselleiro, bo día.

Temos unha interpelación hoxe que pretende dous obxectivos basicamente. Un é recalcar unha idea que nós consideramos importante, que é a necesaria mellora da dotación e das condicións laborais do persoal —igual é un tema novo, pero nós somos moi innovadores neste campo; levamos trece anos sendo innovadores—. E outro é falar dunha cuestión moi específica no verán, que é o aproveitamento —que non o estamos vendo en ningún verán, e tampouco se deu neste— de facer plans específicos para mellorar algunhas cuestións no eido hospitalario como consultas e cirurxías, que non entendemos por que non se fan e que-remos sabelo para facer tamén algunhas propostas que consideramos de mellora.

Somos conscientes —isto é certo— de que non son bos tempos para a Consellería, as cousas son como son. A verdade é que non son bos, por non dicir que son un pouco malos. Cabe lembrar que non hai moito a dirección xeral que ía reformar a atención primaria —a gran proposta estratéxica da Consellería— nun ano xa a cambiaron; xa cesaron a quen estaba para movelo para outro sitio. O Sergas leva tres xerentes en dous anos. Vostede dirame: é que non importan as caras, senón a orientación das políticas. E é unha boa idea, se non fora porque, entón, vén a pregunta de por que os cesaron. Pero é que constantemente andan cambiando a cúpula da Consellería, movéndoas; debe ser que non lle encaixan as pezas. Algún non se move nunca, pero outros móvense moito. Debe ser que non atopan a formulación. Igual, en realidade, é —e aí podemos coincidir— que non é unha cuestión de persoas —todas elas no plano persoal, dende logo, cordiais, afables no trato e, ademais, con boa vontade, sen dúbida— pero, dende logo, son as políticas que están vostedes desenvolvendo as que non están sendo acertadas. A verdade é que se non van cambiar a maneira de facer as cousas podía quedar todo como está tamén, e non lle hai ningún problema. Algún xerente dalgunha área sanitaria tivo que desatascar a situación tamén, porque parecía imposible xa seguir un diálogo cos profesionais. En fin, non son boas horas para a Consellería, e somos conscientes.

Pero a realidade é que algo parece que está ocorrendo, e nós cremos que é necesario tomar nota e non seguir inmóbiles ante esa situación. Porque a situación é crítica, é moi dura, e non hai tampouco que poñer panos quentes nin intentar suavizala; é dura. Hai moita xente que vén avisando dende hai moitos anos, moitos anos, de que era moi dura, de que ían vir



situacións difíciles. Se seguimos con esta dinámica, van ser peores as situacións. En tres, catro ou cinco anos a situación vai ser dramática, especialmente en primaria, pero non só; e, por tanto, nós cremos que é importantísimo. En primaria vostede sabe —pero eu véxome na obriga de recordarllo— que hai un exemplo clarísimo deste verán na comarca do Salnés, a terceira comarca en poboación de Galicia durante o verán —ja terceira comarca en poboación!—. Pasou varias fins de semana sen médicos nos PAC e ningún centro de saúde —¡ningún!— cubriu o completo da súa plantilla —moitos deles estiveron por debaixo da metade—, incluso chegando eventos multitudinarios á zona. Alí onde nós defendemos —como todo o mundo— que debemos ter a capacidade de dar servizos de calidade para ser capaces de atraer tamén un turismo que se sinta seguro —que é probablemente un elemento fundamental para que alguén decida pasar algún tempo nunha zona— non somos capaces de ofrecer nin un só médico nun PAC en toda unha comarca. E é, ademais, a comarca na que vostedes fixeron a súa gran proposta conceptual para mellorar a atención primaria, que é precarizar médicos galegos; iso si, pónenlles pisos a algúns médicos da sanidade privada de fóra de Galicia. Esa é a gran proposta conceptual do Goberno.

Todo isto dáse porque estamos pagando os recortes da última década, e agora están vostedes sufrindo a situación, querendo botar, iso si, culpas a algún lado. Só os profesionais dan a cara, a pesar de que iso provoque tamén derivacións de problemas ao contorno hospitalario: as urxencias dos hospitais saturadas en Pontevedra ou no Salnés —e como consecuencia esta comarca, pero non só—, as urxencias dos hospitais están funcionando moi por riba das posibilidades que estes profesionais poden dar e están espremidos de traballo, precarizados, aínda así. E, a pesar de todo, aínda deben de responder. Estamos salvando o sistema sanitario grazas aos profesionais, a pesar dos dirixentes, e isto é un problema, porque non van poder sosterse así moito máis tempo.

Parece que para todos é un desastre; non é certo, a algúns foilles ben no verán. Cítolle algunha nova: «O Sergas deriva cada vez máis operacións á privada en Vigo». (*O señor Torrado Quintela amosa unha fotografía.*) Curiosamente, o lugar onde tamén lle foi ben a algunha xente; curiosamente aos que fan coa sanidade operacións de compravenda. Uns porque ingresaron unha venda, outros porque compraron..., algo que con esta política sanitaria vai ter cada vez máis ingresos, que son os hospitais privados. Iso si, grazas a modificacións de cuestións públicas para que se facilite aos privados, como está pasando en Vigo. Alguén está ganando. E nós volvemos preguntarnos outra vez: ¿vostedes a quen defenden? Porque só están ganando aqueles que teñen a súa sede fiscal fóra de Galicia, e estes están ganando moito coa sanidade galega. Nós cremos que era moi importante —xa ve, somos uns revolucionarios, comunistas, bolivarianos— (*Murmurios.*) defender que non estaba de máis que a sanidade galega dese un bo servizo e puidese beneficiar os cidadáns de Galicia. É unha cousa absolutamente revolucionaria, pero nós —xa sabe— somos así. (*Aplausos.*)

O verán é certamente unha época difícil, ninguén o pode negar. A maior parte de profesionais —non todos, pero a maior parte— demandan as súas merecidísimas vacacións neste ámbito, neste ámbito temporal e, por tanto, é máis difícil cubrir. Pero é posible planificar mellor. Non podemos estar quedándonos con Urxencias pendendo dun fío, hipersaturadas e con centros de saúde que, debido a un erro de planificación, por tanto, non teñen capacidade de ter profesionais. Porque antes servía a escusa de que alí onde baixa a poboación é normal



que teñamos menos profesionais. Pero, claro, nos lugares onde aumenta de maneira exponencial a poboación —como pasa no verán nalgúns comarcas turísticas—, que xa non tiñamos ningún...; é dicir, perdemos máis onde máis aumenta a poboación que onde menos. ¡Iso xa é...! A matemática a min xa non me dá para tanto. Eu só fun, probablemente, ao primeiro curso; ao segundo, aquel de canta máis xente hai, menos servizos damos, este xa se me escapou. Pero se non somos capaces de facer iso, isto vai explotar.

Necesitamos unha mellor planificación e necesitamos, ademais, aproveitar algunhas oportunidades nalgún eido, por exemplo, no campo hospitalario, onde non observamos —e propoñémolo todos os anos—... Nós plantexamos esta idea, que non parece tampouco nada extraordinaria, que é aproveitar os tempos de verán para alixear problemas de retrasos e demoras en consultas ou no ámbito cirúrxico. ¿Por que? Porque se xa sempre vivimos con épocas acumuladas... Xa sei que vostede me vai defender as listas de espera, esas que o Consello Consultivo di que son trampa, que non valen para nada, que non se poden contar e que os expertos que o analizan din que o Sergas está enganando absolutamente co que fai, pero vostede vainas defender lexitimamente. Pero, ademais de que xa incluso os que as defenden cren que son mellorables, nós o que defendemos é que se temos un problema para dar saída á capacidade cirúrxica e de consultas do ámbito hospitalario, quizais o verán é unha boa oportunidade. ¿Por que? Mire, porque podemos debater noutro momento —ou agora se fai falta— se é verdade isto que vostedes defenden de que hai menos demanda no verán. Isto é curioso. Vostedes defenden que hai menos demanda no verán, e hai unha interpretación moi interesante que é: se hai menos oferta, haberá menos demanda —é un debate case de economistas—. Pero se poñemos menos persoal, non podemos dicir: hai menos persoal porque atendemos menos; porque igual a explicación é á inversa: atendemos menos porque hai menos persoal. (*Aplausos.*) É facer unha trampa. (*Aplausos.*) Pode interpretarse nos dous sentidos. A nós o que nos sorprende sempre é que vostedes afirmen con tanta contundencia que isto é así, que hai menos demanda e que, polo tanto, poñen menos persoal. Fíxese, non lle quero dar unha idea —non ma tome, por favor—, pero se vostedes quitaran todos os médicos da sanidade pública, poderían dicir: non hai ninguén na sanidade pública, non necesitamos médicos. Ben, pois este absurdo —digamos—, este argumento ao extremo, explica realmente que se vostedes reducen recursos imos reducir a atención. Pero igual hai que darlle unha volta porque non é así.

Pero, ademais diso, nós temos un déficit, porque ademais vimos dunha época complicada na que, evidentemente, se prorrogaron, se reduciron intervencións cirúrxicas e consultas no ámbito hospitalario. Tiñamos un verán agora para recuperalo. ¿Non houbo ninguén que pensara nisto, que plantexara que podíamos aproveitar plans extraordinarios para recuperar tempo perdido, para aproveitar os contornos hospitalarios, que estiveron moito máis parados que de costume porque o sistema está adoecendo de profesionais e adoecendo de capacidade porque temos un persoal precarizado e con moi poucos recursos? Nós plantexamos isto: a necesidade de visionar que a atención sanitaria no verán, sendo difícil, está sendo absolutamente caótica na súa dirección e a necesidade de pensar que tamén temos oportunidades nos hospitais para desenvolver plans especiais. Habería profesionais dispostos a facelo; se o sabemos nós, sábeo o Goberno tamén, e, por tanto, nós plantexamos isto.

Pero, ante todas estas propostas, o Goberno pasa palabra; se lle gusta o dominó, pasa ao dominó —depende xa do xogo de cada un—. Deuse mus... Mus, ¡eh! —non confundan, que



igual hai algúns que están buscando a cervexa gratis no palco VIP—. Non, deuse mus o Goberno, pasou así de largo e dixo: nada, isto non é meu, tal... A ver se pasa, a ver se chegamos a agosto, e despois de agosto vén setembro, e despois están aí as navidades e xa todo o mundo se olvida. Non, a xente é consciente e, por tanto, nós o que dicimos é que teñen vostedes que tomar algunha iniciativa, saír dese parapeto no que están e ser vostedes quen de entender que hai moita xente, moitos colectivos, facendo propostas —nós tamén, un máis do conxunto—, pero que podemos e que somos capaces de facer propostas e que o sistema pode funcionar mellor.

Polo de agora neste verán todo foron queixas e moita culpa para o Goberno central, sempre, por suposto. Eu sigo defendendo que vostede, lexitimamente, é conselleiro. O PP está próximo a dicir que o conselleiro de Sanidade é a ministra Darias. Eu creo que non. Vostede é o conselleiro, ten todas as competencias, lexitimamente, e así o defenderemos. E, por tanto, nós o que lle dicimos é: tomen algunhas decisións. Mire, incluso algunhas coas que non esteamos de acordo pódenas tomar tamén, pero, polo menos, decidan algo, e non queden aí parapetados para ver se somos capaces de que non nos volvan pasar as cuestións que nos pasaron este verán, onde o único sistema sanitario que podíamos pensar que non podía fallar xa empeza a fallar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Bo día, presidente.

Señorías.

En primeiro lugar, pido desculpas polo retraso. Criamos que era ás 12.40 e despisteime co adianto do horario, estando en San Lázaro. Insisto, desculpas.

Señor Torrado, en primeiro lugar, teño que agradecer o seu interese, o seu esforzo e a súa creatividade á hora de buscar xeitos de incrementar o persoal para a actividade sanitaria, especialmente no eido cirúrxico.

Supoño que cando trae esta iniciativa —certamente innovadora, como vostede mesmo recoñecía— de aumentar as contratacións no verán é porque dá por feito que a contratación da actividade no resto do ano xa está en niveis bastante altos; cousa que, ademais, agradecemos que recoñeza, sobre todo porque os feitos e os datos o corroboran.

Mire, se falamos de persoal, a media diaria de profesionais contratados no Servizo Galego de Saúde estivo no ano 2021 en 42.783; é dicir, 6.500 profesionais máis que no último ano completo no que o seu partido xestionou a sanidade pública, ¡6.500! Se temos en conta que Galicia, neste período, perdeu, por desgraza, 75.000 habitantes, case dúas veces o concello de Vilagarcía, temos que hai 6.500 profesionais máis traballando no Servizo Galego de Saúde.



Mesmo se imos ás prazas dotadas no orzamento, que é un dato que lle gusta a vostede, aínda que non sexa moi fiable, como logo explicarei, tamén se ve o aumento. Fronte ás 24.000 prazas dotadas en 2009 para a atención hospitalaria, no cadro de 2022 figuran 26.500 persoas en atención hospitalaria; 2.500 persoas máis.

Se falásemos, por exemplo, de comarcais con 300 persoas, isto significa que en atención hospitalaria hai oito hospitais comarcais máis neste ano 2022 que cando vostedes gobernaban. E se falamos da actividade cirúrxica, podemos constatar que no ano 2021, mesmo cos problemas derivados da pandemia, realizamos 187.838 intervencións cirúrxicas, un número superior en máis de 12.000 á cifra cirúrxica do ano 2008; é dicir, 50 intervencións cirúrxicas máis cada día no ano 2021 que no ano 2008 —50 intervencións cirúrxicas máis—.

Pero non nos conformamos, evidentemente. A pandemia afectou o noso ritmo de actividade, e o obxectivo é recuperar a cifra récord da actividade cirúrxica da historia do Sergas. Esa cifra foron as máis de 215.000 intervencións realizadas durante o ano 2019, xusto antes da pandemia; o que supón 40.000 intervencións cirúrxicas máis no último ano que na xestión socialista da sanidade galega; é dicir, 167 cirurxías diarias máis cada día. (Aplausos.)

Onde si recuperamos case totalmente o volume de actividade foi nas consultas hospitalarias. No ano 2021 pechouse case con 5,5 millóns de consultas neste eido, número practicamente idéntico ao ano récord de 2019, que supuxo, ademais, por certo, 1,5 millóns de consultas máis que no último ano de xestión dos socialistas na sanidade galega. Isto son 6.250 consultas máis cada día que cando vostedes gobernaban.

Polo tanto, o que demostra esta comparativa é que con máis profesionais, 6.500 máis —se o pasase a comarcais, son 21 hospitais comarcais máis no 2022 que no 2008—, e mellor organización, a actividade anual increméntase substancialmente.

En canto ao incremento anual sostido, o feito de que haxa un incremento anual sostido significa que hai tamén, por suposto, máis actividade durante o verán. De feito, se imos ao verán, podó dicirlle que este mes de agosto —este mes para vostedes tan ruinoso—, nos hospitais galegos se acadou a cifra de 11.405 intervencións. É o agosto con máis actividade cirúrxica, superando incluso o do ano 2019.

Polo tanto, eu podía deixar a miña intervención aquí, o resumo está claro: o partido que xestionaba a sanidade pública nos anos nos que se facían moitas menos consultas, moitas menos intervencións, vén agora dar consellos de como incrementar a actividade asistencial.

A proposta cae polo seu propio peso e pola súa hipocrisía —a da proposta—, pero realmente penso que aínda que a postura do PSdeG non mereza máis consideración, a cidadanía galega si que merece que afondemos neste debate, porque é un debate que non é que enfrente o PSOE coa xestión sanitaria que o mesmo PSOE fixo cando gobernaba, senón que enfrenta o PSOE co mesmo PSOE, porque non hai nin un só sistema sanitario público en España xestionado polo seu partido que faga o que señor Torrado propón hoxe aquí. O señor Torrado volve innovar, e arrastra con iso o señor Álvarez, o señor Formoso, como con aquela presunta



lei de garantías de dous días de demora en atención primaria, que, por certo, ningún goberno socialista a aplica onde goberna.

Desta vez propón un plan de reforzo da actividade asistencial no verán que choca frontalmente co que o seu partido está a facer alí onde goberna. Só teño que ir a unha reportaxe de prensa especializada no diario *Redacción Médica*, publicado o 12 de xullo, e ler un par de titulares. Cantabria, conselleiro socialista: «*El cierre de camas tiene que ver con la actividad. No tiene sentido tener camas abiertas cuando no se necesitan. Las camas instaladas están siempre disponibles para cuando se necesiten*» —señalando, así mesmo, que en verano descende la actividad hospitalaria—.

Castela-A Mancha: «*Esta es una actividad que se adecúa a las necesidades del verano; no es que se recorten, se reduzcan o se cierren camas*».

Estremadura: «*En la región no se cierran camas hospitalarias en verano, sino que van dejando de estar activas; camas no funcionantes*».

Baleares... En fin, podería relatar un montón de titulares onde conselleiros, altos cargos ou voceiros dos grupos socialistas, utilizando os mesmos argumentos que vostede aquí cualifica de exercicio de funambulismo, cando os utilizamos nós, explican o que fan no verán.

Estes xestores sanitarios están todos equivocados. Unha vez máis teño, señor Torrado, que preguntarlle por que é vostede tan egoísta. Se ten vostede esas solucións xeniais para a sanidade galega, ¿por que non as comparte cos seus colegas de partido? ¿Por que no resto das consellerías gobernadas polos conselleiros socialistas non se fai este plan de incrementar a actividade no verán? ¿Realmente cre vostede que hai algún cirurxián ou anestesista no paro para ser contratado só os tres meses de verán? ¿Cre, de verdade, iso? E, se os houbese, ¿por que me pide que os contrate só no verán? Pediríame que os contratase todo o ano seguramente. E despois, se non lles renovase o contrato en setembro, diríame que estou estragando eses recursos. ¿Acaso propón contratalos todo o ano, pero a condición de que non poidan coller as vacacións en verán, senón en inverno? ¿Quere que fagamos un contrato especial, unha categoría de facultativo especialista de actividade estival? Supoño que tampouco, porque subiría a media de actividade en outono e en primavera e volveríamos estar no mesmo problema de que en verán baixa a actividade.

Pero imos máis alá, señor Torrado. ¿Por que non leva esta idea revolucionaria de xestión de recursos humanos máis alá da sanidade? ¿Por que non contrata a Deputación da Coruña peóns para rematar as obras no verán? ¿Por que non contrata o Concello de Lugo técnicos de urbanismo no verán para tramitar licenzas atascadas? (*Aplausos.*) ¿Ou por que non contrata o Ministerio de Sanidade letrados no verán que elaboren reformas normativas, que levan cinco anos pendentes, como o Estatuto marco? Probablemente porque entenden que é un disparate, señor Torrado.

E perdoe que llo diga así, pero vostede este verán foi moi ousado nas súas consideracións e nos seus cualificativos. En agosto inventou que a Xunta ía deixar os residentes sen supervisión nos puntos de atención continuada. E, ademais, puxo cualificacións contundentes a este



feito ficticio: «ocorrencias dunha consellería aturdida» e «ideas de bombeiro», chegou a dicir. E, ademais, dicía que presentaba dúbidas de carácter legal. Por suposto, non era certo, señor Torrado. Ninguén plantexou que eses médicos estiveran sós. A proposta sempre foi que o residente acompañase un profesional e que nunca estivese só. Pero hai residentes que, por desgraza, o creron e lle escribiron ao Ministerio de Sanidade para queixarse. ¿E sabe que lles respondeu o Ministerio de Sanidade? Vou lerlle literalmente: «*La previsión del documento que nos remite, en el que se prevé el refuerzo de los PAC con residentes de cuarto curso de la especialidad de Medicina Familiar y Comunitaria sin la forma presencial del tutor colaborador docente, no entraría en contraposición con la legislación actualmente en vigor. Según el artículo 15 del Real decreto 183/2008, la supervisión con presencia física solo es obligatoria en residentes de primer año, siendo la supervisión decreciente de los residentes a partir de segundo año de formación con carácter progresivo*».

É dicir, señor Torrado, toda esa «idea de bombeiro» que vostedes nos adxudicaron falsamente resulta que ten o respaldo do Goberno socialista. (Aplausos.)

Pero, dende logo, se quere vostede seguir contrastando cos gobernos do seu partido o que son e o que non son ideas de bombeiro, ánimoo a que lles faga chegar a proposta deste plan de contratación extraordinaria no verán.

En conclusión, e como diría o seu querido presidente do Goberno, só me queda preguntarme: ¿é insolvencia ou mala fe, señor Torrado?

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Quenda, na rolda de réplica, para don Julio Torrado, por un tempo de 5 minutos.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Admítolle unha cousa, señor conselleiro, non o esperaba nese ton. Acéptollo, non pasa nada, pero, entón, imos utilizar... Eu ese ton agresivo e faltón, non, pero vou intentar explicalo de maneira máis simple, porque eu son moi simple, xa llo dixen varias veces. E o de creativo e revolucionario era irónico, dígoo porque hai que explicalo.

Isto que lle comento non é irónico. Mire, que vostede me diga que por que con esa idea non plantexamos na Deputación da Coruña —aleatoriamente, pero dixo a da Coruña— que os peóns ou albans aumenten a contratación en verán ten que ver cunha explicación bastante simple que eu, que son moi tonto, insolvente ou teño mala fe, podo explicarlle. Porque que unha obra acabe un mes máis tarde non é tan importante como que haxa xente esperando un ano e medio para que o médico lle vexa o corazón. (Aplausos.) ¡Mire que fácil é facer un debate absurdo! Se vostede quere levar o debate sanitario aí, é complicado, porque vostede é o responsable de sanidade; vai ser difícil que non o levemos aí se vostede o leva. Eu invíto a que reflexione sobre o ton e as formas que adoptou.



Segunda cuestión. Pódolle explicar, e, se quere, podemos debater moitas cousas, sobre o que é un respaldo e o que é analizar unha viabilidade legal dunha medida. Que unha medida sexa viable legalmente non quere dicir que un a estea respaldando. Se vostede entende iso que leu do Ministerio como un respaldo, igual o problema está en que vostede o está entendendo como respaldo, cando non eu, nin o meu partido, senón o maior sindicato médico de Galicia ou a maior asociación de profesionais de atención primaria de Galicia do sistema público, di, quéixase e alármase de que vostedes tiveran intención de poñer os MIR a traballar sen titor. Non o dixen eu, dixérono eles. Igual tamén lle parece que eles son insolventes ou teñen mala fe; igual tamén lle parece.

Terceira cuestión. Eu pódolle propoñer aos conselleiros, consejeros de saúde, o que vostede queira. Hai algunha diferenza: en primeiro lugar, que eles non teñen os índices que temos en Galicia; a maior parte deles téñenos moito mellores.

Cuarta cuestión. O debate sobre os días de espera en atención primaria estase tendo en varias comunidades autónomas; non en todas, en varias. Onte no debate sobre o estado da Comunidade en Madrid falaban de tres días; nós aquí propuxemos dous. Como dixemos, era flexible. Estano tendo en varios lugares, non é absolutamente innovador, non inventamos nada. É unha proposta que vostede segue atacando; a min, ademais. Vale, se a min non me importa... Eu estou curado de espanto, a min non me... Iso non... Pero o importante é que a proposta está aí e estana debatendo en moitos lugares. Pode chegar ou pode non chegar, eu non o sei.

Valoraríamos como interesante pensar que a nosa medida de como ve que estamos non sexa o que están facendo os demais soamente —que está ben— e que a tranquilidade da cidadanía non sexa: «é que noutros lugares están peor». Nós agardaríamos tamén que non fose esa, pero se é a que vostedes defenden, vale.

E, por último —e isto non é menor, xa que vostede se pon nese ton—, plantéxolle algunha cuestión para —non vou dicir demostrar, porque teño vontade académica e, polo tato, nós discutimos, non demostramos, en todo caso— discutir os datos que deu sobre persoal. Mire, vostede di que aumentou en 6.500 —collín a cifra, pero non apuntei o exacto— sobre 2009, sobre hai quince anos practicamente que estaba o goberno anterior aquí. Vostede compárase con hai quince anos. Permítame unha paréntese: reflexione un pouco sobre o que é medir a calidade da sanidade hoxe comparándoa coa de hai quince anos. Para nós sería insuficiente, incluso comparando co Goberno de hai quince anos, porque cremos que quince anos dan para mellorar. É unha reflexión persoal: deben vostedes de saír un pouco do pasado.

Pero, en todo caso, xa que vostede di 6.500, mire, vostede escóitame a min falar da precariedade da sanidade, de problemas que teñen que ver coa saturación das urxencias, con dificultades de medicina interna, e igual vostede me vai dicir agora outra vez que todo o que dixen eu aquí é mentira e o que contei aquí sobre un xefe de medicina interna que dimitira; toda esa historia que se montou aquí e que dixen vostede que non era verdade. Todo iso vostede igual di que non existe, pero, cando falo dos profesionais e non sobre a precariedade, igual aquí está o debate. Vostede dixo 6.500. Se fosen estables, sería ilegal, porque o seu goberno implantou taxas de reposición do 10 %. Agora hai un 120 %, poderíamos estar recu-



perando e non poderían ser 6.500. ¿De que tipo de profesionais están presumindo vostedes? Dos eventuais. E os sanitarios non son profesionais para presumir. Probablemente eses 6.500 non son 6.500, son o mesmo repetido varias veces.

Vostedes están presumindo de algo que non é verdade e, polo tanto, nós dicimos que se vostede quere ir ao *fake*, ao bulo, á capacidade de vir aquí meterse coa oposición, de facer ese ton faltón...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: ...señor conselleiro, a min non me gusta, pero teño, non digo que aceptar, pero é a súa decisión.

Nós o que lle propoñemos é falar das medidas, porque vostede, ao final, quixo aquí ridiculizar a medida pero non me explicou por que a cidadanía, cando un lle pregunta, ten a sensación de que espera moito máis polas operacións agora que antes, que iso é o que a nós nos preocupa. ¿E por que non podemos facer plans especiais? Porque si, hai profesionais que estarían dispostos a cambiar as vacacións para traballar en verán. Seino eu, sábeo vostede e...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: ...sábeo o seu equipo. E nós plantexamos: se temos esa oportunidade e temos hospitais con menos carga de traballo en verán —porque temos menos camas dispoñibles ou como lle queiran chamar—, ¿por que non utilizar o sistema para aumentar? Eu fállolle de propostas e vostede atácame a min. A ver se é capaz de cambiar o ton e podemos construír algo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Torrado.

Para o peche, ten a palabra o señor conselleiro tamén por unha quenda de cinco minutos.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): En primeiro lugar, non son consciente de ter utilizado un ton faltón, señor Torrado. Se cadra, vostede está máis sensible, coa pel máis fina hoxe; podo entendelo. Se é polo retraso, xa lle pedín desculpas previamente.

Mire, o ton faltón foi o que tivo o seu partido durante este verán, pero agora pararei niso.

Eu quería dicir que, evidentemente, se algún día vostede ten algún posto de responsabilidade na sanidade, falaremos «da sanidade despois de Torrado», pero nós agora, por desgraza, estamos «na sanidade antes de Torrado». (*Aplausos.*)

E insisto, é doado. Eu non sei con que profesionais fala vostede, pero eu asegúrolle que todos os profesionais dispoñibles para traballar no verán traballan no verán. Os profesionais teñen



un pequeno problema: que suelen querer descansar, e algúns merecen descansar, moitos deles, e suelen repartirse nos tres meses de verán, fundamentalmente 33 %-33 %-33 %, como norma xeral de ausencias por permisos regulamentarios.

Eu entendo que a vostede isto de que no verán haxa que parar pois lle custe, porque, efectivamente, como dicía, este verán vostede —e por iso igual insiste no tema do ton— tivo un incremento extraordinario de actividade; iso si, de actividade intoxicadora.

Agora vou falar eu de ton. Volveron vostedes falar dos cadros de persoal, dos anexos dos orzamentos de atención primaria. A vostede gústalle moito a comparativa, e faime graza que vostede me diga a min que non mire quince anos para atrás. ¿Pero quen está mirando permanentemente para quince anos atrás? Vostede, e o señor Álvarez, e o señor Lage Tuñas, e o señor Formoso. Todos repetiron, en todos os sitios onde lles poñían o micrófono diante, que na atención primaria había 960 profesionais menos que no 2008. (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) Pois así... ¿Ve como sabe ben o dato? Entón, quen está a falar de hai quince anos son vostedes, señor Torrado; vostede e os que se implican en falar diso.

Eu xa lle dixen que o xeito correcto de comparar o persoal é mediante a media diaria de profesionais contratados, onde temos 800 —oito, cero, cero, para que o anote ben— profesionais máis traballando en atención primaria hoxe que no 2008; non 976 menos, que a diferenza é brutal, señor Torrado.

¡E vaime falar do ton, pois imos falar de ton! Ademais de 800 profesionais máis, temos 100 millóns de euros de presuposto máis en atención primaria que no 2009; ¡800 profesionais e 100 millóns de euros máis! Pero, se queren comparar os cadros, comparemos, porque esquezeste vostede tres pequenos detalles.

En primeiro lugar, xa que lle gusta tanto falar dos MIR —efectivamente, señor Torrado, foi vostede quen dixo, o mesmo día que se falou dese tema, o de «ideas de bombeiro» por deixar os MIR sen titor, con especialista de Medicina de Familia e Comunitaria—, pois, falando dos MIR, no cadro de 2008 —que vostede utiliza—, computan dentro da atención primaria no 2008 272 prazas de MIR, e, curiosamente, no ano 2022 non están nesa táboa. Son 272 persoas menos; esa é a primeira trampa que fai vostede.

Segunda trampa. Os cadros de persoal demostran un incremento importante no persoal facultativo estatutario, un incremento superior aos 300, mentres que a baixada de efectivos se produce na categoría de persoal de cota, que descende en máis de 800 persoas —máis de 800 e menos de 300—. Este persoal de cotas son os antigos médicos de asistencia pública domiciliaria, os APD, que tiñan unha xornada laboral diaria —como xa dixen algunha vez— de dúas horas e media; co cal, cada novo médico estatutario con xornada completa substitúe entre dous e tres médicos APD. Segunda trampa, señor Torrado, salvo que vostede prefira ter máis profesionais con menos horario.

Terceira. Nos orzamentos para o 2009, se cadra por ser ano electoral, houbo unha proliferación sorprendente de prazas, que só estaban dotadas para tres ou catro meses e non para todo o ano, máis de trescentas. Por suposto, estas cifras infladas corrixíronse coa entrada



do novo goberno, polo que moitas desas prazas se agruparon para crear unha soa, pero dotada para todo o ano. Co cal, terceira trampa, salvo que vostede prefira ter máis médicos con menos soldo. Se cadra, ese era o ensaio para estas medidas estivais que agora estamos poñendo: médicos só de tres meses; igual era iso. Ese non é o noso modelo, señor Torrado.

Polo tanto, esa cifra de 976 profesionais menos que repite vostede e lle fai repetir ao señor Álvarez, ao señor Lage —iso si, acompañado pola señora Carmela Silva, efectivamente, nun acto moi representativo— e tamén ao señor Formoso, que, insisto, repiten todo o verán, é errónea, jé errónea! E cabe de novo preguntarse: ¿insolvencia ou mala fe, señor Torrado? Pois acabo de darlle os datos. *(Aplausos.)*

Sexa o que sexa, fágolle entrega ao presidente do Parlamento dun informe realizado por un funcionario da Dirección Xeral de Recursos Humanos co certificado dese aumento de persoal e explicando esas diferenzas nos orzamentos.

Presidente... *(O señor conselleiro de Sanidade, García Comesaña, entrégalle ao presidente do Parlamento un documento.)* Dígolle ao presidente que llelo faga chegar aos grupos e nós faremosllo chegar aos medios de comunicación. Coido que é o momento de poñerlle punto e final a eses datos oficiais, ás mentiras mil veces repetidas, que, por repetirse tantas veces, non se convierten en realidades, señor Torrado. Entón, non me fale vostede de ton despois do que fixo este verán.

Se queremos falar dun problema de escaseza de persoal, que é certo que o temos, falemos desa realidade e non desa ficción fabricada artificialmente por vostedes. ¿Necesitamos profesionais? ¡Sen dúbida! ¿Temos menos que en 2008? Non, en ningún caso, temos 800 máis en atención primaria e 100 millóns de euros máis. E por iso as cifras de actividade de ambas as unidades asistenciais, atención primaria e atención hospitalaria, son substancialmente superiores, como acabo de demostrar, ás existentes cando vostedes gobernaban. Nin en inverno nin en verán, nin ao dereito nin ao revés, por moito empeño que vostedes poñan en retorcer estas cifras.

E por iso a actividade cirúrxica e a espera media para as prioridades 1 son o que realmente lles importa aos pacientes. Estou de acordo con vostede en que non é o mesmo rematar un edificio que operarse dun cancro. En Galicia a prioridade 1 está, como vostede sabe, na metade de tempo que no 2008. Estamos en vinte días de P1 en inverno e en verán, señor Torrado. E, por iso, tamén no primeiro trimestre de 2022, se pechou con 25.000 intervencións, consultas e probas aceleradas pola Lei de garantías sanitarias; esa lei á que vostedes se opuxeron porque ía provocar unha derivación brutal á atención primaria. Por certo, a gráfica que sacou de Vigo é...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ...inferior aínda a cando gobernaban vostedes, na dirección á privada. ¡Que me conta! Esas si son medidas efectivas e realistas para mellorar a rede asistencial. Distínguense facilmente, son as que saen adiante sen o voto a favor do Partido Socialista de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Interpelación de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación sanitaria en Galicia, especialmente da atención primaria

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Señor conselleiro, como diría miña nai, cando alguén fai unha falcatruada e outra e outra e se pon rabudo, «aínda ten máis que dicir». Pois temos a sanidade pública do noso país dinamitada, a atención primaria ardendo este verán e vostede hoxe aquí, como sempre, aínda ten máis que dicir. É dicir, vostede suma a aposta de que o están facendo correctamente. Bueno, cada día temos máis profesionais, temos máis orzamento, temos... Entón, teñen unha xestión nefasta, porque con máis, máis e máis do que vostede di a min gustaríame que, á parte dun informe dun técnico, dunha vez por todas, tivera un sistema de identificación de prazas para que todos puideramos ver cantas prazas hai, de que profesionais, onde e cal é a súa situación laboral. Esa sería a proba do 9; sería a proba do 9, que é transparencia, luz e taquígrafos, pero é algo que vostede non quere e ao que o Consello de Contas, ano tras ano, lle di que teñen que mellorar e moito a transparencia coa que actúan a nivel de orzamento e a nivel de datos para poder fiscalizar o que fai o Sergas. E dígoo así para empezar.

Unha vez máis vostede vén aquí case de comentarista do que fan outros, e eu creo que vostede se confundiu, porque, se vostede quere ser comentarista, pois dedíquese ao xornalismo ou vaia de tertuliano. ¡Pero é que vostede é o conselleiro de Sanidade de Galiza!, ten competencias e ten a responsabilidade de dar respostas. *(Aplausos.)* ¡Ten a responsabilidade de dar respostas! E eu teño que volver insistir: un goberno e un conselleiro non están para comentar nin para dicir que hai problemas, están para resolvelos e están para dar contas. E o Partido Popular non quere dar contas e moléstalle moito que chamemos aquí, mentres estaba ardendo a atención primaria este verán. E o presidente da Xunta con considerou necesario vir aquí dar ningunha explicación nin, por suposto, vostede rexistrou ningunha iniciativa para vir dar contas de que estaba pasando e de que solucións lle estaban poñendo encima da mesa para solucionalo.

Lamentablemente, a sanidade pública galega segue cara ao precipicio, cada día un paso máis. Vostede pode presumir de non sei cantas cousas, pero en realidade o que estamos vivindo e o que se viviu este verán en Galiza, especialmente nalgunhas zonas, especialmente na área sanitaria Pontevedra-O Salnés, non se viviu nunca antes, e trece anos de goberno farán que a responsabilidade sexa de quen leva trece anos xestionando todos eses profesionais e todos eses recursos, ¿non?, digo eu. *(Aplausos.)* Digo eu que terán a responsabilidade.

Díxolle esta mañá a voceira do BNG ao presidente da Xunta que o que aconteceu este verán é impresentable, por ser realmente suave. E, mire, como unha imaxe vale máis que mil palabras, o BNG hoxe trae aquí algunhas imaxes do que foi a atención primaria este verán, e segue sendo. A imaxe é esta. *(A señora Prado Cores mostra un cartel.)* A imaxe dos centros de saúde e



dos PAC do noso país é esta. *(A señora Prado Cores mostra un cartel.)* Non é un excepcionalmente, non é un caso puntual, non é alarmismo do BNG, que o BNG non foi colocar os cartaces. Os cartaces colócanos os profesionais porque están fartos de que lles partan a cara polo que fai o Partido Popular. *(Aplausos.)* Están fartos de que lles partan a cara e de que os responsabilicen cando non teñen mans para seguir traballando. Pois esta é a foto, jesta é a foto!: «Non hai médico» *(A señora Prado Cores mostra uns carteis.)* Esta é a foto: «Informámolo de que o PAC de Sanxenxo está sen médico». Lémbrolle que en Sanxenxo no verán debe haber arredor de cen mil persoas; non soamente a veciñanza, que xa por iso necesitaría un médico, pero sobre cen mil persoas. «Só se atenden urxencias de enfermería», «Por favor, chame ao 061 se considera que necesita algo», «Vaia á mesa do lado». Debido á falta de médicos no Centro de Saúde de Baltar, «dende o 17 ao 31 de agosto, non se darán citas, só urxencias». *(A señora Prado Cores amósalles unha fotografía aos membros da Cámara.)* Esta é a foto, só hai un médico.

Esta é a foto, *(A señora Prado Cores amósalles outra fotografía aos membros da Cámara.)* o PAC de San Roque, digo Vilagarcía, digo cidade de case corenta mil habitantes, queda sen médico durante vinte e catro horas nas vésperas da Festa da Auga, 15 de agosto. É dicir, todas estas vilas rebordando de veciñanza e de visitas.

Seguimos, o PAC de Vilagarcía queda outra vez sen médico, é dicir, non foi un día que pasou non sei que cousa. *(A señora Prado Cores vai pasando e lendo follas soltas.)* O PAC de San Roque volve quedar sen médico e o do Grove comparte un con Baltar. Ese día tiveron sorte, había un para os dous PAC.

«Das 22:00 ás 08:00 horas non haberá médico no Servizo de Urxencias. Se considera que necesita asistencia inmediata chame ao 061 ou acuda ao Hospital do Salnés», PAC de Cambados, venres da Festa do Albariño. Non lle digo cantas persoas podía haber en Cambados esa noite. Pero a pesar de vostede prometerlle que ía estar cuberto durante o Albariño, este era o cartaz *(A señora Prado Cores amósalles un cartaz aos membros da Cámara.)* que se atopaban cando asistían, cando se achegaban ao PAC.

O Centro de Saúde do Grove, ao límite, queda só cun médico e só para urxencias *(A señora Prado Cores le outra nova folla.):* «Debido á falta de persoal só se atenderán urxencias. Pida cita de novo». Non poden pedir cita normal desde antes de xullo e até outubro. Once mil veciños, multiplicado tamén na época do verán.

E PAC da Parada, un médico colga o cartaz: «Estou só. Tiña que haber tres e estou eu só durante as dezasete horas. E consulto Pontevedra —oitenta mil habitantes— e os nove concellos e os visitantes». Un alarmismo, ¿non?

E podemos falar do PAC de Bueu, outra vez sen médicos, a Urxencias que vaian a Marín ou a Montecelo. E en Moaña di que na quenda de tarde non hai médico, quen teña algo que vaia ao PAC de Cangas porque Moaña segue sen PAC.

Señor conselleiro, estes días, antonte, 12 de setembro. Hoxe hai soamente dous médicos pola mañá, de dez. *(A señora Prado Cores amósalles unha fotocopia aos membros da Cámara.)* «Só se atenderán estritamente urxencias»; este é Viveiro —xa cambiamos de área sanitaria—.



E un veciño do Grove sentouse, plantouse no centro de saúde do Grove porque ten unha nena de dous anos, ten un vulto, fixéronlle unhas analíticas, estaban moi preocupados. E dicíanlle: non hai pediatra, volva vostede outro día. ¿Que fixo? Plantouse alí até que ao final lle fixeron caso. O mesmo que fixo un veciño da Mariña, que, efectivamente, ten que levar unha continuidade na súa asistencia, un problema cardíaco —co que iso significa— e quince meses de demora para que lle fagan as probas.

¿E onde acaba toda esta xente que non ten atención? Pois nos servizos de Urgencias. (*A señora Prado Cores amósalles unha fotografía aos membros da Cámara.*) Por exemplo, este é Montecelo.

Ben, pónolle todas estas fotos, estas imaxes, que valen máis que mil palabras, señor conselleiro, porque o BNG non ten moita influencia nos medios de comunicación; non ten a influencia que teñen outros para ditar titulares nin coloca estes cartaces. Isto é a realidade que vostedes din que están solucionando porque teñen moito máis de todo.

¿E cal é diante disto a reacción do Partido Popular? Pois a reacción do Partido Popular é que a súa secretaria xeral do Partido Popular de Galiza —que agora non está no hemiciclo— (*A señora Prado Cores amósalles unha impresión dun titular de prensa.*) di que «A sanidade galega é unha envexa para España e para Europa». ¡Estamos dunha envexa que nos saímos!, que toda esta xente é simplemente por fastidiar. Ou, señor conselleiro Comesaña, pónolle un titular —pero podía poñerlle outros moitos—: «defende o funcionamento da primaria no verán e critica usos partidistas». Por iso lle ensino toda esta situación, que poderíamos estar aquí varios días con todo o que aconteceu polo país, e resulta que o conselleiro di que isto é un uso partidista.

Mire: a atención primaria nesta situación de alarma sanitaria —vostede pode dicir o que queira, pero é alarma sanitaria—, cando a poboación non ten onde acudir, cando ten demoras, cando ten problemas e resulta que se demoran un mes e outro e outro, e cando se chega é tarde —e vostede sabe que iso está sendo a constante de moitos galegos e galegas—, a reacción é esta: minimizar o problema e criminalizar a quen denuncia o problema. Porque cando o sabio sinala a lúa, o necio mira para o dedo. Xa sabemos que iso é así: o necio mira para o dedo cando hai un problemón desta envergadura.

E a cuestión é: cando hai un problema desta magnitude e non se recoñece, está claro que non se van poñer solucións, porque se nin sequera se recoñece o problema e se minimiza, está claro que non queren actuar sobre o problema. Non queren actuar sobre o problema porque levan trece anos na dirección contraria. Levan trece anos actuando un día e outro, unha semana e outra, un mes e outro dos trece anos actuando para deteriorar a sanidade pública, e en especial a atención primaria. Teño que volver insistirle: se funciona ben non se engorda o negocio da privada.

Eu teño que dicirlle que isto é así porque estas medidas son a crónica dunha voadura anunciada, dunha voadura programada, señor Comesaña: da voadura do Partido Popular, que ten clarísimo cal é a súa folla de ruta, que é, efectivamente, deteriorar a sanidade pública, menos orzamento para a atención primaria. E vostede repetir o que queira, os orzamentos están aí, e agora entrarán os outros e debateremos sobre iso; dirá o que queira pero este ano hai



menos orzamento que hai trece anos. A atención primaria baixou no conxunto que representa o orzamento da sanidade pública, baixou, temos menos investimento en Galicia en atención primaria que no conxunto do Estado. Eliminaron as xerencias da atención primaria, secundarizárona totalmente respecto da hospitalaria, maltrato continuado dos profesionais, non fidelizan os que acaban... Esas son as actuacións, esa é a realidade do Partido Popular. E a veciñanza está na rúa reclamando solucións; os profesionais tamén.

A Memoria económica de Galicia 2021 do CES, que entregaron neste Parlamento en xullo, di que os últimos orzamentos afondan na deterioración dos recursos da atención primaria, importantes carencias detectadas nos últimos anos, e deben reverter esta situación dotándoa de máis recursos —tanto de persoal como materiais—, que o envellecemento da poboación e o rural é especialmente sensible a esta situación. Dio o CES, o CES onde está a patronal, están os sindicatos, están as universidades, están representantes de organizacións do agro e do mar, non é un organismo do BNG. E dille —igual que lle leva dicindo outros anos pero este ano— que isto non está ben.

E a pregunta é: ¿que máis ten que pasar ou quen máis ten que dicirlle que teñen que rectificar, que por aí non van ben, que por aí o que están condenando é aos galegos e ás galegas a non ter unha asistencia sanitaria cando a precisan? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: E eu por iso preguntolle, señor Comesaña: ¿que ten pensado facer á parte de vir de comentarista e de dicir que todo está ben? ¿E que resposta lles dá ás miles de persoas que están desatendidas, aos profesionais que están ao límite, que non poden máis, ou a todas as entidades, as denuncias que se levan feito a respecto de que a atención primaria está nun punto de non retorno?

Gustaríanos que na súa resposta, ademais de comentar o mal que o fan tamén outros, que respondera como conselleiro de Sanidade e como responsable da situación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Bo día de novo, presidente.

Señorías.

Señora Prado.

Outra vez máis acudimos a esta Cámara para tratar da situación da sanidade galega, e en particular da situación da atención primaria. A verdade, señora Prado, é que agradezo o seu interese pola atención primaria, e o malo é que non comparto, por suposto, a súa análise



catastrofista, con algún que outro dato errado e por non dicir falso. Vou centrarme, primeiro, nos meus argumentos e despois tratarei de aportar algo máis que comentarios á súa retahíla de carteis, que iso si que lle gusta e está cómoda nos carteis.

Ben é certo —digo— que dun tempo para acá levamos vivido algunha situación complexa —iso nunca o negamos, señora Prado—, tanto no tema sanitario como, en particular, no ámbito da atención primaria; situacións puntuais. Estamos a falar de cen puntos de atención continuada en Galicia, e vostede hoxe aquí puido sacarme información, que é certa, de catro ou cinco PAC nunha comarca moi concreta, fronte a cen. (*Murmurios.*) Pero —insisto— son situacións que ocorren —é certo, ninguén as nega, por suposto— e que seguimos a traballar nesa liña.

Pero, como ben sabe, esa situación xeral da escaseza de especialistas dáse en todas as comunidades autónomas do Estado. E polo menos non dixo vostede que a solución está nos dietistas da atención primaria, cousa que non é nin a primeira nin a segunda vez que o escoito. Por fin, vostede centra que o problema está nos médicos; nin sequera nas enfermeiras, nos médicos. E, dende logo, dende a Consellería de Sanidade, no ámbito médico, estamos tomando todas as medidas posibles no noso ámbito de competencias. Sen esquecer, por suposto, reclamarlle á administración —neste caso á do Estado— que tome medidas neste ámbito, na de formación de médicos especialistas, que é —insisto—, como vostede mesma acaba de comentar agora, onde está o problema. Así que intentarei desmontar este relato que vostede fai sobre a situación sanitaria.

Primeiramente, hai que aclarar —e é o seu maior argumento— a mentira de que levamos trece anos recortando o orzamento dedicado a Sanidade, xa que dende ese momento, dende que o Goberno do Partido Popular está en xestión da sanidade, o orzamento non deixou de crecer. E vou dar dous datos, que supoño que como comentarista poderei dar: ano 2009, presuposto da Consellería de Sanidade, 3.655 millóns de euros; ano 2022, 4.494 millóns de euros; é dicir, 840 millóns de euros máis, un 23 % de incremento. ¿Como se pode falar de trece anos de recorte co incremento de 840 millóns de euros? (*Aplausos.*) ¿Quen lle compra esta moto, señora Prado? (*Aplausos.*) Ou sexa, ¿estamos a desmantelar a sanidade pública investindo 840 millóns de euros máis?

Respecto da atención primaria, vostede di que hoxe contamos con menos presuposto. Ten razón, temos 47 millóns de euros menos que hai trece anos en atención primaria. Iso é verdade, pero é unha verdade a medias. O que vostedes non van dicir é que eses 47 millóns de euros é do aforro que conseguimos nas receitas de farmacia en atención primaria ao promover o uso dos medicamentos xenéricos, que no 2008 vostedes, por suposto, non promovían. Por certo, unha iniciativa, a de promover os usos dos xenéricos, que foi boicoteada polos seus socios do Partido Socialista de Galicia e o Goberno de Zapatero no 2010, que se puxeron do lado desas grandes farmacéuticas, das que agora parece que estamos nós.

O que tamén esquece dicir é que á vez que reduciamos o gasto farmacéutico aumentabamos o gasto en persoal. Hai respecto do 2008 cen millóns de euros máis en atención primaria, como me acaban de dicir na interpelación anterior do Partido Socialista. ¡Cen millóns de euros máis en persoal e en atención primaria! Pero ¿a quen lle venden a moto de desman-



telamento de trece anos?, ¿a quen?, ¿quen llela compra? ¿Quen llela compra con cen millóns de euros máis?

No que a orzamento no ámbito de persoal se refire, o gasto aumentou un 22,5 %; é dicir, máis de trescentos cincuenta millóns de euros. Vexamos: 2009, 1.556 millóns de euros; ano 2022, 1.906 millóns de euros no capítulo I no Servizo Galego de Saúde.

Se falamos de profesionais contratados, no día de hoxe —xa o dixen tamén antes— o Sergas ten 42.783 profesionais; é dicir, o 18 % máis de empregados que no 2008.

E se imos, concretamente, á atención primaria —vólvo dicir unha vez máis, a ver se a base de repetilo como comentarista polo menos me cre vostede— hai oitocentos profesionais máis no ámbito da atención primaria. Acaba de dar-me un informe o presidente feito por un funcionario da Consellería de Sanidade que o certifica: oitocentos profesionais máis.

¿De que estamos a falar?, ¿que recortes?, ¿que desmantelamento estamos a facer na atención primaria? ¿Será que hai un problema de profesionais sanitarios, un problema de especialistas, do que vostede, por certo, non quere escoitar? É máis: vota en contra no Congreso dos Deputados dunha medida para que se formen máis especialistas, ou vota en contra aquí cando propoñemos aumentar o número de especialistas. Así que, señoría, non sei onde se atopan eses recortes aos que vostede se refire.

Se falamos das condicións laborais, máis alá de recordar que nos dous últimos anos incrementamos a carreira profesional para case a metade dos profesionais sanitarios, que, xunto co incremento dos funcionarios, supuxo un 9 % de incremento retributivo nestes dous anos a todo o persoal sanitario, ou a unha parte importante, aos que teñen carreira profesional.

Tamén hai que recordarlle que acabamos de firmar un acordo unánime coa Mesa sectorial para recoñecer e recompensar as ampliacións de horario e de carga asistencial que teñen que asumir pola falta de profesionais, especialmente de médicos de atención primaria. Nel, as condicións económicas destes profesionais que aumentan os seus cupos e xornadas veranse melloradas con complementos de ata 12.000 euros ou incremento do valor da hora de xornada complementaria no punto de atención continuada —PAC— a partir de cento sesenta horas ao mes. Ou tamén o valor de hora do persoal médico de familia que fai atención ordinaria e que realiza gardas de PAC a partir de cincocentas cincuenta horas.

Ou no ámbito organizativo, reformando o modelo de axentes que teñen os profesionais de atención primaria, ou creando os plans locais de saúde para favorecer a orientación comunitaria. Ou poñendo en marcha iniciativas tan aplaudidas por vostedes, por suposto, como o SIDE ou CRM100 que facilitan o desenvolvemento máximo das competencias profesionais de cada categoría da atención primaria. E recoñecidas, por certo, pola Sociedade Española de Directivos de Atención Primaria como iniciativas pioneiras e de alto valor organizativo.

Estamos tamén aumentando as capacidades doutras categorías para que non todo o traballo recaia no médico de atención primaria, que —como xa dixen varias veces— é o principal motivo desta situación.



Acabamos de incrementar un 50 % o número de farmacéuticos de atención primaria nestes últimos meses precisamente.

Centrándome xa máis polo miúdo na atención primaria, señora Prado, sabe perfectamente cal é o quid da cuestión: a falta de médicos. A carencia xeneralizada de facultativos especialistas en medicina de familia está a xerar complicacións nos servizos públicos de saúde de todo o Estado. E vostede sei que o sabe.

Isto, ademais, é algo que levamos repetindo tempo, atopándonos cun problema común que afecta a todas as comunidades autónomas, independentemente da súa cor política. Pero atopámonos ante un problema común que ten solucións comúns para todo o conxunto do Estado, como xa reflectimos en repetidas ocasións as distintas comunidades autónomas de que atopamos problemas para contratar especialistas.

Sen ir máis lonxe, o conselleiro de Sanidade de Estremadura, vicepresidente, por certo, tamén da Junta de Estremadura, chegou a declarar no Parlamento que a falta de profesionais sanitarios especialistas non se soluciona «*ni con todo el oro del mundo*». Frase memorable dun conselleiro de Sanidade que ten os mesmos problemas que temos en Galicia.

Respecto dos MIR, dos que tanto lle gusta falar e remataron este ano, é mentira que só trinta quedaran no Servizo Galego de Saúde. Trinta quedaron en atención primaria, trinta están nas Urgencias hospitalarias e trinta veremos o que fan agora en outubro. E ademais o ano pasado o 50 % quedou en atención primaria e outro 50 % foi ás Urgencias. E aproveito para dar un dato que se deu aquí tamén, que terei que traer documentalmente: o 90 % dos MIR de Familia formados en Galicia traballan en Galicia, señora Prado, non marchan a ningún sitio. (*Aplausos.*)

O que si é certo é que temos un problema de que só podemos formar residentes en cen dos 463 puntos que temos, centros de saúde, porque non se poden conseguir centros acreditados fóra deses centros. A Xunta leva tempo reclamándolle ao Goberno que modifique eses criterios, porque non se pode comprender que nun contexto de escaseza de especialistas como o que estamos a ter agora non se incrementen as prazas de formación.

Aínda así, fixemos os nosos deberes, e neste ano incrementamos en sesenta e cinco as prazas de formación de Medicina Familiar e Comunitaria. Practicamente se incrementan o 45 % das nosas prazas, o que representa tamén un enorme esforzo a nivel nacional. Como sabe vostede, máis da metade das prazas de Medicina Familiar e Comunitaria deste ano na convocatoria MIR son de Galicia. Aínda con esta escaseza de persoal e con todos os problemas derivados estase a traballar, e este verán a pesar das dificultades que recoñecemos —insisto— púidose afrontar a demanda asistencial que se deu sen necesidade de suspender permisos ou vacacións dos profesionais.

Así pois, este ano e a estas alturas no que respecta a consultas de médicos de atención primaria atendéronse en atención primaria de Galicia o maior número de consultas de atención primaria dos últimos sete anos: 10.441.666 consultas de atención primaria no que vai de ano. É o dato de actividade en atención primaria máis alto dos últimos anos. Son duascenas



mil consultas máis en atención primaria que no ano 2021. Se temos en conta o mes de xullo e agosto soamente, no ano 2022 atendéronse 2,28 millóns de consultas médicas na atención primaria galega, máis que calquera ano de prepandemia.

E por dar un dato tranquilizador á poboación galega que a escoita a vostede: no día de hoxe, o 83 % dos cupos, dos dous mil cupos de medicina de familia en Galicia, o 83 % ten unha cita en menos de catro días, señora Prado. En menos de catro días, o 83 %. E hai catro áreas sanitarias onde ese número está por riba do 90 %.

Asumimos os problemas que temos. Por suposto, poñemos medidas. Pero a situación da atención primaria, por sorte para os galegos e as galegas, non é tan catastrofista como a que vostede anuncia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, señor presidente.

Non soamente é que vostede non dea resposta, señor conselleiro, senón que ademais mente sistematicamente. Porque o BNG di continuamente que non quedan en atención primaria, que dos oitenta e nove que remataron Familia Comunitaria, que é para o que se forman, só trinta quedaron en atención primaria. (*Aplausos.*) E busque vostede onde eu dixen que non quedan no Sergas. Non, non o vai atopar.

Eu, efectivamente, sei que non hai médicos, que non hai médicos dispostos a traballar nestas condicións, que é unha cousa que a vostede se lle esquece dicir. Pero tamén sei por que. Tamén sei cantos anos levamos dicíndolle que ía chegar esta situación. Tamén sei —volvo repetirle— que hai o Plan de recursos humanos do Sergas do 2012 e 2013 onde dicía que isto ía pasar. ¿Cantos anos pasaron dende o 2012, señor conselleiro? Dez, ¿verdade? ¿E vostedes que fixeron? Asubiar, votar en contra, tacharnos de alarmistas, non tomar medidas, porque non quixeron tomar medidas.

Entón, vir agora aquí como se resulta que non hai médicos fóra porque desapareceron, igual é por culpa de Putin, igual é por culpa de non sei que cousas. Non pasou dun día para outro; é consecuencia da actuación do Partido Popular neste caso. E o Partido Popular gobernou no Estado. ¿Por que mantivo a taxa de reposición? ¿Por que fixo caso dos mandatos da Unión Europea de menos público e máis privado? ¿Por que non rectificou? ¿Por que non tomou nota das deficiencias que había e das que ía haber no futuro? Porque é unha aposta ideolóxica, porque esa é a folla de ruta, e por iso non a cambian, por iso cada ano é peor.

E vostede pode chamarlle ao BNG todas as veces que queira de alarmista, e pode dicir que isto que eu traio aquí que eu me sinto moi cómoda cos cartaces. Díxenllo antes: non os coloca o BNG. E tróuxenlle uns cantos, e díxenlle que podía estar aquí dous días. Pero, se



quere, enumérolle. Mire: Carballo, Coristanco, Ribeira, Marín, Pontearreas, Cervo, Ribadeo, Malpica...

A nivel de pediatras, ¿vostede sabe cantas queixas hai de pais e nais que non teñen quen atenda as criaturas? Acabo de falarlle da situación do Grove. (*Aplausos.*) Acabo de dicirlle o que pasou no Grove, que un pai tivo que sentarse alí durante unhas horas para que o atenderan e lle deran resposta ao problema da súa nena. Se quere podemos vir aquí monograficamente explicarlle ou, mellor, en vez de traer os cartaces, traemos ás persoas, aos profesionais e á veciñanza destes sitios, para que lles digan: *sí, esto es una cuestión menor*, que non é certo o que está pasando en Galiza, porque son problemas menores.

Eu tamén lle quero dicir con toda franqueza, señor conselleiro, ¿vostede cre que a golpe de estatística, de retahíla de datos vai solucionar o problema? ¿Vostede cre que dicindo aquí que aumentou o orzamento... Pero é que eu xa llo dixen: aumentou nos últimos anos, pero todos en hospitalaria? E iso dillo o Consello de Contas. Si, dillo o Consello de Contas, dio o orzamento. E vostedes o único que queren é gañar o relato, dálles igual cantas mentiras digan, dálles igual cantas persoas queden polo camiño, dálles igual cantas persoas sufran, cantas persoas non teñan atención, cantos profesionais estean exhaustos e incluso abandonando a medicina. Dálles absolutamente igual porque o importante é o titular de prensa.

E mire: vostede hai moitas cousas que si pode facer, empezando por aumentar o orzamento. En Galiza o 12 %; a media do Estado, o 14,2 %. A OMS e demais din que hai que chegar ao 25 %. Ou meten orzamento... Van entregar agora os orzamentos, queremos ver cal é esa aposta do Partido Popular coa atención primaria, a ver canto aumentan os orzamentos de primaria.

E que non haxa médicos non é a causa do problema de atención primaria, senón que non hai médicos por como está a atención primaria, porque non soportan traballar nesas condicións, porque están fartos de chegar ao centro de saúde e toparse cun fax, cun correo electrónico no que se lles di que teñen que ir para outro lado, que teñan un taxi á porta do centro de saúde cando chegan para dicirlles que teñen que ir de Cambados ao Grove ou a Vilagarcía cando ninguén lles dixó nada. Están fartos de non poder ser donos das súas vidas, porque vostedes cren que o Sergas é quen é dono das súas vidas e que teñen que estar permanentemente ao servizo do Sergas para solucionar os problemas que vostedes crearon. (*Aplausos.*) Iso é por que non hai profesionais.

Eu o que lle pido é que deixe de gobernar a golpe de titular e que realmente poña medidas encima da mesa. E pode poñer medidas: aumente o orzamento.

Eu tamén lle pido que faga un estudo de cal é o aumento da morbilidade e a mortalidade en Galiza, porque igual nos botamos as mans á cabeza.

E si, aumente outras categorías. Faga equipos multidisciplinares. ¿Canto tempo llo levamos demandando, señor conselleiro? ¿Canto tempo lle levamos demandando que estamos no 2022, no século XXI, e que isto a medicina xa non é médicos e enfermeiras. Levamos anos



dicíndollo; están aí os diarios de sesións, e non me van permitir mentir pedíndolle que aumente outras categorías.

Dixémoslle que o 30 % da atención primaria ten que ver con problemas de saúde mental, que é unha auténtica pandemia o que está pasando coa saúde mental, señor conselleiro. ¿E vostedes cal é a reposta? Que nin sequera hai unha persoa de enlace primaria-hospitalaria en todas as áreas de saúde, que nin sequera hai unidades en todas as áreas, que pecharon a unidade de Pontevedra, que non incorporan psicólogos clínicos á atención primaria, que non incorporan logopedistas, coa cantidade de xente maior, que non incorporan terapeutas ocupacionais, que non incorporan efectivamente dietistas. Si, que non incorporan dietistas, que podían solucionar unha parte importante das consultas de atención primaria; que non acababan de activar as carteiras...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...de servizo das outras categorías para que poidan ir directamente e non teñan que pasar polo médico.

Claro que poden facer cousas. Claro que poden facer un plan para que deixen de marchar todos os que rematan Familia Comunitaria (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —remato xa— e que non quedan en primaria cando a súa formación é para iso.

¿Vostede non cre que teñen ningunha responsabilidade en que cincuenta e nove non queden nos centros de saúde, que as condicións sexan máis atractivas noutro lado e non en atención primaria? ¿A responsabilidade non é súa?, ¿non é de trece anos do Partido Popular? ¿De quen é?, ¿do empedrado entón? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. Grazas.

A señora PRADO CORES: Deixen de botar balóns fóra e tomen as medidas que están na súa man e que son a súa responsabilidade. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Peche da interpelación, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas.

Señora Prado, alégrome que vostede considere que o Plan de saúde mental desenvolvido por esta consellería é unha ferramenta importante para a situación actual, efectivamente. Sabe que no Plan de saúde mental galego a atención primaria está recollida nas unidades de saúde mental, que se puxeron en marcha cinco no que vai de Plan de saúde mental e que levamos máis da metade desenvoltas.

Totalmente agradecido de que vostede insista nos equipos multidisciplinares, eses que pretendemos reorientar co SIDE. Que a vostede tampouco lle gustou a solución de que cando



un paciente chega ao centro de saúde o administrativo lle pregunte que é o que quere e que o oriente ao persoal axeitado. Non que todo pase polo médico, que é o que vostede parece que quería ou discutía que se había un robot ou non había un robot.

Claro que poñemos medidas, señora Prado, poñemos moitas. E podo enumerarlle unha fundamental. Esas cento seis prazas que sacamos, esa convocatoria de cento seis prazas en propiedade, que van tomar posesión estes días, que incorporan dúas gardas de PAC cada un deles, o que vai permitir 212 gardas de PAC máis cada mes ou 12.500 gardas de PAC ao finalizar o ano; e que vai resolver probablemente un dos problemas fundamentais que vostede relataba aquí e que —insisto— eu non neguei, que é o problema dos PAC da área de Pontevedra.

Na relación que vostede me dixo de carteis non falou de ningún PAC fóra da área de Pontevedra, é máis fóra da... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Sen médico de PAC? ¿De que estamos a falar? Estou falando de PAC sen médico. Os médicos de PAC só faltaron nesa zona do Salnés, e ademais dixémolo.

Vou dar un dato que vostede seguramente coñece ou debera coñecer: na zona do Salnés, na zona de Pontevedra, de cincuenta e cinco médicos de PAC que temos en plantilla, nesas semanas había vinte e dous operativos, vinte e dous de cincuenta e cinco. Non vou dar máis dato... *(Murmurios.)*

Efectivamente, foi moi difícil traballar nese contexto. Eu quero agradecer o esforzo que fixeron os profesionais desa área, o esforzo que fixeron os profesionais doutras áreas sanitarias, o esforzo que fixo algún sindicalista, que fixo turnos de PAC algunha noite, ou incluso o esforzo que fixo algún directivo, que fixo turnos de PAC. *(Aplausos.)* O obxectivo era que non houbera ningún PAC sen médico. Non o conseguimos no cen por cento nesa área, pero no resto das áreas por suposto que si. Seguimos a traballar nesas medidas. Insisto: estas medidas dos cento seis que levan dúas gardas de PAC van por aí.

Claro, vostedes sempre din o mesmo: é que marchan. Ben, estarán nalgún sitio. ¿Onde están os médicos que marchan de Galicia? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Onde están? ¿En Portugal? Si, en Portugal están todos alí. Non están en ningún sitio, señora Prado, os médicos que se forman en Galicia —xa llo dixen— quedan fundamentalmente en Galicia. O 90 % dos médicos formados en Familiar e Comunitaria en Galicia están traballando no Sergas.

É certo, un médico que quere traballar en Urgencias hospitalarias de momento só ten alternativa de formarse en Medicina Familiar e Comunitaria, de momento só ten esa alternativa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Como que non? ¡Ah! ben, ten razón. Pode ir ao Exército e sacar alí a especialidade de Emerxencias, porque non hai outra especialidade. *(Murmurios.)* ¿Pero que me di vostede? Non hai outra posibilidade. Entón, os rapaces que queren ser médicos de Urgencias de momento fan Medicina Familiar e Comunitaria e cando rematan a súa especialidade van traballar a Urgencias.

En todo caso, poderían axudar a que isto non fose así se no Congreso dos Deputados, hai un mes e medio, na iniciativa que levou alí o Partido Popular, vostedes votasen a favor da es-



pecialidade de Urxencias alí, e votaron en contra os señores do Bloque. Polo tanto, se esa iniciativa se aprobase, que se aprobou por certo co voto de PNV e de Junts per Cat, con eses dous partidos a favor e outros máis, pero co voto en contra por suposto do PSOE e do Bloque non se pode avanzar.

Seguiremos traballando nós para que esa especialidade de Urxencias chegue por fin e que eses médicos que queren traballar en Urxencias non teñan que facer Familiar e Comunitaria, e que esas prazas de Familiar e Comunitaria queden dispoñibles para os médicos que si queren traballar, porque é unha pena, pero hai médicos que queren traballar en atención primaria. Hai moitos médicos que queren traballar en atención primaria, e nós seguiremos axudando a que estean en atención primaria.

E seguiremos axudando a que o resto das categorías colaboren na asistencia que —como vostede ben dicía— é compartida. No día de hoxe non ten sentido xa non digo un psicólogo clínico, que xa lle digo moitas veces, señora Prado, que no noso esquema os psicólogos clínicos están en saúde mental dependendo das áreas de saúde mental, que non están en atención primaria dependendo dela, si que están fisicamente alí pero dependen das unidades de saúde mental.

Utiliza vostede o de sempre, que a unidade de Pontevedra non funciona. Sabe vostede que o psiquiatra desa unidade está na Unidade de Suicidio de Pontevedra ou en Drogodependencias de Pontevedra. Non hai psiquiatras. Por iso, dentro do marco das nosas competencias, seguimos traballando e imos presentar unha iniciativa para que o que este ano fixemos con atención primaria se poida estender ao ámbito da saúde mental e ao ámbito dos comarcais, para intentar que a xente que quere traballar neses ámbitos teña a posibilidade de conseguir unha praza por concurso de méritos e poder cubrila canto antes. Atención primaria novamente, hospitais comarcais e saúde mental. Espero que esta vez si poidamos contar co seu voto a favor, señora Prado.

En definitiva, nós seguimos a traballar na mellora da atención primaria, con iniciativas no ámbito organizativo, con iniciativas no ámbito laboral, como xa comentei, e traballando por intentar que todos os médicos que se forman en Galicia queden en Galicia, como está a pasar nestes últimos anos, e tamén pelexando, iso si, por que quen ten as competencias de formar máis médicos especialistas as exerza, e dende o ano 2018 están sen mover. Vostede dicía que en España no ano 2018 é un goberno do Partido Popular. Xusto un goberno que pactou con todas as comunidades autónomas no ano 2018 un acordo para que xa no 2018 se puidera cambiar o criterio de habilitación de prazas MIR de Familiar e Comunitaria. ¿Que pasou dende o 2018 ata agora? Pois probablemente que como houbo catro veráns, pois os asesores do Ministerio de Sanidade no verán non traballaron e non foron quen de desenvolver eses criterios novos.

Nós seguimos pelexando para que eses criterios se adecúen e Galicia poida ter máis médicos, máis alá dos sesenta e cinco que ten xa este ano.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Continuamos coa orde do día, punto quinto.

Interpelación de D^a María González Albert e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención de incendios forestais

A señora PRESIDENTA (Candía López): Imos ao punto 5.3.

Para formular a interpelación ten a palabra dona María González Albert por un tempo de dez minutos.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Bo día, señora presidenta.

Benvido ao Parlamento de Galiza, señor conselleiro. Non sei se lembrará vostede onde estaba este edificio, porque leva dous meses escondéndose da súa responsabilidade ante esta cámara. (*Aplausos.*) Vostede rexeitou comparecer ante a petición extraordinaria que fixo o Bloque Nacionalistas Galego na Deputación Permanente no mes de xullo, pero é que, ademais, perdeu a oportunidade de solicitar unha comparecencia neste primeiro pleno do período de sesións. Ten que ser atendendo a unha interpelación do BNG que poidamos, por fin, telo ante nós para reclamarlle as explicacións que deben non ao BNG senón ao conxunto do pobo galego, porque é aquí onde ten a obriga de explicarse, na casa do pobo galego. Non facendo este percorrido que fixo por todas as televisións do Estado, onde teño que dicir, ademais, que case falaba vostede como un veciño afectado, como se non tivese vostede a máxima responsabilidade de goberno no que ten que ver co que aconteceu este verán.

Ardeu media Galicia, e aquí parece que non pasou absolutamente nada. Vostedes pensan que poden saír disto sen asumir as responsabilidades políticas que teñen, culpando de todo ao cambio climático, por unha banda, aínda que Ayuso dixo hoxe que o cambio climático non existe, e aos incendiarios. E con estes dous mantras parece que poden pasar por aquí de rosiñas.

E eu non sei se lembra, señor conselleiro, que no pleno de decembro, creo que foi o 9 de decembro, cando vostede aí si pediu comparecencia propia, para explicar a que si que foi unha excelente campaña do ano pasado contra os incendios, nós pedímoslle naquel momento precaución e cautela. Pedímoslle precaución e cautela porque cando se a campaña era boa era grazas a vostede, no momento en que a campaña fose mala, por unha regra de tres moi simple, a culpa tamén sería súa. E aquí estamos.

Unha campaña mala, non, malísima, terríbel, demoledora. Estamos no peor verán dos últimos quince anos neste país, nos peores lumes da nosa historia, os dous peores lumes da nosa historia, os maiores, os máis agresivos. ¿De quen é a culpa, señor conselleiro? ¿De quen é a responsabilidade política de que ardese este país? ¿É culpa da Xunta de Galiza que se prendan lumes? Non, non o é. ¿É culpa da Xunta de Galiza que unha tormenta seca prenda decenas, centenas de focos de lumes? Non, non o é. ¿É culpa da Xunta de Galiza que haxa xente que lle prende lume ao monte? Non o é.



¿De que é entón responsábel, vostede?, ¿de que é responsábel a Xunta de Galiza? A súa responsabilidade é a responsabilidade única de que o territorio non estea preparado para dar resposta a eses focos de lume. A responsabilidade única, señor conselleiro, de non xestionar o territorio, de abandonar o interior, de vivir da propaganda, de non facer a prevención axeitada, de desertificar a Galiza do interior e obrigar a xente a emigrar, de non dar alternativas de vida digna no rural, de incumplir a súa propia Lei de montes e non respectar as distancias entre plantacións, de ter precarizado o Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, de non ter operativas as brigadas municipais. ¿Quen puxo os piñeiros no Courel, por exemplo?

Son, en resumo, polo tanto, vostedes responsábeis dunhas políticas fracasadas que nos levaron a que só en corenta e cinco días ardesen oficialmente máis de corenta e tres mil hectáreas; corenta e tres mil hectáreas de monte, de espazos protexidos, de plantacións, de poboacións; hectáreas de arraigo ao territorio.

E o problema dos incendios en Galiza non é un problema de orde pública, que se empeñan en reduci-lo a iso. O drama dos incendios en Galicia, que é un drama, é o abandono absoluto no que está o territorio, (*Aplausos.*) dun mundo rural desmantelado, que vostedes, o Partido Popular, decidiron esquecer e seguen a facer logo de gobernar a Xunta durante a maior parte da súa historia.

O problema dos incendios en Galicia son ese medio millón de hectáreas máis aptas para aproveitar dun xeito sustentábel, dun xeito multifuncional, dun xeito ordenado, que na actualidade ou ben non son produtivas ou ben están forestadas ilegalmente, que arden ano tras ano. O problema é a falta de relevo xeracional, é o envellecemento, é o despoboamento crónico do noso interior. E vostedes teñen como única proposta estrela saldear un modelo; xa mo dirá despois seguramente.

Hoxe aquí traíamos unha batería moi ampla de preguntas —eu son consciente, moi ampla—, porque todas estas cuestións e moitas outras tería que telas explicado vostede nesta comparecencia que se negou a dar. Cuestionámolo sobre os erros de coordinación e os lumes máis grandes e agresivos da nosa historia, as deficiencias no servizo, en medios e tamén e sobre todo en persoal, os problemas de xestión. E cando os erros son estruturais xa non son erros, son negligencias. E é negligente que nun verán coa seca máis acusada da nosa historia, coas temperaturas máis altas, cunha vaga de calor inédita até o de agora o servizo estivese en cadro como estaba, como estivo ademais en todo o mes de agosto, e seguimos así.

É negligente que as brigadas municipais, que nós non compartimos, pero que forman parte, son practicamente un cuarto do total do servizo do Pladiga, non estivesen incorporadas, non o 1 de xullo, o 15 e o 16 de xullo; algunhas incorporáronse en agosto. E máis aló é negligente que o propio Pladiga preveña a incorporación desas brigadas, que teñen por labor principal a prevención en temporada de alto risco. Iso é negligencia.

Despois cuestionamos tamén sobre a súa política de propaganda fronte á realidade. Vostedes usan para todo o Plan forestal e o ditame de 2017; ese é o argumento para todo. Agora sumáronlle a Lei de recuperación de terra agraria. Pero despois non os aplican na práctica, e



non só non os aplican, senón que votan á contra sistematicamente das iniciativas que traemos os grupos, nas que reclamamos a súa posta en funcionamento.

E na súa *tournee* polos medios de comunicación, vostede seguiu coa política á que nos ten acostumados desde a súa chegada á fronte da consellería: política de escaparate, que neste momento, señor conselleiro, de verdade, é que non pode tapar a magnitude do desastre que vivimos.

Fronte á súa propaganda de prevención, todo o ano atopámonos coa dura evidencia de que ante estes lumes nin sequera os núcleos de poboación máis vulnerábeis estaban protexidos.

Cuestionaba tamén sobre a recuperación do territorio, precisamente por este último que lle acabo de dicir. Preocúpanos moito, moitísimo a evidencia de que non teñen previsto mudar absolutamente nada, non asumen nin un único erro.

Seguen coa propaganda de plans grandilocuentes, mentres non fixeron até o de agora no día de hoxe, creo que é 14 de setembro, ningún traballo de consolidación e mantemento das zonas ardidadas tanto no Courel como en Valdeorras. Non fixeron nada. Non sementaron cereal. Anunciaron ao principio o *helimulching*, recordou o alcalde do Barco no pleno da semana pasada — «para esta mesma semana, para mañá», dixo o alcalde do Barco, e será verdade, que fala moito con vostede—, que ían comezar a botar a palla, dous meses despois dese lume, e nestes dous meses xa tivemos tormentas. ¿Que pasou na Veiga de Cascallá? ¿Ou que pasou no río Valado de Viloira? Ensínollo eu. (A señora González Albert amósalle unha fotografía aos membros da Cámara.) Ensínollo eu, o río Balado de Viloira. Isto é lama e é cinza. Isto non é un río, é lama e é cinza. E iso, señor conselleiro, tamén é a súa responsabilidade.

E cuestionámolo porque non coñecen a realidade anterior. E o que é máis: se a coñecen, é que non teñen intención de mudala nin lles importa como estea.

Sacaron unhas liñas de axuda moi rápido. É un remedo ademais de case declaración implícita de culpabilidade, porque foi moi sorprendente. ¿Unhas axudas necesarias? Si, moi necesarias. ¿Insuficientes? Tamén. ¿Axudas que non se axustan á realidade do interior de Galiza? Desde logo, non se axustan. E moitos particulares non se poden acoller a elas. Isto é o mesmo que dicir que boa parte do territorio e vivendas afectadas non poden ser recuperados con elas. Se non se leva a cabo unha reformulación de como están plantexadas estas axudas na práctica, están condenando o territorio ao abandono definitivo ou ao que vostedes tamén gustan: a cesión a grandes empresas para que poidan xestionalo. Desde logo, non para a xente que aínda resiste no Courel, en Valdeorras ou en Vilariño de Conso, por exemplo.

E non é vostede o único que ten que dar explicacións. Neste hemiciclo tamén terá que dar explicacións do que fixo ou do que —mellor dito— non fixo a Consellería de Medio Ambiente para protexer os parques naturais e as zonas da Rede Natura ardidadas. Tres parques naturais aos que hai que sumar un espazo tan simbólico, tan importante como é O Courel. ¿Como é posíbel que estiveran indefensos ante o ataque do lume? ¿A que se debe? Tamén á falta de comunicación entre as dúas consellerías; evidente, as dúas actuando e máis ben publicitando, porque actuacións poucas, por libre e por separado.



Seguiría falando moito tempo, pois hai moitísimo que debater sobre o acontecido. Pero antes de rematar si que quero facer unha referencia á campaña na que están agora inmersos, sobre a Unidade de Investigación e Incendios Forestais. E vou lembrar, máis unha vez, o que todos aquí sabemos: que os maiores incendios deste verán non foron provocados por pirómanos. É máis: se así o fosen, ¿que acontecería? Se os grandes lumes arrancasen todos da man de pirómanos de delinquentes, ¿que pasaría? ¿Terían ardido menos hectáreas? ¿Estaría o territorio máis preparado nese caso para dar resposta a esta agresión?, ¿estaría máis preparado, señor conselleiro? Se a resposta a esta pregunta é non, señor conselleiro, faga vostede o propio, asuma as responsabilidades que lle corresponden pola súa incapacidade.

Polo de agora, máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora González.

Quenda do conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez, por un tempo tamén de dez minutos.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Señora presidenta, deputados e deputadas, bo día a todos e todas.

Hoxe, 14 de setembro do ano 2022, nesta institución de todos e todas as galegas, antes de entrar ás cuestións formuladas e facendo un exercicio de contención importante, téño claro, quero dicir unhas palabras en nome de todo o Goberno galego: grazas, en maiúsculas, ao labor do noso increíble dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais, de todas e cada unha desas case sete mil persoas que conforman un dispositivo único: emisoristas, bombeiros forestais, condutores de motobombas, axentes ambientais, técnicos, bombeiros comarcais, GES, Policía Nacional, Policía Autonómica, Policía Local, Garda Civil, Protección Civil, etc. Un dispositivo de referencia onde cada unha das persoas que o conforman suman profesionalidade, compañeirismo e dedicación. Un dispositivo que defendeu e protexeu a Galicia neste lamentable verán. A todos os profesionais, sen esquecer a ninguén, grazas. (*Aplausos.*)

E vanme permitir que faga un agradecemento moi especial, porque son conselleiro do Medio Rural, aos tres mil homes e mulleres que forman parte do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios da Consellería do Medio Rural. Pero, ademais, este ano quero destacar sen ningunha dúbida que coa recente creación da Unidade de Investigación de Incendios Forestais —a UIFO— se viu un traballo multidisciplinario interadministrativo coas forzas e corpos de seguridade do Estado, da Policía Autonómica tamén e da Garda Civil, para conseguir, como, por exemplo, soubemos onte e que sería bo que se vira neste Parlamento, o envío á prisión da suposta autora do lume de Verín neste mesmo mes de agosto; un dos lumes, pola multiplicidade de focos e a cercanía ás vivendas, de maior virulencia de todo o verán. E en moi pouco tempo, grazas a este traballo que se está a facer —aínda que parece que non lle gusta á señora González Albert—, logramos que a investigación dera os seus froitos.

Pero tamén quero destacar que a semana pasada enviamos á prisión outros tres homes no Macizo Central, que foron os presuntos autores dun total de dez incendios forestais, logo



dun ano de investigación de moitísima profundidade. E eu quero advertir tamén a todos estes presuntos delincuentes que pagarán os seus crimes non só coa privación de liberdade, senón que tamén coa responsabilidade patrimonial que trae consigo afrontar os custos de extinción e os danos materiais causados nestes lumes.

E quero pedir, ademais, expresamente aos grupos da oposición que recoñezan ese labor, que sexan respectuosos cuns profesionais que salvan vidas, salvan bens e salvan Galicia. Profesionais que merecen moito máis, por suposto, que este agradecemento; que merecen a nosa consideración, recoñecemento e gratitude infindas. E, por suposto, señora González Albert —como digo sempre neste Parlamento—, condenen os comportamentos incendiarios. (*Protestas.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ben, eu creo que hai determinadas expresións que... (*Protestas.*) Ben, pero respecten a rolda de palabra, ¿non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, por favor. (*Murmurios.*)

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): En definitiva, Galicia merece o mellor servizo. Galicia, señorías, conta co mellor servizo.

Comezo agora a responder cuestións da súa interpelación acerca da xestión do servizo da área de Prevención e Extinción, e ao respecto referireime aos lumes de xullo deste verán 2022. Eu penso que, en primeiro lugar, é importante sinalar, señorías, que na tarde-noite do 14 de xullo Galicia viviu un episodio denominado «sistema convectivo de mesoescala». Permítanme que traslade esta explicación porque non é habitual e ademais é fundamental. Este fenómeno meteorolóxico, nada habitual no norte peninsular, fixo que se rexistrasen máis de seis mil raios nese día entre as oito da tarde e a media noite. (*Murmurios.*) Este episodio ocasionou —como saben— diversos lumes na nosa comunidade. Así, entre as oito da tarde do xoves e as oito da mañá do venres, en só doce horas, rexistráronse cincuenta e dous incendios. Eu quero poñer en valor o traballo que fixo o dispositivo, porque deses cincuenta e dous incendios o 83 % quedaron en conatos, menos dunha hectárea. Pero é certo que Galicia se atopaba nunha situación de alerta precisamente polas temperaturas e pola seca. E naquelas zonas nas que se produciu unha treboada seca, é dicir, non houbo choiva, pois os raios fixeron os estragos que todos coñecemos ocasionando uns lumes. Fronte a estes teño que dicir que o traballo que se fixo por parte do servizo tanto da Xunta como das administracións locais e tamén a estatal —porque participou—, por suposto, todos os hidroavións que ten o Estado e que se puxeron á nosa disposición e a Unidade Militar de Emerxencia e as brigadas de reforzo tamén do Estado, toda a actuación foi inmejorable.

E quero referirme neste punto á protección prestada en todo momento polos nosos profesionais a aqueles núcleos rurais que sufriron desaloxos ou ás persoas que tiveron que facer fronte ao lume a poucos metros das súas vivendas. Neste respecto —e penso que isto é transcendente—, se hoxe non lamentamos danos persoais foi precisamente polo labor levado a cabo.

Pouco queda que engadir, señorías, da valoración que fai o Goberno galego en relación coa actuación do dispositivo. Non tivemos nin unha soa vítima neste verán tan difícil e tan com-



plicado coa virulencia dos lumes que tivemos que afrontar. Isto conséguese con traballo constante durante os últimos anos, non é casualidade. Fronte á choiva de datos sen fundamento ningún que deu na súa intervención a señora González Albert, eu vou dar datos concretos, claros e acreditables. *(Protestas.)*

A Xunta de Galicia leva traballando por un dispositivo...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pero vexamos, ¡home! *(Protestas.)* ¿Pero non vos parece un asunto o suficientemente importante para escoitar? *(Murmurios.)* Ben, pero, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Esta reflexión é para todos, pero eu creo que debemos escoitar nun debate tan importante despois do que pasou este verán, ¿non?

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Espero que non me conte o tempo da interrupción.

A Xunta de Galicia —como dicía— leva traballando por un dispositivo público, profesional, versátil e eficaz moito tempo, características coas que xa conta. Pero tamén traslado aquí que seguiremos, sen ningunha dúbida, mellorando.

Lembren, señorías, que foi a creación de Seaga no 2006 —non foi casualidade o falar de quince anos, porque o 2006 non o queren recordar— o que externalizou a unha empresa pública a contratación de profesionais do servizo. E foi a Xunta de Galicia do Partido Popular a que ao longo dos últimos anos incluíu como persoal laboral da Consellería do Medio Rural o persoal que antes estaba nesa empresa. Pero, ademais de integrar ese persoal de reforzo da empresa pública Seaga, a partir do ano 2017 duplicamos o seu tempo de traballo, xa que pasamos de tres a seis meses. Quero trasladarlles que están contratados ata o 17 de novembro. Despois díreilles cando se contrataron. Deste xeito, reforzamos o labor de prevención que fan estes profesionais. Primeiro, fixemos que pasaran a ser persoal laboral con todas as condicións que ten formar parte dun servizo público e, despois, dobramos o seu tempo de traballo.

Todo isto acompañado dunha constante mellora de medios, non só falamos de persoal. De feito, quero aclarar que Galicia conta neste 2022 con arredor de trinta medios aéreos contra o lume, os da Xunta e tamén os dos Estado. Ademais, en terra temos trescentas oitenta motobombas, as propias da Administración autonómica e tamén as que temos conveniadas cos medios municipais. Neste caso, simplemente por darlles unha referencia do que estamos actualizando, temos trece motobombas renovadas este ano con preto de tres millóns de euros, que sumados todos son 19 millóns de euros investidos en medios materiais do servizo nos últimos dous anos. Eses son datos acreditables e recollidos nos orzamentos da Consellería do Medio Rural. *(Aplausos.)*

Unha cuestión que parece que non teñen clara e sobre a que me gustaría arroxar luz é precisamente a actuación das brigadas municipais —aí o Bloque Nacionalista Galego e as brigadas municipais—, posto que lles ten que constar, ou polo menos debería, que a distribución das brigadas municipais en relación co momento da súa posta en funciona-



mento está suxeita á consideración da época do ano de maior risco de incendios, que é, señora González Albert, entre o inicio do mes de agosto e o mes de setembro, na cal é necesaria a maior dispoñibilidade de efectivos.

Lémbrolles que coa serie histórica nos últimos dez anos en Galicia no mes de xullo arderon pouco máis de oitocentas hectáreas cada ano. Pero aínda así, e tendo a consideración do comportamento dos lumes a comezos da tempada estival, eu teño que trasladar con claridade e con datos acreditables de novo que as brigadas propias da Xunta levaban activas —incluso as de seis meses— desde mediados de maio. E, ademais, no mes de xullo, dende primeiros do mes de xullo estaban dispoñibles todos os helicópteros e os medios aéreos da Xunta de Galicia.

E ademais quero referirme ao Pladiga, que tamén fai vostede apelación ao Pladiga 2022. Pero antes déixeme que lle recorde que a Xunta de Galicia —novamente datos— inviste en prevención e extinción 180 millóns de euros ao ano; é a comunidade autónoma que máis inviste neste sector de toda España. (*Aplausos.*) Un orzamento, señorías, no que non só se inclúe o plan preventivo —e logo falarei tamén de prevención—, senón todas aquelas accións transversais que tamén fan esa planificación preventiva, como pode ser o Plan de pastizais ou as medidas de ordenación forestal. Porque todos os que estamos aquí, señora González Albert —e eu tamén—, sabemos que a vía para frear os incendios e, sobre todo, a súa virulencia na nosa comunidade é a xestión da terra, a xestión do territorio.

Aínda así, e previa tempada de alto risco de incendios —como saben, aprobamos o Pladiga a comezos do mes de xullo do propio ano 2022—, esta ferramenta de planificación, señora González Albert, ademais de recoller os medios materiais e humanos, tamén recolle os protocolos de actuación. E eu teño que dicir —respondendo a outra das súas preguntas— que todos os efectivos que loitan contra os incendios en Galicia, tanto os propios da Xunta como os adscritos a outras administracións, se atopan baixo o mando único do Goberno galego.

E a este dispositivo tamén lle sumamos —máis datos— medios tecnolóxicos. Señorías, as cámaras, 148 cámaras, que cobren arredor do setenta por cento da superficie galega, ou os drones, que están axudando tamén á UIF0 a detectar eses comportamentos incendiarios. As cámaras —permítame que me refira a elas— amosouse durante estes días, estes meses, que son esenciais para o bo funcionamento do dispositivo. Por suposto, están todos os deputados e deputadas convidados a visitar o Centro de Coordinación Central en San Lázaro, aínda que xa sabemos que moitos dos presentes na Comisión 7ª estiveron alí e foron conscientes e puideron comprobar a profesionalidade, a dotación tecnolóxica e a eficiencia deste centro.

E ademais tamén quero resaltar que no Pladiga se recolle un plan específico de prevención, que só neste ano mobilizou máis de trinta millóns de euros.

¿Vostedes son conscientes destes datos? ¿Vostedes son conscientes da dificultade que hai para lograr ou ver o que está detrás de todos estes obxectivos?

Realmente, señorías, hoxe non deberíamos preguntarnos que foi o que non fixo o Servizo, senón que máis pode facer o Servizo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a rolda de réplica convido a dona María González Albert, por un tempo de cinco minutos.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: O que vostede acaba de facer aquí, señor conselleiro, é unha falta de respecto, e non unha falta de respecto só a este Parlamento, (*Aplausos.*) senón ás profesionais e aos profesionais que fan parte do servizo, e tras dos que vostedes se parapetan unha e outra vez para non asumir as súas responsabilidades. (*Aplausos.*) «¡Fano xenial!». «¡Fano xenial!». (*Aplausos.*) Téñenos absolutamente precarizados. «Convido a este Parlamento a acudir ao Centro de Control de San Lázaro». Convido a este Parlamento a acudir a unha caseta —calquera— dos traballadores e das traballadoras do servizo. ¿Con que mapas traballan?, ¿con que prismáticos traballan?, ¿con que medios traballan os profesionais do servizo?, ¿que contratos teñen os profesionais do servizo?

Eu dixen na miña primeira intervención, índome ás brigadas municipais —que sei que lle gustan moito, aínda que non as incorporan—, que é negligente prever que se incorporen en alto risco. É que a nós iso parécenos unha negligencia, cando esas brigadas teñen por labor fundamental a prevención. E vostedes prevén incorporalas en alto risco, e iso é unha negligencia, e este ano nin iso. Entón, quince preguntas traíamos aquí, ¡quince!, e non contestou á primeira.

E a min e a nós, ao BNG, dóenos a nosa terra e dóenos ver á xente que apreciamos, á xente que queremos, á xente que comparte o noso país, á que lle arderon as casas, á que lle arderon os soutos, á que lle ardeu a súa vida. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) E a nós dóenos. ¿Non sei por que a vostede non lles doe? (*Aplausos.*) É que non o podo entender. ¡Non o podo entender! (*Aplausos.*) E non a poucos metros das casas, arderon as casas, non a poucos metros.

E eu traía un mapa de Galiza. Voulle ensinar este mapa de Galiza. (*A señora González Albert amósalle un mapa de Galicia con puntos negros aos membros da Cámara.*) Isto é o que ardeu nestes lumes —non mira ben, mira o resto do Parlamento—. ¿En que condicións estaba o territorio? Aquí é onde ardeu; é que se ve o que ardeu. ¿Como estaba ese territorio? ¿E que volume de recursos tiñan vostedes destinados aí? Iso tamén é negligencia. ¡Iso tamén é negligencia! Parroquias priorizadas, que tiñan convenios asinados coa Xunta, e pódolle falar de Millarrouso e de Santurxo, ¿como estaban?, ¿estaban desbrozadas antes do lume? Conveniadas coa Xunta, ¿estaban desbrozadas?

E sae o presidente da Xunta dicindo que van obrigar os propietarios a desbrozar. Se vostedes non fan o seu traballo, ¿como poden reclamarlles aos propietarios que fagan o deles? (*Aplausos.*) Se as que teñen conveniadas non as tiñan desbrozadas, ¿que pasou en Alixo? (*Aplausos.*)

Falamos de bulldozers. ¿Cantos bulldozers conveniados estaban traballando no lume de Carballeda de Valdeorras?, ¿cantos conveniados? ¿E de onde tivo que vir a maquinaria pesada para ese lume?

¿Por que nun lume de máis de dez mil hectáreas as motobombas e os vehículos tiñan que ir botar gasóleo algúns até setenta quilómetros ida e volta —non me diga que é mentira porque



o vivín nas miñas propias carnes—... (O señor González Vázquez pronuncia palabras que non se perciben.) Despois de tantos días... (O señor González Vázquez pronuncia palabras que non se perciben.) Non é certo, ¡non é certo! Setenta quilómetros nun lume que levou máis de dez mil hectáreas de territorio. ¿Iso é boa xestión? Iso é neglixencia. (Aplausos.) ¡Caramba! (Aplausos.)

E non é que non lle deamos un voto de confianza, é que temos experiencia previa e pódolle poñer exemplos. ¿Que pasou cos lumes de 2017? Concello das Neves, vostedes anunciaron un plan para repoboar As Neves. ¿Como estaba en 2019 As Neves? Un 1,5 % do proposto estaba repoboado, ¡o 1,5 %!, que é o mesmo que dicir nada, dous anos despois.

E téñolle que dicir que esta entrevista ao seu director xeral é dunha frivolidade que espanta, ¡espanta! Que o director xeral, o máximo responsábel da loita contra os lumes deste país, diga: «É moi difícil contar a historia dun incendio de 13.000 hectáreas dicindo que é un éxito pero a verdade é esa». ¿Foi un éxito o lume do Courel porque puido ter ardido máis? (Pronúncianse palabras que non se perciben.), ¿porque puido ter ardido máis? ¿É un éxito o maior incendio da historia deste país? Iso é unha frivolidade que non se poden permitir. (Aplausos.) E que diga que o día máis feliz da súa carreira profesional é cando antonte detiveron tres supostos pirómanos —que, se o son, oxalá os condenen—. ¡Pero ese non será o día de maior felicidade profesional do director xeral! A súa maior felicidade profesional será ter un país resiliente —antes falaba moito de resiliencia, ¿agora xa non falamos de resiliencia?—. ¿Tiñan un territorio resiliente fronte aos lumes que viñeron, fronte ao que se sabía que viña? É que se sabía que viña. E non podemos estar así. E non llo di o BNG, é que llo din os propios bombeiros forestais, que avisaron antes da campaña de lumes, precarizados. Vostede menciónaos aquí, pero logo téñenos precarizados, e votan á contra de deixar de precarizalos. Votan á contra unha vez, outra vez, volven outra vez, outra vez votar á contra. Dinlle que queren facer prevención, que queren traballar todo o ano, que queren un territorio preparado contra os lumes.

Isto reflicte, de verdade, incapacidade e ineptitude. Díxoo vostede: 180 millóns de euros, que anunciaron vostedes para o período deste ano, que vostede reiterou aquí agora mesmo. Cento oitenta millóns de euros, ¿e non foron quen nin sequera de protexer os nosos parques naturais, nin de protexer as poboacións? (Aplausos.)

Falou de que vostede daba datos exactos, falou de que había...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: ...—si, remato xa, señora presidenta— tres mil traballadores e traballadoras sobre o territorio. Se todos os datos que dá, que vai dar vostede aquí son tan fiábeis como este, desde logo, é preocupante.

Nós no próximo pleno, na moción correspondente, traeremos propostas en positivo do BNG para o artellamento do territorio, para modificacións de calado no modelo de prevención e loita contra os incendios forestais, sobre o modelo de prevención que de verdade necesitamos e sobre a recuperación de superficie agraria e ordenación no monte. No próximo pleno veremos que vota o Partido Popular a estas propostas en positivo.

Máis nada. (Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda para o peche do conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señora presidenta.

Pois xa temos uns aplausos ben fortes por parte da xente do Bloque Nacionalista Galego. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Frivolizar eu neste tema? Por favor, eu non vou evidentemente entrar en diálogo con ningún de vostedes, voume cinguir ao que teño que trasladar, que é precisamente —volvo repetir—, en primeiro lugar, o meu agradecemento a todo o dispositivo. Si hai que dicilo aquí, porque se o que se fai é crítica política ao conselleiro e para iso se ten que levar por diante o dispositivo, pois a min iso si que me parece unha falta de respecto importante.

Eu miren simplemente un dato... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Pero vexamos...

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Eu estiven absolutamente calado na miña primeira intervención. *(Murmurios.)* ¡Escoiten!...

A señora PRESIDENTA (Candía López): A ver, prégolles, por favor, que escoiten ao señor conselleiro... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Un dato, señorías, dende...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Por favor... *(Murmurios.)*

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Outro dato máis, señorías, para entendernos...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Perdoe un momento.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): ¡Escoiten!... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): A ver...

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Setenta e dous de mil seiscientos incendios pasaron neste ano das vinte hectáreas. Pero, señorías, apagounos o director xeral, o conselleiro e os helicópteros, porque o dispositivo non estaba funcionando e o dispositivo estaba sen medios ningún. Setenta e dous de mil seiscientos pasaron das vinte hectáreas. ¿E os outros 1.524 quen os apagou? *(Aplausos.)* Eses homes e mulleres aos que lles temos que agradecer o traballo extraordinario que fixeron. Por suposto á Uifo tamén.



Pero, máis datos. Fala de que é unha irresponsabilidade poñer as brigadas municipais en xullo. Oia: ¿e no ano 2006 cando arrancaron? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Averígueo, averígueo, 6 de xullo, porque no mes de xuño non existe para o Bloque Nacionalista Galego.

Pregúntame que imos votar cando traian as medidas. Pois o mesmo que votou o Bloque na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que é a medida estrutural que ten que axudarnos a xestionar o territorio; máis alá, moito máis alá, señora González Albert, das aldeas modelo. Pero é que os feitos e o tempo nos van dando a todos ou quitando a razón. Nove mil hectáreas en polígonos, e hai naquela zona tamén —e sábeo ben vostede— unha morea de peticións para facer polígonos agrogandeiros no territorio. Non se preocupe que non van ir para grandes empresas. ¿Sabe para quen van ir? Xa llo dixen: para os gandeiros en extensivo de Montederramo, de San Xoán de Río, de Parada de Sil; ademais, sen cores políticas de ningún tipo. *(Aplausos.)*

Miren: ¿mobilizamos base territorial para a actividade agrogandeira? *(Aplausos.)* Nove mil hectáreas como lle dixen coa Lei de recuperación, vinte e oito concentracións parcelarias. Conten cantas decretaron vostedes. Vinte e oito concentracións parcelarias que van ser case que trinta mil hectáreas de mobilización. Eses son datos, señorías. Eu non busco aquí, de verdade, ningún recoñecemento respecto do labor que fixo o Servizo de Prevención e Extinción. Non o esperaba de vostedes.

Quero agradecer, por suposto, e así de claro —aínda que os meta nun lío—, a posición clara do Partido Socialista nesta materia. E tamén dos alcaldes e alcaldesas de todas as cores políticas. Porque cando vostede fala desa rolda que facía o conselleiro por todas as televisións públicas, pregunte a algún deses alcaldes e alcaldesas onde estaba o conselleiro, pregúntelles. Pregúntelle se quere ao alcalde —e non os quero meter en ningún lío— da Pobra de Brollón, que non é moi coñecido por ser do Partido Popular, ou á alcaldesa de Moaña, ou á alcaldesa de Pontearreas. Pero podémoslle preguntar a calquera deles onde estaba o conselleiro.

E despois tamén me gustaría resaltar unha contradición evidente que temos sempre aquí. Se non se informa dos incendios forestais: apagón informativo, o Partido Popular non quere falar dos incendios. E se o conselleiro do Medio Rural e o director dan setenta e cinco entrevistas e os técnicos do dispositivo outras cincuenta durante o período dos incendios forestais está mal. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E unha rolda de visitas ás televisións estatais. Por certo, tamén falaba na Radio Galega e na Televisión Galega. *(Murmurios.)*

E eu quero tamén trasladar con toda claridade que, como todos os anos, comparecerei para dar conta de todas estas cuestións. Pero por unha razón evidentemente operativa, e que vostedes entenderon perfectamente no ano 2016 cando Suárez Canal o trasladou así tamén, haberá que esperar a que acabe a temporada de incendios, que todos tiñamos que estar traballando no que tiñamos que estar. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio, por favor. *(Murmurios.)*

Señor Rivas. ¡Señor Rivas!



O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): É dunha indignidade absoluta que vostede me sinale a min chamándome...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Señor Rivas...

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): ...dicindo que eu lle chamaba asasino a ninguén.

Ben, en todo caso... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Algúns datos tamén como falou a señora González Albert, por volver dar datos, en relación coa prevención. E eu quero poñer en valor o convenio que firmamos coa Fegamp. Por certo, eu estiven reunido co presidente da Fegamp antes do mes de xullo e quedamos en prorrogalo, en addendalo e seguir traballando nel, témolo que mellorar. A el xa están adheridos douscentos setenta e seis municipios de trescentos trece, ¡douscentos setenta e seis municipios!, para traballar en común a Administración autonómica e a Administración local no que se refire á prevención. Que, por certo, señora González Albert e todos os deputados do Bloque, xa lles digo, sábeno tamén os do Partido Socialista, que é un traballo complexo no que necesitamos a cooperación de todos e tamén dos cidadáns.

Por dar datos, este é un convenio que permitiu que douscentos cincuenta e nove concellos de Galicia xa teñan un plan de prevención e extinción. Antes a Fiscalía requiríalles eses plans; agora téñenos grazas a ese traballo conxunto, sen ningún tipo de consideración das cores políticas.

Igual que se me esquecía, e non o quería facer, que quero agradecer a todos os alcaldes e alcaldesas que tiveron incendios este ano o seu traballo incansable a carón dos seus veciños e veciñas. De verdade que é un orgullo para min ver a forma que tiveron de traballar. *(Aplausos.)*

Máis datos, señorías. Falamos das franxas arredor das aldeas, son 170.000 hectáreas e dous millóns e medio de parcelas. Fixemos nestes anos a comprobación de máis de oitocentas mil parcelas e máis de trescentas cincuenta mil notificacións. Pénsese que son datos moi grandes e moi importantes, pero todo iso pon de manifesto a magnitude do traballo que temos na prevención.

E aquí, como sempre, pido a colaboración de todos. Trallemos xuntos: Administración local, como estamos facendo, Administración autonómica, Administración do Estado, pero tamén os grupos parlamentarios, porque este é un tema fundamental para o noso país. É unha colaboración na que eu volvo ofrecer, como xa fixen no ano 2019, un pacto autonómico. Falemos disto de verdade, en serio, buscando melloras. A miña intención sempre foi —e volvereino facer na miña comparecencia— propoñer a este Parlamento un acordo ante unha problemática tan fundamental e que tanto afecta ao noso rural.

E eu propoñolles un marco no que podemos chegar a acordos. A futura lei de loita integral contra os incendios forestais de Galicia, que vai ser unha oportunidade de legislar entre todos a prol dese consenso. Unha lei que se ten traballado coa universidade, se ten traballado co



sector forestal, se ten traballado cos representantes do servizo e que recolle todas as recomendacións da Comisión de estudo creada no Parlamento de Galicia logo dos lumes do 2017, pero tamén as conclusións do grupo de expertos independentes que foron designados por todos os grupos parlamentarios. ¿Como non podemos chegar a consensos con este material?

E aproveito simplemente para finalizar...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): ...a miña intervención pedíndolles aos dous grupos parlamentarios da oposición que estendamos esa colaboración no territorio tamén ás deputacións provinciais. Aquí temos a colaboración —si, señorías— dunha deputación, pero pídanelles vostedes aos que representan as outras tres deputacións que, cumprindo tamén as recomendacións do grupo de expertos que foron designados polos grupos parlamentarios, incidan nese impulso, nesa colaboración financeira para as tarefas preventivas dos concellos, que requiren de moita axuda. Trallemos todos xuntos para chegar entre todos a acabar coa lacra dos incendios forestais e, por suposto, tamén coa lacra dos incendiarios.

Máis nada e moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Suspendemos a sesión. Esta será reiniciada ás dezaseis horas e trinta minutos. Bo proveito a todos.

Suspéndese a sesión ás dúas e sete minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Comezamos.

Interpelación de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego respecto da autonomía e suficiencia financeira das entidades locais

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

Boa tarde, señor conselleiro. Parabéns polo seu nomeamento como vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Hoxe os socialistas consideramos que é un momento moi axeitado para interpelalo e coñecer de primeira man cal vai ser o seu compromiso cos concellos galegos, porque vostede estrea



cargo dentro dun goberno encabezado polo señor Rueda e tivo durante os trece anos do Goberno do expresidente Feijóo as responsabilidades en Administración local. Tamén porque vostede se considera a si mesmo como un municipalista, e, de feito, ten vantaxe a respecto do seu antecesor, posto que vostede si que foi concelleiro e, ademais, foi presidente da Deputación da Coruña. E, en terceiro lugar, porque neste primeiro pleno deste novo período de sesións resulta interesante saber como se vai materializar o seu compromiso co municipalismo galego nos orzamentos para o 2023. Polo que os socialistas, e sobre todo os alcaldes e as alcaldesas dos concellos galegos de todas as cores políticas, estarán moi expectantes para coñecer a súa resposta.

Señor conselleiro, ¿vostede vai asumir as reivindicacións acordadas e manifestadas unha e outra vez pola Fegamp ou, como o seu antecesor, hoxe presidente da Xunta de Galicia, vai seguir ignorándoas? E hai que ter en conta, ademais, que desde que vostede asumiu o cargo xa tivo unha primeira reunión co presidente da Fegamp no mes de xullo e que se emprazaron a este mes de setembro para abordar as cuestións reiteradamente plantexadas. Ademais, achegóuselle un documento con dez asuntos prioritarios para o municipalismo galego, aprobado por unanimidade de todos os partidos —tamén do Partido Popular— no seo da Fegamp.

Con base en todo isto, os socialistas ímoslle plantexar unha serie de cuestións que nos gustaría coñecer. Señor Calvo, ¿vai vostede seguir sen incrementar o financiamento incondicionado dos concellos galegos ou vai iniciar xa as negociacións coa Fegamp para sacar adiante unha lei que regule a participación dos concellos nos ingresos da Comunidade Autónoma? Unha lei que clarifique a participación anual e os criterios de repartición e que integre dentro do Fondo de Cooperación Local determinadas axudas e subvencións anuais que a Comunidade Autónoma de Galicia destina ás entidades locais.

Vostede sabe perfectamente que durante os trece anos de goberno do señor Feijóo, o Fondo de Cooperación Local tivo cero euros de incremento, e vostede sabe tamén perfectamente que este é o único financiamento que se reparte cuns criterios obxectivos e medibles acordados entre a Xunta e a Fegamp. Tamén lle recordo —pero seguro que vostede xa o coñece— que o propio Consello de Contas, no último informe da Conta xeral das entidades locais correspondentes a 2020, di literalmente: «Pódese observar o pequeno tamaño orzamentario dos concellos galegos, comparados cos seus homólogos do resto do Estado, con cifras por habitante por debaixo da media nacional en todos os tramos de poboación».

Mire, señor conselleiro, mentres o Fondo de Cooperación Local estivo permanentemente conxelado durante estes trece anos, o Goberno galego destinou nos últimos sete máis de 58 millóns de euros, denominados fondos adicionais, a axudas condicionadas para determinados concellos. Entre outros, destes 58 millóns de euros, 13 millóns de euros, é dicir o 22 %, só para dous concellos: Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade —e non lle recordo que gobernos teñen nestes dous concellos—. É dicir, o seu antecesor intentaba convencernos de que estes fondos adicionais eran tamén Fondo de Cooperación Local, pero a vostede non lle escapa que o Fondo de Cooperación Local é un fondo incondicionado e que os fondos adicionais achegados para sufragar estes gastos na súa práctica totalidade son competencias da Administración autonómica e ademais non chegan para poder cubrir a totalidade do custo do ser-



vizo: retirada de velutinas, concellos con institucións penitenciarias ou conservatorios de grao medio, entre outros.

Os socialistas non estamos en desacordo con estas axudas, posto que, se lles dan a competencia, pois tamén que lles acheguen os fondos, pero non son fondos de cooperación local, non son fondos incondicionados, e vostede sábeo perfectamente. Eu preguntolle: ¿por que non incrementan o Fondo de Cooperación Local nesa mesma contía, señor conselleiro?

A segunda cuestión que nos gustaría saber é se vostede vai consentir que siga sen desenvolverse na súa totalidade o Pacto local asinado no ano 2006, é dicir, dezaseis anos antes. ¿O Goberno galego vai asumir dunha vez por todas os custos de mantemento de todos os centros de saúde, dos centros de educación infantil e de primaria ou das unidades municipais de atención á drogodependencia que aínda están a cargo dos concellos e que ademais son competencia da Comunidade Autónoma? ¿Non lle parece que dezaseis anos son dabondo para cumprir os compromisos asinados? ¿Vai cumprir este compromiso dentro dos orzamentos para 2023?

En terceiro lugar, queremoslle preguntar os socialistas se vostede vai permitir que sigan incrementando as competencias impropias cara aos concellos sen o financiamento necesario para exercelas, incumprindo o que se establece nas leis, incumprindo o Pacto local e incumprindo tamén o compromiso acadado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp en febreiro do ano 2020.

Entre estas competencias impropias que desenvolven os concellos e que son competencia exclusiva da Xunta de Galicia pódolle poñer varios exemplos. Mire, recordará vostede perfectamente que, durante a pandemia da covid-19, a Xunta de Galicia recibiu fondos do Estado, do presidente Pedro Sánchez, para atender todas as necesidades derivadas da pandemia da covid-19, mentres que a Xunta de Galicia trasladou aos concellos cero euros, e incrementoulles exponencialmente as súas obrigas para atender e evitar a propagación da pandemia.

Tamén lle podó falar do mantemento das escolas infantís, nas que a Xunta de Galicia vende a bombo e prato a gratuidade das escolas infantís para todos os nenos e para todas as nenas, cando na realidade e, tal e como se comproba lendo a orde de subvencións, os concellos seguen a sufragar unha parte moi importante do custo das escolas infantís municipais e tamén asumen gastos nas do Consorcio Galego de Benestar. É unha competencia da Xunta de Galicia. Polo tanto, asuman a totalidade dos custos da prestación do servizo. *(Aplausos.)*

Vostedes preocupáanse moito de que se lles entregue ás familias un xustificante no que se faga constar o importe que lles correspondería aboar coa lenda «prezo bonificado cen por cento pola Xunta de Galicia», cando vostede sabe perfectamente que esta afirmación é falsa, posto que, para que fose así, a Comunidade Autónoma tería que facerse cargo da totalidade do custo do servizo, e isto non está a ocorrer.

Tamén lle podó poñer un terceiro exemplo, como é a prestación de servizos sociais, que constitúe o pilar básico da sociedade actual, e, ademais, vostede sabe que temos o índice de avellentamento máis alto do Estado; xa que logo, as necesidades incrementanse. A Xunta



ten a competencia exclusiva, pero diminúe as partidas para o Plan concertado e incrementa exponencialmente as contías que teñen que achegar os concellos para a prestación do servizo de axuda do fogar. Asumen a maior parte do financiamento os concellos e, ademais, lastran as súas economías.

Señor Calvo, ¿vai vostede adquirir o compromiso de que, nos orzamentos para 2023, a Comunidade Autónoma vaia asumir as competencias propias ou vai trasladar aos concellos o cen por cento do seu custo para que sigan sendo desenvolvidas polos concellos?

En cuarto lugar, señor Calvo, queríámoslle preguntar se vostede vai acordar coa Fegamp os criterios que rexan a repartición de subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais ou se vai seguir a Xunta de Galicia, como nos últimos tempos nos ten acostumado, sacando convocatorias de subvencións en concorrencia non competitiva, nas que vostede sabe que se esgotan os créditos en nove minutos, dez minutos ou media hora, como moito? Hai determinados concellos que teñen toda a documentación preparada, dá igual o que faga falta, téñena toda, e o paradoxo é que a maior parte, o 90 % deses concellos, teñen gobernos do Partido Popular.

Tamén me gustaría saber —ou aos socialistas nos gustaría saber— se vostede vai continuar coa repartición a dedo dos convenios de colaboración que asina a Xunta de Galicia cos concellos, sen que haxa un plan estratéxico das distintas consellerías no que se establezan os criterios de repartición das contías destinadas a convenios, tal e como se contempla na propia normativa da Xunta de Galicia, ou se vai seguir sendo unha repartición en función da urxencia e da necesidade, como nos dixo algún alto cargo da Xunta de Galicia. E coincide que esa maior urxencia e esa maior necesidade sempre é con concellos que teñen gobernos do Partido Popular.

E xa por último, señor Calvo, señor conselleiro, gustaríanos saber se vostede vai abordar dunha vez por todas un plan de reequilibrio territorial acordado coa Fegamp, atendendo as potencialidades, as necesidades e as singularidades dos 313 concellos galegos.

Pois ben, como lle dicía ao principio, a nós, aos socialistas, pero tamén fundamentalmente aos alcaldes e ás alcaldesas, gustaríanos saber cales van ser as súas liñas de traballo. ¿Vai continuar coa política de favorecer os concellos gobernados polo Partido Popular fronte ao resto?, ¿vai outorgar aos concellos máis...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...competencias sen asignarlles os fondos necesarios para exercelas?, ¿vai seguir sen incrementar o Fondo de Cooperación Local?, ¿ou vai seguir sen convocar habitualmente a Comisión Galega de Cooperación Local como lugar de encontro e debate entre os concellos e o Goberno galego?

Como non teño máis tempo, seguirei na segunda parte. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.



Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

Señorías, e en particular señora Rodríguez Rumbo, eu teño que empezar deixando claro que a Xunta de Galicia garantimos en todo momento igualdade de trato entre todos os concellos de Galicia e sempre cumprindo a lexislación vixente. E teño que dicilo porque, despois da súa intervención, parece que dá a entender que a actuación da Xunta de Galicia con respecto aos concellos de Galicia non é a que realmente é, e intenta trasladar unha imaxe distorsionada, interesada e afastada desa xestión.

Para a Xunta de Galicia é prioritaria a colaboración cos concellos, con todos os concellos, baixo os principios de cooperación, coordinación, asistencia e información recíproca, e sempre buscando mellorar a calidade dos veciños, de todos os veciños de todos os concellos, porque eles son os que nos puxeron aquí a nós e a vostedes; polo tanto, debémonos a todos os veciños de Galicia e por iso levamos anos colaborando con todos os concellos e buscando esa mellora no servizo.

Dareille os datos para rebater o que vostede dixo, pero vou responder as preguntas que facía e que aparecen na intervención.

A primeira delas é se imos negociar coa Fegamp un proxecto de lei que regule a participación dos concellos galegos nos ingresos da Comunidade Autónoma de Galicia. Vostede tamén foi directora xeral de Administración local e debería de saber que chegan tarde e que esta pregunta, dende logo, é feita a destempo; parece mentira que a firme vostede. Galicia foi pioneira —e digo pioneira porque non existe en todos os territorios— en establecer por lei un modelo de participación das entidades locais mediante o cal se contribuía a garantir a suficiencia financeira dos concellos que viña recollida na Constitución; esa suficiencia de ingresos públicos que depende non só do sistema de financiamento, senón tamén do exercicio responsable dos concellos, do cal falaremos despois.

Pero é evidente que vostede non aplica o mesmo criterio á hora de falar desa xustiza de repartición dos fondos entre os concellos cando neste Parlamento traemos, pleno si, pleno tamén, as eivas que temos no financiamento autonómico —que está directamente relacionado—, cando se trata das aportacións que fai o Estado ás comunidades autónomas, en concreto a Galicia. Chegou a dicir vostede na intervención «os fondos da covid de Pedro Sánchez». Esa é a visión real que ten o Partido Socialista do financiamento: os fondos da covid de Pedro Sánchez. Quitounos do seu bolsillo e repartiunos por toda España. *(Aplausos.)* Esa é a visión do Partido Socialista, señora Rodríguez Rumbo; díxoo vostede, non o dixeran eu. *(Aplausos.)*

Pero mire, Galicia, durante estes fondos sucesivos, saíu sempre prexudicada. Os criterios, cada vez que había que repartir fondos, cambiábanse, adaptábanse; pero, dá igual, porque calquera dos criterios escollidos en todas e cada unha das reparticións dos distintos fondos



sempre prexudicaron a Galicia. E, como dicía un compañeiro aquí do grupo parlamentario nun debate, nesta mesma lexislatura, durante aquel tempo, o portavoz do Partido Socialista, chitón. Aquí, o Partido Socialista diso non falaba nada; de feito, tivemos que acudir ao Tribunal Supremo para reclamar a mensualidade do IVE e mais os intereses porque o Goberno non estaba disposto a entregalos.

Pero, fíxese, foi no ano 2011 —despois dese 2009 ao que facía referencia— cando se garantiu por lei a participación mínima nos orzamentos xerais da Xunta. E isto ten valor porque naquel momento estabamos nunha situación económica complicada para todas as administracións, pero para a Xunta de Galicia tamén. E naqueles momentos, cando o orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia baixaba e todos tiñamos que intentar axustar os importes das diferentes partidas, as partidas destinadas aos concellos mantivéronse, nunca baixaron, ¡nunca! Dicía vostede que dende o ano 2009 o Fondo de Cooperación Local non subiu. Non, é que, cando baixaron todo, o Fondo de Cooperación Local se mantivo, e bastante esforzo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, dende o ano 2011 nunca baixou; en termos constantes, dende logo, nunca deixou de baixar; ¡nunca! E vostede debería de sabelo. Pero ese Fondo de Cooperación Local, que foi tramitado nesa lei do ano 2010 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, ten un Fondo de Cooperación Local incondicionado para os concellos; incondicionado, para gastar no que eles queiran, e ademais está garantido e nunca pode ser inferior á cantidade que estaba fixada no ano 2010.

Por tanto, a pesar desa redución dos orzamentos, nós mantivemos ese Fondo de Cooperación Local, que no ano 2022 ascende a 126 millóns de euros, o que supón un 3,3 % máis que no ano 2021, dos que 112 son ese fondo base ao que vostede facía referencia e 12,9 —13 millóns— un fondo adicional que a vostede non lle dá a gana de entender que iso é para os concellos, porque, como non poden facer o que lles dea a gana con el, entón ese xa non é un Fondo de Cooperación Local. Non, ese é un Fondo de Cooperación Local adicional que se reparte con base nuns criterios, e saen beneficiados deses criterios concellos de Galicia de todas as cores, ¡de todas as cores!

Poñíame vostede o exemplo do fondo destinado a fusionés. Para calquera concello que se fusione teñen ese fondo; agora temos a culpa de que os fusionados sexan do PP. ¿Temos a culpa? Bueno, pois teremos a culpa, pero iso tamén está á disposición de todos os concellos. Pero ese non é o orzamento que vai destinado aos concellos cada ano; o orzamento que vai destinado aos concellos é moito máis. Á parte dese Fondo de Cooperación Local hai transferencias correntes e transferencias de capital, e suman un total de 352 millóns de euros, un 25 % máis que no ano 2021. *(Aplausos.)*

Pero non acaba aí, nin sequera iso, porque aí hai que sumar a liquidación dos concellos, neste caso a do ano 2020, e chegamos a 488,5 millóns de euros para os concellos de Galicia durante este ano 2022, un 20 % máis que no ano 2021. Eu creo que non está mal o compromiso co municipalismo en Galicia, señora Rodríguez Rumbo. Creo que subir un 20 % a partida destinada aos concellos non está, dende logo, nada mal. Pero aí o que hai que poñer enriba da mesa é a distinta forma que temos de entender a política de colaboración co resto de entidades; por unha parte, está a do Estado —á que fixemos referencia— e, por outro lado, está a de Galicia, na que fixemos unha lei e garantimos por lei esa aportación aos dis-



tintos concellos. Mentres, o Goberno do Estado dificulta o acceso e fainos acudir aos tribunais de xustiza porque, se non, non temos unha parte de financiamento que estaba comprometida e que era de todos os galegos. Porque non era do señor Feijóo naquel caso, nin sequera agora do señor Rueda, é dos galegos, que hai unha diferenza fundamental. Polo tanto, ese Fondo de Cooperación que regula a participación está a dar bos resultados, mantivémolo durante a crise e no último ano aumentou en 81 millóns o que se achega aos concellos.

Dicía vostede na segunda pregunta: ¿vai o Goberno galego acordar coa Fegamp neste exercicio 2021 os criterios que rexen a repartición de subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais? Mire, a Xunta colabora con todos os concellos, con todos —repítollo—, e hai un compromiso —como lle dicía antes— de atender a todos os veciños, con independencia da cor política ou do alcalde que teñan; diso non teña vostede ningún tipo de dúbidas. E para colaborar cos concellos pódese facer a través de ordes de axuda, de programas de investimento destinados aos concellos por concorrencia, que saen anualmente, e tamén hai mecanismos de colaboración para prestar servizos públicos. E, dende logo, a Xunta de Galicia está preparada e está disposta —predisposta— a falar coa Fegamp para buscar calquera tipo de consenso.

Pero hai que deixar moi claro que cando falamos de repartición de subvencións, en todo caso sempre se fai con criterios obxectivos de adxudicación e coa ponderación deses criterios, que aparecen reflectidos nas bases de convocatoria de cada unha das subvencións. Así como coñecerá que a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, establece que a concorrencia competitiva é o procedemento ordinario —e a isto tamén fago referencia porque o dixo vostede—, o 73 % das convocatorias de axuda que teñen como beneficiarios os concellos son por concorrencia competitiva; ¡o 73 %!, non está mal. Pero, ¡oia!, isto non quere dicir que o que non sexa por concorrencia competitiva sexa ilegal, nin moito menos. A concorrencia non competitiva non é un réxime desigual nin subxectivo, atende tamén a criterios imparciais e obxectivos. Dende logo, nós imos seguir traballando así.

A conclusión é clara: a Xunta de Galicia quere e está disposta a seguir traballando con todos os concellos, buscando a máxima colaboración. E entendemos que o momento en que nos atopamos é, sen dúbida, unha oportunidade que temos que aproveitar para seguir intensificando o traballo conxunto e con visión de futuro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(*Aplausos.*)

Para a réplica, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señor conselleiro, a verdade é que os socialistas tiñamos pensado darlle un voto de confianza para ver cal era o seu compromiso cos concellos galegos, pero vemos que vostede vén aquí a botar balóns fóra.



En primeiro lugar, a min gustaríame que vostede afirme na súa segunda intervención que eu, na miña primeira intervención, dixen algunha cousa que non fose certa. E, se non é certa, demostre que non é certa.

Tamén é casualidade que vostede diga que xa existe unha lei que regula a participación dos concellos nos ingresos da Comunidade Autónoma de Galicia, posto que é a primeira reivindicación que pon a Fegamp ano tras ano en todos os documentos que lle entrega á Xunta de Galicia, jen todos os documentos! (*Aplausos.*) É bastante curioso que a Fegamp, onde tamén están os concellos do Partido Popular, siga reivindicando isto e que vostede, como responsable na materia, diga que nada.

Mire, cando haxa que demandar ao Goberno do Estado, aos socialistas non nos vai temblar o pulso, non imos facer coma vostedes. Non, non imos facer coma vostedes. Porque vostedes moito reclaman cando non gobernan vostedes, pero, cando estaba M. Rajoy no Goberno do Estado, non reclamaban nada, ¡nada!, ¡absolutamente nada!

Mire, señor Calvo, vostede tamén fala de que o Fondo de Cooperación Local é máis de 113 millóns de euros. E xa lle expliquei por activa e por pasiva —e a Fegamp e seguramente que os alcaldes e alcaldesas do Partido Popular concordan co que lle digo— que o Fondo de Cooperación Local só son 113 millóns de euros, e foi exactamente esa cantidade durante trece anos. Todo o que hai, ademais, non é Fondo de Cooperación Local, posto que non é fondo incondicionado. Polo tanto, eu creo que non está vostede na verdade. Eu poderíalle dicir se é mala fe ou é descoñecemento; descoñecemento xa sei que non é, e espero que mala fe tam pouco, pero realmente o que intentan é desvirtuar a realidade.

Mire, señor conselleiro, co expresidente Feijóo tivemos durante trece anos un goberno municipalista só para os concellos gobernados polo Partido Popular. E ademais ¡vamos!, invítooo a que lle pregunte a calquera alcaldesa ou a calquera alcalde de calquera cor política cal foi a achega máis ou menos importante que fixo a Xunta de Galicia aos concellos galegos durante estes trece anos nos que foi presidente o señor Feijóo, e o señor Rueda, actual presidente da Xunta de Galicia, foi o responsable en Administración local. Xa llo contesto eu: ningunha, absolutamente ningunha.

Estou segura, señor Calvo, de que esta non é a impronta que vostede quere deixar na xestión da súa consellería. Polo tanto, vólvolle pedir que recapacite e que na segunda intervención faga propostas reais e efectivas para os concellos. Tamén lle digo que volveremos gobernar os socialistas, e cando volvamos gobernar en Galicia, poñeremos as persoas no centro das políticas públicas e poñeremos os concellos no lugar que merecen, para poder cumprir con este obxectivo.

E, mire, xa por último, voulle dar unha mostra dalgún tema que vostede saca reiteradamente, non hoxe —ao mellor na réplica, si—, pero si noutros momentos nesta mesma Cámara. E voulle demostrar a diferenza que hai cando hai un goberno socialista e cando hai un goberno do Partido Popular xestionando unha administración pública. O exemplo que lle vou poñer é algo que vostede coñece perfectamente, porque vostede foi presidente da Deputación da Coruña; un tema que vostede empregou en moitísimos discursos nesta propia



tribuna. E voulle dar exemplos, exemplos que pode comprobar vostede ou calquera persoa, que pode ir á páxina web da Deputación da Coruña ou aos informes de fiscalización do propio Consello de Contas. Mire, o que nos di é que vostede foi presidente da Deputación da Coruña do 2011 ao 2015; a partir de 2015 temos un presidente socialista, Valentín González Formoso, que ademais é o noso secretario xeral. Pois mire, señor Diego Calvo, mentres vostede foi presidente da Deputación Provincial da Coruña, o post era de 24.200.000 euros/ano, invariablemente todos os anos. Resulta que cando temos un socialista de presidente na Deputación Provincial da Coruña, o señor Valentín González Formoso, pois en 2021 foron 90 millóns de euros; é dicir, 65,8 millóns de euros máis. Está multiplicada por 3,7 a contía de cando vostede era presidente, ou, se quere, en porcentaxes, un 272 % máis —si, non me mire con esa cara—. Se quere, compróbeo. E, mire, os convenios de colaboración que había cando vostede era presidente da Deputación Provincial eran de 12.100.000 euros. ¿Sabe de canto son agora, no 2021? De 4.316.000; é dicir, un 36 % menos en convenios de colaboración dos que había cando vostede era presidente da Deputación da Coruña.

E outro tema que, ademais, lle vou tocar porque vostede reiteradamente o dixo e, ademais, facíao aludindo á miña persoa.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Vostede falaba da execución orzamentaria da Deputación da Coruña e dicía que no ano 2020 era do 49,82 %. Vostede sabe perfectamente dúas cuestións fundamentais: a primeira, que o plan de contabilidade nunha administración local non é igual que o que ten a Comunidade Autónoma —tamén lle recordo que a da Comunidade Autónoma segue empregando un plan xeral contable de hai vinte anos, cando no ano 2010 se aprobou outra que a Xunta de Galicia segue sen aplicar—. E, en segundo lugar...

O señor PRESIDENTE: Remate. Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...vostede sabe perfectamente, porque foi presidente da Deputación, que a execución das deputacións vén condicionada aos prazos que teñen os concellos para executar os investimentos do Plan único. Entón, preguntolle, señor conselleiro: ¿vostede quere obrigar os concellos a que executen o cen por cento dos investimentos aboados no Plan único no ano de aprobación?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¿Ou quere eliminalos?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¿Quere que os perdan?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Pregúntelles aos alcaldes e alcaldesas do Partido Popular...



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...—non lle dea á cabeza— a ver o que pensan.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ¿Canto tempo teño?

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón?

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ¿Canto tempo teño?

O señor PRESIDENTE: Cinco minutos. *(Murmurios.)*

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Ben. *(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Imos empezar polo final, señora Rodríguez Rumbo. Xa o vimos con Sánchez o outro día. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Mire: vostede, cando eu fun presidente da deputación,... *(Aplausos.)* ...o 97,5 % dos puntos da orde do día foron votados por vostede. Vostede era deputada e votaba a favor. O 97,5 %, os plans únicos e todo iso. Vostede estaba alí. Por certo, non dicía nada, pero estaba alí e votou todo a favor. Todo, señora Rodríguez Rumbo, ¡todo! *(Murmurios.)*

Dous, o POS, cando este presidente —esa é a comparación que fai, que fan moitas veces, e está moi equivocada—, o POS que eu tiña cando era presidente da deputación era o Plan de obras e servizos. Pero ao lado POS había plans para servizos sociais, para igualdade, para moito... Si, isto non mo discuta porque entón vai quedar moi mal. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Cando chegou o señor González, fixo o que o interventor intentaba que eu fixera durante todo o mandato, e eu negueime, que era meter todo nun único programa, nun único plan, porque así lles daba menos traballo. Pero esa non é a función da deputación, porque a Deputación ten que fixar prioridades, prioridades tamén na súa política. Igual que a Xunta de Galicia.



Cando vostede fala dun Fondo de Compensación Local incondicionado é simplemente a transferencia de créditos, que é o que vostedes están a facer na deputación. E os seus socios non o comparten porque así mo din a min os que están na deputación, os de aquí igual din outra cousa. Pero vostede non se entera ou non se quere enterar. Polo tanto, con esas comparacións que fai aquí deberíalle de caer a cara de vergonza por facelo.

E fai vostede unha comparación dos convenios. (*Murmurios.*) Escoite, que eu o escoitei moi atento. Lexislatura 2019-2023, convenios con concellos do Partido Socialista: 11.269.214,85 euros; convenios con concellos do Bloque Nacionalista Galego —escoiten, que igual lles interesa—: 1.581.978. E interésalles porque convenios co Partido Popular: 1.727.074. (*Murmurios.*) ¡Home!, temos un pouquiño máis. Agora ben, entre vostedes e mais nós, que temos o 70 % dos concellos da provincia, multiplicamos varias veces e non chegamos á metade do que ten o Partido Socialista. (*Aplausos.*) Pero vostede verá porque ese do que fala, o secretario do Partido Socialista, e como dicía vostede na intervención, dicía: non se preocupe que o Partido Socialista volverá gobernar e aí solucionaremos todo. Non, xa o vemos, xa vemos como solucionan todo.

Por certo, é unha pena, xa que solucionan todo, nesa xira fantástica que fixeron en Bruxelas, que en vez de sacarse fotos polos pasillos alí con todos os comisarios, o que podía facer era ir co conselleiro de Medio Ambiente de Asturias, do Partido Socialista, coa conselleira de Medio Ambiente de Galicia, co conselleiro de Medio Ambiente de Cantabria, co conselleiro de Medio Ambiente de Castela e León e defender fronte ao que está facendo o Partido Socialista en Madrid a súa regulación acerca do lobo e todo o que lles afecta aos galegos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Sen embargo, o que quere é ir a dar unha volta por Bruxelas, sacarse fotos, que é do que viven. (*Aplausos.*)

E falaban vostedes de que non se incrementou o Fondo de Cooperación Local. E, claro, como o Fondo de Cooperación Local cando se destina a emerxencias; por certo, unha competencia dos concellos ou das deputacións, nos de menos de 20.000 habitantes —a competencia de emerxencias é das deputacións, e iso xa non o poñemos enriba da mesa, iso xa o sabe vostede— e nos de máis de 20.000 habitantes é dos concellos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A Xunta destina unha parte do Fondo de Cooperación adicional a manter todos os parques comarcais de bombeiros; por certo, coas deputacións. ¿Vostede diso tamén se queixa? ¿É que iso é prestar servizo aos concellos do Partido Popular? ¿É que os bombeiros dos parques comarcais só van a uns concellos? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Vostede di que ese Fondo de Cooperación Local non computa porque iso non se reparte para todos os concellos. ¿Como que non? ¿E logo as emerxencias para que son? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Todo o que ten que ver coa *Vespa velutina* é que só van traballar aos concellos do Partido Popular? ¿Pero que tonterías son esas? (*Murmurios.*) Son fondos destinados aos concellos, e aténdense todos e cada un dos concellos sen mirar a cor política, porque o que importa son os veciños que están neses concellos. ¿Que está dicindo vostede? ¿Como que non se incrementa? (*Aplausos.*)

Dicía vostede que os convenios da Xunta de Galicia... Mire: eu acabo de chegar hai nada. Pero eu o único que fixen ata o de agora foi firmar algúns convenios coma estes: (*Murmurios.*)



alumeado do campo de fútbol de Lourenzá, do PSOE, 40.000 euros; reforma das pistas de Balaídos, en deportes, 3 millóns de euros; reforma do pavillón de Fontecarmoa, Vilagarcía, en Pontevedra, firmado hai nada, 350.000 euros; reforma do pavillón do Rosal, en Pontevedra, 160.000 euros; reforma do pavillón de Sangriña, na Garda, Pontevedra, 500.000 euros; reforma de pavillón deportivo, en San Sadurniño —este é do ano pasado—, 45.000 euros; reforma do club náutico de Miño, 180.000 euros. ¿Que lle parece? Eu creo que as cousas están bastante ben xustificadas. E cando eu lle digo que os convenios se firman en función de criterios obxectivos e necesidades que existen, esta é a proba, señora Rodríguez Rumbo.

Polo tanto, non pode vir aquí e intentar trasladar esa imaxe de que a Xunta fai o que quere co financiamento dos concellos. Non é certo, e, dende logo, nós estaríamos encantados que cada vez que se produza...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...—xa remato, presidente— ...un desagravio cara a Galicia nos fondos, vostedes estiveran con nós. Decía vostede que non van dubidar en defender o que faga falta, pois levan moitas oportunidades perdidas nesta lexislatura. Vostedes calan cada vez que se produce unha nova repartición de fondos; están calando no día de hoxe co que está pasando cos fondos europeos, non din nada.

¿Pero saben o peor? Ben o peor para vostedes —a nós dános igual porque imos seguir traballando e tampouco podemos contar coa súa axuda— é que non se dan de conta, e aí están, de que cada vez son menos e cada vez van seguir sendo menos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos ao punto sétimo da orde do día, preguntas ao Goberno.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Procedemos a un debate de xeito acumulado; en concreto, das preguntas que figuran en primeiro e en terceiro lugar.

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as posibles medidas do Goberno galego para evitar a deslocalización do servizo de atención telefónica de Unión Fenosa Distribución

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonzo e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a perda de emprego vinculado aos servizos de atención ao cliente da empresa Naturgy

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a pregunta o señor Arangüena.



O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señora conselleira, Unión Fenosa Distribución está a piques de deslocalizar o servizo de atención telefónica que se presta a toda Galicia desde A Coruña para levar ese servizo a Colombia.

Unha empresa como Fenosa, que naceu na Coruña e foi unha das principais de Galicia, foi vendo reducido o seu persoal na nosa comunidade, de xeito que das máis de mil persoas que traballaban na Coruña hai algo máis dunha década, se se consuma esta deslocalización, que culminaría o desmantelamento progresivo dos postos de traballo, practicamente non vai quedar plantilla en Galicia.

E chove sobre mollado porque o 3 de marzo de 2021 o PP votou neste Parlamento a favor dunha iniciativa do PSdeG para que a Xunta adoptase todas as medidas ao seu alcance para evitar o traslado da Coruña a Madrid do centro da rede de Fenosa que estaba ubicado —como digo— na Coruña e daba servizo a toda Galicia e tamén, por certo, para que evitase calquera outra deslocalización.

O PP votou a favor da nosa proposta, pero o seu goberno non fixo nada. Incumpriron vos-tes o acordo deste Parlamento e perdéronse trinta postos de traballo máis. E agora vanse perder outros cen postos de traballo se vostedes miran para outro lado en Galicia, mentres se opoñen en Madrid ao imposto sobre os beneficios extraordinarios das eléctricas. Porque se teñen que escoller entre o traballo e as eléctricas, escollen as eléctricas. E se teñen que escoller entre a cidadanía e as eléctricas, sempre escollen as eléctricas.

Unión Fenosa Distribución é a principal distribuidora de electricidade de Galicia. Moitos dos grandes encoros hidroeléctricos da nosa comunidade son explotados por Naturgy, que obtén un enorme beneficio do noso territorio á custa do noso medio ambiente; ademais de dezasete parques eólicos aos que prevé engadir trinta máis, se se lle autorizan todas as súas peticións.

Unha administración responsable pediríalle a Naturgy máximo compromiso con Galicia, pero en troques diso a Xunta leva permitindo que a antiga Fenosa se deslocalice ano tras ano durante demasiado tempo.

Unha grande empresa coruñesa e galega como Fenosa vai perder calquera tipo de vinculación co noso territorio, o territorio no que xera gran parte da súa produción e do que obtén boa parte do seu negocio. Pero a Xunta, que ademais é socia de Naturgy en Reganosa, non fai absolutamente nada para impedilo. Están en xogo case cen postos de traballo directos. Está en xogo a calidade da atención a unha gran parte dos galegos que, se teñen un problema urxente no seu tema eléctrico e teñen que falar con alguén, deben poder facelo en galego. Está en xogo a protección dos datos de moita xente, centos de milleiros de galegos, porque Colombia, obviamente, non ten un réxime de protección de datos que poida equipararse ao noso, ao réxime europeo de protección de datos.

Por todo isto preguntamos en definitiva: ¿que pensan facer vostedes ao respecto?

Nada máis e grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

Formula agora a pregunta a señora Mercedes Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

«Boa tarde. O meu nome é María. Atendo desde Galiza. ¿En que podo axudar?» Este é o saúdo co que dende hai máis de vinte e cinco anos, señora conselleira, nos reciben as traballadoras de Teleperformance A Coruña cando atenden as nosas chamadas no servizo de avarías de Unión Fenosa Distribución do Grupo Naturgy. E é así porque dicir «desde Galiza» é desde sempre neste servizo unha garantía e un sinónimo de calidade, tanto para a clientela galega como para os que chaman do resto do Estado español.

Falamos dun servizo básico para empresas e para particulares. Falamos dun servizo público de primeira necesidade que require ser ben coñecedor da realidade sociocultural galega, da propia ordenación xeográfica do noso territorio e, por suposto, da nosa lingua propia e oficial, que é o galego.

Este coñecemento avalado pola traxectoria destes máis de vinte e cinco anos por parte das traballadoras de Teleperformance A Coruña é garantía de calidade. E é garantía de calidade que se mide en capacidade de resolución e rapidez das avarías eléctricas, que moitas veces poden evitar ou resolver con rapidez situacións de auténtica emerxencia, como algunhas que imos describir, tales como cando unha persoa avisa dun corte nunha estrada pola caída dunha árbore en pleno temporal nun lugar ou ben non sinalizado ou simplemente descoñecido para ela, cando unha persoa conectada a unha máquina de oxíxeno se ve afectada por un corte xeral de luz, ou cando unha persoa desexa ser atendida en galego, evidentemente, en garantía dos seus dereitos lingüísticos.

Pois ben, desde primeiros de setembro todo isto comezou a mudar. Este servizo básico xa se atende en máis dun oitenta por cento desde Colombia, co que se perderon en Teleperformance da Coruña noventa postos de traballo, que son substituídos agora por unha atención a distancia, con persoal completamente alleo á nosa realidade lingüística, xeográfica e sociocultural.

Todo isto acontece no Grupo Naturgy, antiga Fenosa, polo tanto matriz galega en orixe, que dá agora un novo paso adiante, porque non é a primeira vez, no traslado de postos de traballo galegos cara a outros países, con dúas consecuencias moi inmediatas: avanzar na destrución que emprendeu nos últimos anos de xa máis de oitocentos postos de traballo que ocupaban galegos e galegas, maioritariamente na Coruña e moi maioritariamente —vostede ben o sabe— desenvolvido por mulleres, porque é un sector moi feminizado, e, en segundo lugar, a mingua dunha atención de calidade á cidadanía galega como usuaria deste servizo.

Por iso, señora conselleira, preguntámoslle se pensa a Xunta exixir a Naturgy que manteña a calidade no servizo da atención á sociedade, así como os postos de traballo de Teleperformance A Coruña en Galiza, no país onde esta empresa Naturgy produce a enerxía grazas aos nosos recursos naturais e onde ingresa beneficios millonarios. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

Resposta da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

En primeiro lugar, o primeiro que vostedes están preguntando é sobre cal é a postura e que actuacións estamos facendo a Xunta de Galicia en relación con esta situación, efectivamente, que se está dando con estes postos de traballo neste centro de traballo na Coruña.

A Xunta levamos en contacto constante coas dúas empresas implicadas, tanto Naturgy como Teleperformance, tanto dende a Vicepresidencia Primeira como dende a miña consellería. Eu mesma mantiven este mesmo mes dúas reunións con directivos de ambas empresas para, por unha banda, dende logo coñecer de primeira man a situación, pero reclamar, que é o que quero que quede claro, e demandar en todo caso, que é a postura do Goberno galego, o mantemento do cen por cento dos empregos que están na Coruña ligados a este servizo.

Segundo isto, e como digo con datos reais, que me trasladaron a min os responsables das dúas empresas, paso a informalos. Efectivamente, existe un contrato entre UFD e Teleperformance, contrato que finalizou, tramitouse unha contratación nova, que de novo se asinou con esta empresa, con Teleperformance.

O contrato e a oferta vinculante que presentou Teleperformance inclúe unha cláusula que reserva especificamente a prestación do servizo telefónico en galego e dende Galicia; é dicir, que está garantido, en todo caso, que todo número de chamadas que desexen ser atendidas en galego non soamente se van atender en galego, senón que se van atender dende o centro da Coruña, polo tanto, dende Galicia. Este é aproximadamente un vinte por cento das chamadas.

Ben, para o resto do cadro de persoal existe un acordo expreso e firmado por escrito por Teleperformance de recolocalo na Coruña. Polo tanto, existe un acordo expreso de mantemento do cen por cento dos postos de traballo na Coruña. Este acordo trasladáronmo a min como conselleira, está firmado por escrito, entregado por parte de Teleperformance a Naturgy. Naturgy exixiu, e tamén mo trasladaron a min, que se mantivesen o cen por cento das empregos .

Este acordo estase cumprindo xa, é dicir, existen vinte e dúas persoas que están en período de formación, quince das cales xa pasaron a outro tipo de servizos o día 13 de setembro, e van continuar con este íter ata acadar o cen por cento dos postos.

Eu podo, ademais, dicirle que non temos coñecemento de ningún tipo, por suposto, nin de ERTE nin de ERE; é dicir, a totalidade dos contratos están agora mesmo vixentes e non están



suspensos nin existe ningún tipo de denuncia ou reclamación de ningunha clase por ningún traballador nin a Inspección de Traballo nin na autoridade laboral.

Sobre o que comentaba o deputado socialista respecto da decisión de trasladar a prestación dese servizo en concreto a Colombia e a problemática que podería existir respecto da protección de datos, o que me informan é que os servidores coa totalidade dos datos quedan en España, quedan en Galicia, co cal a lexislación de protección de datos que se vai aplicar vai continuar sendo a lexislación europea e, por suposto, a lexislación nacional, co cal non vai existir ningunha problemática en canto ao tratamento de datos dos clientes.

Polo tanto, e para que quede claro e para finalizar, mantemos unha comunicación constante o Goberno de Galicia coas dúas empresas. A nosa postura é clara: exiximos o mantemento do cen por cento dos empregos que existen agora mesmo na Coruña. Eses empregos, agora mesmo, están vixentes; é dicir, non existe ningún tipo nin de resolución de contratos nin de expedientes regulatorios de emprego nin de expedientes de suspensión de emprego, e maniféstase por parte das dúas compañías, en concreto, por parte de Teleperformance, que é a súa intención manter a totalidade dos empregos.

E, por suposto, tamén o digo aquí: o comité de empresa non se puxo en contacto coa consellería, pero estamos como sempre, e eu persoalmente, á disposición para informar —igual que o fago aquí— o comité de empresa de todas as reunións e de toda a información que paulatinamente —como digo— e de maneira constante e continuada as dúas empresas están trasladando ás dúas consellerías e a min persoalmente.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señora conselleira, en primeiro lugar, alegrámonos de que parece que asumen vostedes as súas responsabilidades, e din que lle piden á empresa que manteña os postos de traballo. Pero non nos convencen as súas explicacións.

Vostedes parece que, en primeiro lugar, aceptan que dúas persoas presten —porque iso vai ser o final do tema— o servizo en galego desde Galicia, mentres, por exemplo, se hai unha urxencia como foi a borrasca Dora, que caeu a metade da rede de Galicia, ¿que vai facer a xente nese momento se, por exemplo, chama desde A Fonsagrada e soamente fala galego e hai dúas persoas que van atender supostamente en galego esa xente? O que vai pasar é que van ter que esperar e poden ter todo tipo de urxencias que lles poden provocar graves danos por unha cuestión de electricidade.

Logo di que as bases de datos van quedar en Galicia e, polo tanto, consideran vostedes que con iso está cuberta a lexislación estatal e europea. Pero se quedan en Galicia, ¿como van consultar e acceder ás bases de datos en Colombia?, ¿como van manter a lexislación de datos se teñen que acceder por pura forza e por pura lóxica aos datos da xente, a xente que recibe



as chamadas e ten que consultar os datos da xente en Colombia, que non ten unha lexislación de protección de datos axeitada?

Polo tanto, en definitiva, non nos convencen as súas explicacións. Chegouse —insisto— a un acordo nesta Cámara o 3 de marzo de 2021 polo cal se comprometían vostedes ou polo menos se instaba a que se comprometesen vostedes, e o PP votou a favor, a que en uso das súas competencias adoptasen todas as medidas ao seu alcance para evitar o traslado dun centro operativo que nese momento estaba na Coruña e pasou a Madrid; polo tanto, non fixeron vostedes nada. E tamén para evitar calquera deslocalización máis por parte desa empresa.

O que nós lles pedimos é que cumbran vostedes ese acordo e que non se conformen coas explicacións que parece que lles están dando Naturgy e as empresas que traballan con Naturgy, porque —insisto— non fixeron nada. Perdéronse trinta postos de traballo, agora pódense perder outros cen, e unha empresa como Naturgy, neste caso os traballadores de Teleperformance, é socio da Xunta de Galicia que recibe contratos da Xunta...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo.

(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Replica, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Señora conselleira, sobre eses compromisos de Naturgy xa temos infelices experiencias, non hai máis que pensar o que aconteceu en Ourense. Polo tanto, eu pídolle, por suposto, a máxima complicidade e o máximo compromiso, porque os antecedentes son bastante negativos. E o comité de empresa sábeo, *(Aplausos.)* está aquí, pode verificalo e tamén vostede pode clarificar moito máis o seu compromiso cos traballadores e coas traballadoras de Teleperformance da Coruña.

Porque o que está a pasar pódollo dicir eu porque asistín precisamente a un exemplo práctico o xoves da semana pasada, —insisto— na miña presenza. Unha traballadora autónoma chama a este servizo para tramitar unha alta temporal dun punto de luz, para instalar un posto de polbo nunha foliada que se vai celebrar proximamente. O primeiro, identificar a localización. A localización era esta: lugar de Cabrois, parroquia de San Estevo de Paleo, concello de Carral, provincia da Coruña. ¿Cal foi a resposta que chegou ao outro lado do fío telefónico desde Colombia? Primeiro, incompreensión léxica total. «Concello», «lugar», «parroquia», ¿que é iso? «Polbo», «foliada», ¿de que me fala? Segunda, incapacidade para dar con esta localización que lle acabo de dicir despois de cinco, dez, quince e vinte minutos colgada ao teléfono esta traballadora. En definitiva, impotencia da cliente, servizo sen atender e ineficacia dun servizo que segundo as traballadoras non tiña por que levar máis de cinco minutos.

Preguntas concretas —insisto—, señora conselleira: ¿entende o Goberno, do que vostede é a conselleira de Traballo, que se están a garantir os dereitos a un servizo de atención de ca-



lidade para as usuarias? ¿Entende o Partido Popular que é xusto que unha empresa con beneficios millonarios, soamente no ano 2021 uns beneficios de 1.214 millóns de euros, á custa de explotar os recursos naturais galegos, elimine postos de traballo dos galegos e das galegas? ¿Entende o Partido Popular que hai un serio risco, si que o hai, conselleira, e vostede sábeo, de vulneración da protección de datos persoais sensíbeis da sociedade galega ao se tratar dun país cunha lexislación moito máis laxa que a nosa?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: ¿E entende o Partido Popular que se respectan os dereitos lingüísticos das galegofalantes...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas. Terminou o seu tempo.

(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Non, non a están escoitando.

Grazas.

Peche desta pregunta, conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Señor Arangüena, eu penso que do que acabo de dicir non se pode desprender que eu me conforme. Eu non dixen que me conformo. Eu o que lle estou é dando a información sobre unha cuestión que vostede estaba dando por feita, que era a perda do cen por cento dos postos de traballo, cando eu lle podo garantir é que no día de hoxe a totalidade deses contratos están vixentes, e xa se está empezando a prestar o servizo dende Colombia. Co cal eu no día de hoxe non teño ningunha razón para cuestionar o que me está trasladando a empresa.

Segundo, eu estoulle dando, que é o meu deber, unha información absolutamente fiable dun comunicado por escrito onde a empresa se está comprometendo a manter o cen por cento dos postos de traballo. A partir de aí, o meu deber, e así o vou facer, e respondo así á deputada do BNG, é continuar vixiante e continuar mantendo unha información e un contacto constante —e así o saben as empresas— de como se vai producindo a evolución das funcións destas persoas para que en ningún momento se produza resolución de ningún dos contratos de traballo.

Pero, dende logo, dicir que eu me conformo cando durante toda a miña primeira intervención estou dicindo que a función e exixencia primordial do Goberno son o mantemento do cen por cento dos empregos, e eu non me conformo con nada que non sexa o mantemento do cen por cento do emprego no centro da Coruña. *(Aplausos.)* Iso é o que quero que quede meridianoamente claro. Esa é a postura do Partido Popular: mantemento do cen por cento dos empregos.



Despois, fala vostede tamén de que son dúas persoas as que se van manter na atención en galego. Isto non é así. Eles estiman, por unha media que teñen, que son o 20 % das chamadas as que se atenden en galego e, polo tanto, teñen vinte persoas que van quedar exclusivamente atendendo en Galicia, na Coruña. Así que non sei de onde sacan que son dúas persoas; son vinte persoas as que van quedar atendendo en galego.

Eles tamén manifestaron que se houbera necesidade de aumentar o número de persoas, isto vaise facer, porque é unha exixencia que puxo Naturgy, que a atención en galego se preste dende Galicia dende ese centro da Coruña.

O tema da protección de datos. O discurso que están tendo sería tanto como dicir que a totalidade das empresas, que non é soamente Naturgy, que atenden dende países que non son europeos están incumprindo a lexislación ou a normativa de protección de datos. Isto é tan surrealista como isto que vostedes están dicindo.

Por outra banda, señor Arangüena, é que a lexislación de aplicación non é a lexislación onde o traballador consulta a pantalla, a lexislación de aplicación en materia de protección de datos é onde se atopan os datos, por normativa internacional. Entón, quere dicirse que a lexislación que vai protexer os datos das persoas usuarias, aínda que o traballador consulte a pantalla dende Colombia, é a lexislación europea e a lexislación nacional española. Por non dicir que vostedes, que xa non o dixen na primeira intervención, chegan a poñer por escrito: Colombia un país sen lexislación. ¡Home! Non será lexislación europea, non se aplica a lexislación de Colombia isto por diante. Pero dicir que Colombia non ten lexislación tampouco creo que sexa iso.

Co cal debe quedar claro que os servidores quedan en Galicia. Polo tanto, a normativa de protección de datos, como sucede con moitísimas outras empresas, e con isto eu non estou apoiando a deslocalización, pero isto é unha cousa e isto é estender un medo á cidadanía con que os seus datos quedan desprotexidos polo feito de que a persoa que consulta a pantalla non estea sita en Europa. Isto non é así.

Co cal —reitero— nós imos continuar con contacto constante e continuado e teñen o meu requirimento a empresa de Teleperformance e Naturgy de que cada evolución que vaia existindo mo comuniquen persoalmente, para garantir que esas persoas traballadoras da Coruña manteñan os seus empregos no cen por cento.

Ao comité de empresa, que está aquí, reitero o que dixen na primeira intervención: eu estou ao dispor para darlle esta información, por suposto, no Parlamento, pero tamén no meu despacho como fago sempre, con calquera empresa, con calquera comité de empresa ou calquera sindicato que se interesa polos seus traballadores, para coñecer de xeito directo a información que nós temos por parte das empresas. Co cal —reitero— aquí a total disposición, pola miña parte por suposto e da directora xeral tamén, para informarlle de maneira continuada e constante segundo imos tendo información por parte das dúas empresas.

Nada máis grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a perda de subvencións dirixidas ao desenvolvemento das enerxías renovables polo informe negativo da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Begoña Rodríguez Rumbo, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¡Perdón! ¿Que conselleiro me vai responder? ¿Vostede? Vale, grazas.

Boa tarde de novo.

O 24 de xuño de 2021, o Parlamento Europeo aprobou a nova Lei do clima, que recolle o obxectivo de reducir as emisións nun 55 % para o 2030 respecto dos niveis de 1990 e acadar a neutralidade climática en 2050.

Para poder acadar estes obxectivos é fundamental incrementar a capacidade solar fotovoltaica, así como un maior desenvolvemento e implantación da xeración distribuída e o autoconsumo, acercando a xeración ao consumo e outorgando aos consumidores independencia fronte ao sector enerxético tradicional...

O señor PRESIDENTE: Esta pregunta...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¿Que pasa?

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Perdón, imos parar o tempo.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Era simplemente por dirixirme, por educación...

O señor PRESIDENTE: Pero eu aquí teño que quen responde é o conselleiro Román Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Correcto, pero preguntei por iso, como me dixeron...

O señor PRESIDENTE: Entón, eu non sei cal era o problema.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O tempo foille descontando, agora repóñoilo.



A señora RODRÍGUEZ RUMBO: E daquela que fago, ¿volvo empezar? *(Risos.)* É que xa non me acordo onde quedei, señor conselleiro. *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Volva empezar. *(Murmurios.)*

Comece a pregunta, se quere, porque o fío da pregunta pérdese. É lóxico.

Empece a pregunta desde o principio. Cando queira.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

O 24 de xuño de 2021, o Parlamento Europeo aprobou a nova Lei do clima, que recolle o obxectivo de reducir as emisións nun 55 % para o 2030 respecto dos niveis de 1990 e acadar a neutralidade climática en 2050.

Para poder acadar estes obxectivos é fundamental incrementar a capacidade solar fotovoltaica, así como un maior desenvolvemento e implantación da xeración distribuída e o autoconsumo, acercando a xeración ao consumo e outorgando aos consumidores independencia fronte ao sector enerxético tradicional, co que se aumenta a competitividade dos autoxeradores. Obxectivos que se inclúen nos obxectivos de desenvolvemento sustentable, como ferramenta fundamental para avanzar no fin da pobreza, protexer o planeta e mellorar a vida e as perspectivas das persoas en todo o mundo.

O Plan nacional integrado de enerxía e clima plantexa o obxectivo do 42 % de penetración da enerxía renovable no uso final da enerxía para o 2030, chegando ao 74 % renovable no sector eléctrico e plantexando medidas de fomento dende o ámbito local coa elaboración de manuais sobre autoconsumo en contornos urbanos, que faciliten a toma de decisións ás autoridades municipais e medidas de impulso de autoconsumo en sectores vulnerables.

De igual xeito, o Plan de recuperación, transformación e resiliencia inclúe dentro da súa compoñente sétima o establecemento dun grupo de traballo coas entidades locais e o desenvolvemento dunha guía das mellores prácticas de autoconsumo nos concellos. Dando cumprimento ao contido no Plan de recuperación, transformación e resiliencia presentado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a través do IDAE, elaborou unha Guía de orientación aos concellos para o fomento do autoconsumo de enerxía eléctrica, que se presenta como un dos piares fundamentais no desenvolvemento das enerxías renovables e na consecución da transición enerxética.

Na dita guía preséntase unha serie de recomendacións e propostas de mellores prácticas en distintos aspectos da tramitación municipal, que poden ser tidas en conta no desenvolvemento dos procedementos aplicables, como poden ser: a licenza de obra, as certificacións de solidez e estudo de carga, as certificacións de reflexos, os plans especiais de protección histórico-artística, os condicionantes estéticos, a xestión de residuos, a seguridade e saúde, a dixitalización dos trámites ou a ocupación de vía pública ou finanzas por danos en infraestruturas.



Non lle plantexo as preguntas porque vostede xa as coñece e deixo a outra parte para a miña réplica.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Boas tardes e moitas grazas, señor presidente.

Señora deputada, é moi loable o impulso e o respecto polas políticas públicas orientadas a mellorar a calidade ambiental e a reducir os consumos. O consumo de recursos enerxéticos é tremendamente loable. Pero, igual de loable — polo que acabamos de ler na súa pregunta — é o respecto ao patrimonio cultural. Creo que son dúas cuestións que non son, en ningún caso, excluíntes e dá a sensación no plantexamento que vostede fai que prioriza, neste caso, a protección ambiental fronte á protección patrimonial. Obviamente, nós vemos e pensamos que son absolutamente compatibles, tanto a xestión eficaz dos recursos naturais, que son finitos, como tamén todo o que ten que ver coa xestión dos recursos e dos bens patrimoniais.

Neste sentido, nós estamos absolutamente a favor — non cabe ningunha dúbida — dos documentos que vostede cita na súa iniciativa, é dicir, tanto das ordenanzas emitidas pola Comisión Europea, polo Parlamento Europeo, como tamén das propias guías emitidas, neste caso, polo ministerio correspondente. Pero, desde a perspectiva patrimonial, tamén existe unha lexislación que é básica; unha lexislación estatal, que a lexislación autonómica recolle, que nos leva a avaliar e a fixar calquera tipo de intervención que se faga respecto dos diferentes bens patrimoniais que hai nun concello e que están recollidos no planeamento municipal, ben sexan bens de interese cultural, ben sexan inmobles catalogados, ben sexan tamén conxuntos históricos.

Cando chega á Dirección Xeral de Patrimonio un proxecto de posta en marcha de placas fotovoltaicas dentro dunha área de influencia dun ben patrimonial, sexa o Camiño de Santiago, sexa un BIC, un monumento, etc., tómanse as decisións oportunas e non o vemos como un conflito.

Cando chega unha demanda específica de instalación para obter un permiso específico para instalar unha fotovoltaica ou calquera outro tipo de acción construtiva dentro dun ben catalogado ou ben dentro da influencia dese ben catalogado, os técnicos avalían coa lexislación patrimonial vixente, tanto a estatal como a autonómica, e emiten os seus informes sen ningún tipo de presión política. Pode estar absolutamente segura.

A verdade é que no ámbito concreto das instalacións fotovoltaicas de todas as peticións que se fixeron, ata o momento, temos un índice de aprobación bastante elevado: aprobouse, ata



o momento, un 95 % e están resoltos favorablemente todos os expedientes. Non vemos que haxa un conflito, neste caso. O que si vemos é que existe unha busca de compatibilizar as políticas ambientais de protección do medio natural, de redución, de consumos e de recursos enerxéticos coa protección dos recursos patrimoniais e a porcentaxe favorable...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o seu tempo.

(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Réplica, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, na guía que lle comentaba antes de recomendacións e propostas tamén se analizan os aspectos urbanísticos de autoconsumo. E débúllase a aprobación que fixeron algunhas comunidades autónomas, entre as que non se encontra Galicia, para actuar sobre a súa normativa urbanística e permitir aos municipios a aplicación de procedementos de declaración responsable ou comunicación previa na concesión de licenzas de obra; sendo igualmente unha preferencia xeneralizada e crecente entre os concellos daquelas comunidades autónomas onde non existe unha exención a nivel autonómico.

Actualmente, en Galicia, non ter adaptada a normativa urbanística está supoñendo que un número importante de beneficiarios con subvencións concedidas, e fundamentalmente en zonas do rural, teñen que renunciar a elas polo informe negativo da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia. A vostede non se lle escapa que formulamos esta pregunta porque moitos destes beneficiarios tiveron que renunciar a esa subvención e desde a propia Dirección Xeral de Patrimonio xa se lles informaba que ían ser informados negativamente e que, na maior parte dos casos, nin sequera os ían contemplar.

Polo tanto, eu vólvolle preguntar, señor conselleiro —e ademais parécenos un tema importante, evidentemente, sen ir en contra do patrimonio galego, que non é, nin moito menos, esa a nosa intención—: ¿vai a Xunta de Galicia adaptar a normativa urbanística galega para que aqueles beneficiarios destas subvencións non as perdan, contribuindo a acadar os obxectivos de transición enerxética aprobada pola Unión Europea e por todos os estados membros?

E a segunda pregunta é: ¿é coñecedora a Xunta de Galicia, neste caso, o conselleiro competente, da cantidade de subvencións ás que tiveron que renunciar beneficiarios con estas achegas concedidas e que por culpa de non obter esta licenza de obra pertinente teñen que renunciar a elas?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¿Van facer algo?

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¿Van mudar ou van crear esta normativa...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...para que, polo menos, se poida corrixir naqueles casos en que sexa posible?

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Peche da pregunta, o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, vostede e mais eu procedemos do mundo municipal e estamos moi preocupados sempre polo municipalismo, e creo que o respectamos sen ningún tipo de dúbida.

Vostede cita unha guía. Efectivamente, hai unha guía, pero tamén hai unha lexislación no ámbito patrimonial, tanto a estatal como a autonómica. E entenderá que se cumpra e entenderá que os técnicos de Patrimonio non informen en contra da súa lexislación autonómica e estatal. Tamén lle dixen que o 95 % dos informes presentados para poñer en marcha fotovoltaicas foron favorables ao demandante.

Esta é unha cuestión de convivencia e é unha cuestión de que existe un marco normativo estatal, que no conxunto de España é o mesmo e que as comunidades autónomas debemos cumprir. E os nosos técnicos informan tendo en conta o seu marco legal. ¿Que exista unha guía? Non o dubidamos, pero a guía tamén terá que respectar a normativa estatal básica no ámbito de patrimonio. E creo que este é un tema que pasa en toda España, non é unha cuestión de Galicia.

De feito, coméntolle unha cuestión —non sei se vostede o sabe ou non—. Esta mesma semana, o 15 de setembro, o Ministerio de Cultura, en coordinación co que vostede citou, citou —valla a redundancia— aos diferentes responsables de Patrimonio das comunidades autónomas para dar unha solución nacional a este problema, que emana dunha lexislación patrimonial básica de ámbito estatal. Co cal estamos ante un problema que ten que ver cunha lexislación estatal, que leva a que as lexislacións autonómicas con preceptos básicos e os informantes de cada comunidade autónoma teñen que informar con base niso.

Como lle dixen, estamos totalmente sensibilizados e respectamos —igual que calquera forza política— a necesidade de aplicar medidas de aforro enerxético e de consumo, e de uso responsable dos recursos finitos que xeran enerxía. Pero, tamén ten que entender que desde a perspectiva patrimonial é necesario respectar os valores patrimoniais dos bens catalogados, sexan BIC, sexan bens catalogados ou como sexa.



En definitiva, estamos absolutamente sensibilizados — polo menos, igual que vostede — coa loita polo aforro enerxético. Segundo, hai unha lexislación patrimonial de obrigado cumprimento, nacional e autonómica, que tamén procura a conservación dos bens patrimoniais. E, terceiro, o dato que lle dei creo que é bastante significativo. O 95 % dos expedientes que veñen orientados a pedir a instalación fotovoltaica no contorno de bens patrimoniais foron aprobados favorablemente. É posible que algún non o fose, pero se non o é, é porque hai criterios obxectivos para facelo, porque o 95 % si foi así.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e D^a Noelia Otero Lago, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a consideración por parte do Goberno galego da renovación de maneira urxente da dirección da CRTVG a raíz dos escándalos de manipulación informativa e do incumprimento da Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Noa Díaz Varela do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora DIAZ VARELA: Boa tarde, vicepresidente segundo.

Onte mesmo nesta Cámara parlamentaria tivemos a ocasión de escoitar o posicionamento do Grupo Parlamentario Popular. E hoxe — xa que non dispomos doutras fórmulas máis ca esta — o que queremos é saber se o noso Goberno está ou non, cando menos, preocupado pola deriva dos nosos medios públicos. Prégolle, iso si — a ver se é posible — que nos escasos minutos que temos escape de argumentacións que pivoten acerca da rendibilidade empresarial da CRTVG, pois non é o tema de hoxe. Hoxe aquí falamos de manipulación, unha manipulación que ademais sumamos á conculcación de dereitos fundamentais e ao incumprimento da lei.

A cuestión é clara, moi clara, e vou empregar só dous exemplos moi concretos — por certo, tamén moi recentes — e clarificadores da utilización dos medios públicos galegos como ferramenta propagandística do PP. E ademais agora xa non só do PP galego, senón tamén do señor Feijóo e, o que é peor, da ultradereita. Pero, evidentemente, agora son os seus socios de goberno.

Hai escasos días, a Televisión de Galicia cubría unha visita dun ministro e dunha ministra sobre os traballos de exhumación de fosas de vítimas do franquismo en Colmenar Viejo. Esa peza informativa — que imaxino que vostede coñece — incluía un corte que, lonxe de responder a unha pregunta da nosa televisión ou a outra que fornecese ademais de información esa nova, supuxo unicamente servir de altofalante a unha plataforma dixital de extrema dereita. Dese xeito, ese día, a Televisión de Galicia, ¡a nosa televisión!, foi o esperpento de todo o Estado — créame que o foi — por rachar co baleiro mediático que todos os medios informativos — por certo, tamén os de dereitas — someten a estes grupos neofascistas. E é máis, doulle un detalle: só por eses vinte segundos que emitía só a Televisión de Galicia, a propia plataforma Twitter pechaba a conta dese grupo neofascista. (*Aplausos.*)



Pero, por se fose pouco, señor Calvo, porque xa non tiñamos bastante, ese día, ese mesmo telexornal tamén ofrecía noutra nova unhas declaracións da secretaria xeral do Partido Popular de Galicia, a señora Prado, que foron remitidas directamente xa dende a sede do PP — onde estará instalada supoño que a PPTv— sen mediar ningún profesional da Televisión de Galicia. Por suposto, esa peza non incluía —digo por suposto porque a iso nos teñen acostumados— as voces das outras forzas cando o tema a tratar era a avaliación dos cen días do señor Rueda no goberno.

Diante destes últimos dous exemplos que se contan por dúcias cada semana, ¿pensa vostede que a CRTVG está a cumprir coa súa misión de servizo público, que, entre outras cuestións, obriga a garantir a imparcialidade e a pluralidade informativa? De verdade, ¿pensa que si? ¿Pensa vostede, como membro do Goberno que debería ser garante do cumprimento da lei no noso país, que temos uns medios públicos exemplares, cando non hai nin estatuto profesional, nin consello de informativos, nin contrato de programa, nin plan de igualdade? ¿Pensa vostede que isto é algo lóxico? ¿Non considera, señor Calvo, que todo isto son razóns máis que suficientes para renovar de maneira urxente a Dirección da CRTVG? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Señorías, eu non sei exactamente en que quedamos e que é o que queren: que se cumpra a Lei da CRTVG ou se, polo contrario, como pretenden con moitas das iniciativas e moitas das súas propostas, que incumpramos a Lei da CRTVG.

Explícome. Acusan á CRTVG de incumplir a lei e, ao mesmo tempo, sabemos —e nós vímosllo explicar— que cumpre coa lei: desenvolve a súa misión de servizo público segundo os principios da Lei 9/2011 na produción e difusión de todas as súas canles de programacións, no pluralismo, na promoción do emprego da lingua galega, e ademais faino cunha xestión eficiente. E vostede di que non podemos falar. Pois non falemos da xestión eficiente que facemos. ¿E que é o que nos piden? Que incumpramos nós a lei.

Vostedes deberían de saber —ou deberían de mirar na lei— que o propio artigo 25 desta lei di —no que se refire ao estatuto do persoal da directora ou do director xeral— que a directora ou o director xeral exercerá as súas funcións con absoluta independencia, sen que poida recibir instrucións, directrices ou calquera clase de indicación imperativa do Goberno, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dos partidos políticos nin doutras institucións ou entidades. Supoño que despois do pasado que vostedes teñen na CRTVG igual non o acaban de entender ou, polo menos, de aceptar. Pero, dende logo, isto é o que pon a lei no seu artigo 25.

E pídennos o contrario. Pídennos inxerencia no funcionamento cotián da corporación, pero van máis alá. Pídennos que cesemos o director xeral, e voulles lembrar a lei. A lei contempla



que o director xeral cesa automaticamente en dous casos que veñen aquí: cando presentan unha liquidación do orzamento que empeore un 10 % ou superior ao do ano anterior, ou pola existencia dunha desviación orzamentaria por exceso igual ou superior ao 10 % das cifras aprobadas para o total de dotacións. Ningún dos dous casos se dá. A CRTVG leva trece anos consecutivos nos que as contas pechan con superávit. Na época do Bipartito xa sei que non era así e a vostedes iso non lles preocupa, pero ao resto da xente parece que si.

Ademais, a última onda do Estudo xeral de medios di que a TVG é a canle máis vista de Galicia e tamén a televisión autonómica líder. Cos datos que están enriba da mesa, estamos seguros de que os traballadores e as traballadoras da CRTVG realizan o seu labor con profesionalidade, rigor e responsabilidade. E non merecen estar sometidos a unha crítica constante de estar pensando sempre que hai algo que non existe, especialmente do Partido Socialista, señora Díaz. *(Aplausos.)*

Eu non sei cal é o modelo de televisión pública. Probablemente, en Galicia sabemos cal foi —e ademais témolo traído a este Parlamento en moitas ocasións— e no día de hoxe sabemos cal é o modelo da televisión pública do Partido Socialista en España. E nós non compartimos ese modelo, no que se cesa a todo o Consello de Administración e se nomea indefinidamente...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...un administrador único...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...caendo a Televisión Española a onde está.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Señor Calvo, o que queremos no PSdeG é que se cumpra a lei mentres que non exista esa remuda da dirección xeral.

Fixo aquí vostede un exercicio increíble de cinismo —xa estamos acostumados— e eu pedinlle que se centrase, pero vexo que este Goberno nesta cuestión non está centrado nin está cómodo tampouco. Só está cómodo nos números, pero non en todos os números, porque se falamos dos centos de denuncias que aínda agardan nos xulgados «*ya tal*», como dicía o



señor Rajoy, ou das porcentaxes de cultura galega na grella, ou de investimento e produción propia. Eses números a vostedes non lles interesan. Fan tamén unha lectura moi torticeira da lei, e tamén o saben.

Nós descoñecemos se a marcha do expresidente da Xunta de Galicia a Madrid é a causa da actual deriva dos informativos da CRTVG, que xa nin se conforman —e fale do que vimos aquí hoxe falar, por favor, céntrese—, con manipular para favorecer un goberno do PP, senón que agora estenden esa manipulación funcionando de altofalante da dereita. Preguntámonos cal será a seguinte barbaridade informativa nesta ansia por ser —repito— a ferramenta propagandística do PP do señor Feijóo e agora tamén dos seus socios de goberno neofascistas. Quizais, a causa desta deriva última sexa a próxima cita electoral de maio, (*Murmurios.*) porque tamén será casualidade, ¡tamén será casualidade! —pido silencio—, que as testemuñas de pezas informativas varias na Televisión e na Radio Galega —e escoiten ben— ultimamente coincidan con voceiros e voceiras —xa o dixen onte— municipais do PP que, ¡casualidade!, resultan ser tamén os candidatos e as candidatas nas vindeiras eleccións municipais. Unha estafa. (*Murmurios.*) ¡Manipulación e unha estafa, tamén!

Señor Calvo, non está a cumprir —e onte ademais explicámoslos de maneira moi clara eses principios inspiradores, un por un, non minta hoxe, aquí, un por un explicámoslos— nin o primeiro. Estamos falando dos principios para os que foi creada, excedendo os límites de manipulación informativa dun xeito inaceptable.

Repítolle. Sumámoslle sentenzas condenatorias por vulneración de dereitos fundamentais e incumprimento da lei. Son vostedes os que teñen que garantir que esa lei se cumpre, non somos nós. ¡Son vostedes! E non se está a cumprir. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Peche da pregunta, vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

O que está claro é que só len aquilo que lles parece interesante. Ese artigo 25 do que eu falaba da non inxerencia, vostedes ese non o len.

Aquí estase a cumprir exactamente coa lei. E quen nomea ao responsable da televisión pública saltando a legalidade e facendo todas estas cousas son vostedes. Acábollelo de dicir: cesar por decreto lei un consello de administración dunha corporación pública como é a Corporación de Radio e Televisión Española e, posteriormente, acometer a maior purga de profesionais nunca vista foi o Partido Socialista, non foi o Partido Popular. (*Aplausos.*) Facer un decretazo no Senado que impoñía nomes cesando ao Consello de Administración elixido polo Congreso e reunir unha soa persoa as competencias da Corporación e do Consello de Administración é o Partido Socialista, señora. ¿Pero, vostede, onde vive? ¿Como que non se dá conta destas cousas?



E di que falemos de Galicia, pois falamos de Galicia. Eu tiven a oportunidade de ser portavoz da CRTVG na lexislatura na que había o Bipartito (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e ¿sabe vostede que facía o señor Antón Losada, dirixente do Bloque Nacionalista Galego na Xunta? Tivo que dirixir por carta ao señor Benigno Sánchez, director da CRTVG, denunciando a manipulación que existía na Televisión de Galicia porque só saían os membros do Partido Socialista. E o propio Benigno Sánchez tivo que vir ao Parlamento contestar moitas veces. Esa é a forma de entender, de dirixir e de manipular que ten o Partido Socialista, e quedou demostrado. (*Aplausos.*) ¡Quedou demostrado en Galicia cando tiveron a oportunidade!

Fala vostede de vulneración de dereitos. ¡Pero se aquí houbo sentenzas! O Valedor do Pobo e os tribunais dixéronlle á Televisión de Galicia, que estaba presidida por Benigno Sánchez, que saltaba a lei todos os días. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Aquí, en Galicia, na CRTVG. ¡Aquí!

E o socio de goberno denunciábo d'ía tras d'ía. Decía o señor Quintana que os telexornais só valían para saber onde comían os conselleiros do Partido Socialista. (*Murmurios.*) Vostede igual non o sabe, pero eu daquela tiven a oportunidade de estar aquí e lémbroo. Esa é a forma de entender a CRTVG que ten o Partido Socialista.

Polo tanto, nós non inserimos nin estamos dicindo que é o que ten que ir nos telexornais. ¡Faltaría máis! (*Murmurios.*) Hai unha Comisión de Control na CRTVG aquí neste Parlamento e poden vostedes facer as preguntas que estimen oportunas ao director xeral.

Pero, ¿que concepción ten vostede da CRTVG que temos que dicirlle que noticias teñen que entrar nos telexornais? (*Murmurios.*) Están vostedes moi equivocados e están vivindo no pasado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Están vivindo no pasado! Esa forma de entender os medios públicos, dende logo, non é a do Partido Popular na Xunta de Galicia, (*Murmurios.*) senón a do Partido Socialista e a do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) Porque esa carta denunciaba que eles estaban sen poder facer o mesmo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Alexandra Fernández Gómez, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os criterios baixo os que a Xunta de Galicia pretende declarar o proxecto urbanístico do empresario Carlos Mouriño en Mos como de interese autonómico

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Bo día.



Hai cinco anos, o empresario Carlos Mouriño decidiu dar un pelotazo urbanístico no alto dun dos montes con mellores vistas á ría de Vigo cun macroproxeito que combina todo tipo de usos: deportivos, comerciais ou hoteleiros, entre outros. E o beneficio que prevé sacar desta macrooperación é altísimo, porque consistiría en urbanizar maiormente terreo de monte comunal expropiado a catro pesos, e despois da operación ese solo acadaría un valor elevadísimo, sobre todo, polo enclave estratéxico no que se atopa. E esta operación especulativa contou dende o minuto cero co aval do Partido Popular.

A primeira estratexia para lograr darlle cobertura legal a esta operación consistiu nunha *entente* entre o empresario e o Concello de Mos, gobernado polo Partido Popular, para unha modificación do seu plan xeral. Pero o proxecto tiña e ten un impacto tan lesivo e tan evidente no territorio que bateu cun informe da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e de Cambio Climático, que reunía unha chea de obxeccións de numerosos organismos. Por exemplo, o Instituto de Estudos do Territorio sinalaba un grave impacto paisaxístico; Mobilidade di que a localización contradí o modelo de mobilidade sostible que leva por diante a cohesión do sistema urbano; dende a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo advirten que a expropiación de terreos en man común non se xustifica nestes casos; tamén que a destrución de masa forestal no alto dun monte como este supón un risco ambiental, porque é precisamente esa masa forestal a que está protexendo o solo e os recursos hídricos de toda a contorna; e isto é só unha pequena mostra do que recibiu.

Así que despois deste primeiro fracaso veu o segundo intento consistente en trocear o proxecto en pequenas partes para que parecece un pouquiño menos lesivo. É dicir, Mouriño, concello e Xunta pactaron un «ti vaille dando aos poucos, que logo xa iremos amañando».

E desta forma comezaron a construírse os primeiros campos e infraestruturas, pero o proxecto volveu levar un novo batacazo. Desta vez, foi por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que ratificou que esas primeiras obras eran ilegais e ademais observaba unha fragmentación fraudulenta da totalidade do proxecto na tramitación.

E agora veñen co terceiro intento. Mouriño presenta un novo *dossier* onde se recolle só unha parte do proxecto inicial, pero non renuncia á súa totalidade e, mentres tanto, a Xunta búscalle un encaixe legal para unha tramitación exprés. Grazas a ese instrumento que vostedes meteron con calzador na última reforma da Lei de ordenación do territorio os proxectos de interese autonómico, que non é, nada máis e nada menos, que un instrumento para facilitar que as empresas amigas do Partido Popular salten todos os criterios de planificación territorial sostible. (*Aplausos.*)

A pregunta é: ¿como pode ser que unha chea de organismos da Xunta advirtan do lesivo que é para o territorio e que vostedes agora intenten tramitalo outra vez, de novo, pola vía exprés e saltando os filtros de control? ¿Como pode ser que a Xustiza diga que se dedicaron a fragmentar o proxecto de forma ilegal e agora, outra vez, volvan intentar tramitar unha parte do proxecto? ¿Como pode ser que vostedes sexan os únicos que vexan un interese autonómico, cando todo o mundo ve...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández. Terminou o tempo.



A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...un conflito entre intereses... (*A señora Fernández Gómez pronuncia palabras que non se perciben.*) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Señora Alexandra, eu estábaa escoitando atentamente e dáme a impresión de que vostede cando quere coller informes desfavorables di: hai informes desfavorables —que é o que teñen que facer os técnicos—, pero se hai algún favorable a vostede non lle parece ben e entón son amigos do Partido Popular. Esta é a situación. Pero nós estamos para outra cousa. Estamos gobernando e, polo tanto, non hai técnicos amigos duns nin doutros nin hai empresas amigas ou non da Xunta de Galicia.

Polo tanto, os proxectos de interese autonómico están recollidos na Lei de ordenación do territorio de Galicia, que —como vostede ben dixo— foi aprobada nesta Cámara, foi ademais no ano 2021, para actualizar e facer máis sinxelo o corpo normativo urbanístico de Galicia. De feito, no seu artigo 40 determínase claramente o obxecto, o ámbito e as funcións deste tipo de proxectos, que buscan planificar e tamén proxectar actuacións que transcenden do ámbito municipal. É dicir, benefician ao conxunto de Galicia, xa sexa pola súa incidencia territorial, económica, social ou cultural, ou debido á súa magnitude e singulares características. Pero de todo isto tamén teñen que informar os técnicos. Non crea vostede que informan dunha cousa si e doutra cousa non.

Entre eles atópase a implantación de dotacións urbanísticas de titularidade ben pública ou privada, pero tamén se contemplan os grandes equipamentos de uso deportivo.

O proxecto denominado «Factoría do Deporte Galego, Galicia Sports 360», que se pretende implantar no concello de Mos, pode encadrarse no disposto na lei. Pero aínda é cedo, señora Fernández, para avanzar o resultado dunha tramitación que acaba de comezar e que, como non podería ser doutro xeito, debe seguir os pasos dispostos na lei.

E iso é o que fai a Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia tramita todos os proxectos que recibe —se non é así, dígao vostede— sexa quen sexa o promotor, sen facer distincións e sempre con todas as garantías legais. Pero aínda falta camiño por percorrer e sabe vostede que a transparencia ha de ser fundamental. Por iso a informo do seguinte:

O inicio do procedemento de declaración de interese foi solicitado en marzo do 2022 e en xuño o organismo da Xunta con competencias en materia de deportes emitiu un informe sobre o interese público do proxecto.

Posteriormente, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emite informe sobre a conformidade coas directrices de ordenación do territorio en relación cos equipa-



mentos colectivos deportivos e indica, así mesmo, que pode continuarse coa súa tramitación dende o punto de vista urbanístico. É dicir, se non tivera encaixe na lei, a Dirección Xeral de Urbanismo informaría desfavorablemente, como fixo noutras ocasións.

Finalmente, no pasado mes de agosto, a Secretaría Xeral para o Deporte publicou no DOG o inicio do trámite de audiencia aos concellos afectados e demais administracións públicas interesadas e teñen dous...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira. Rematou o tempo.

(Aplausos.)

Réplica da señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Vostede sabe que o proxecto sería un desastre para a sustentabilidade do territorio e eses informes saen da súa consellería. Se vostede hoxe está tan convencida de que non sería tan desastroso, ¡móllese!, ¡móllese!, señora conselleira, e conteste cal é o interese para este país de construír un hotel nese enclave. ¡Conteste! ¡Defenda a posición e conteste sobre cal é o interese para este país, sobre cal é o interese para este país de transformar o alto dun monte comunal en comercio, en restauración! ¿Cal é o interese que ten destruír a masa forestal que protexe os recursos hídricos ou expropiarlles aos comuneiros e aos veciños os seus terreos forestais? ¡É que non hai interese público! Aí o que hai é o interese privado do señor Mouriño, que vai facer un gran negocio co apoio do Partido Popular *(Aplausos.)*

Pero é que aínda hai máis, porque o Partido Popular enfangouse neste negocio ata as cellas e de moitas formas. Por exemplo, cando Mouriño comete ilegalidades, a Xunta mira para outro lado. Os comuneiros están denunciando cun informe pericial na man que o volume construído na actualidade está moi por riba do autorizado e, mentres tanto, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística da Xunta asubía cara arriba e mira para outro lado. Ou, por exemplo, cando Mouriño necesita ocultar algo, a Xunta sempre lle bota unha man agochándoo debaixo da alfombra, pois acabamos de saber —acábase de filtrar á prensa— que se atoparon achados arqueolóxicos singulares e vostedes gardaron esa información baixo chave para que ninguén se enterase. E seguen negando a información. *(Aplausos.)* Enfangáronse tanto dende a Xunta que ata o expresidente ía dando o seu aval persoal ao proxecto cando nin sequera tiña licenzas. O trato de favor é tan descarado que o señor Feijóo participaba na inauguración das instalacións sabendo que non tiñan os permisos para o complexo deportivo.

Señora conselleira, ¿por que APLU non investiga? ¿Por que dende Patrimonio se esconden informes? ¿Por que o presidente inaugura instalacións declaradas ilegais? ¿Por que tanto interese do Partido Popular en que o negocio de Mouriño saia adiante como sexa? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

Peche da pregunta pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.



A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Señora Fernández, non se dá vostede conta de que se contradí totalmente. Non se dá conta de que di que emitimos informes desfavorables e de que, polo tanto, se parou unha tramitación. Parouse unha tramitación e comeza outro tipo de tramitación. Dígolle que está en exposición pública, que aínda é cedo e que tiveron vostedes o mes de agosto e todo o mes de setembro para facer as alegacións pertinentes. ¿Por que pon vostede o carro antes dos bois? ¡É que non ten sentido, non ten lóxica!

O que pasa é que hai que enmarañar, e é o que fan vostedes sempre, enmarañar. Se os informes son desfavorables, aplaudimos ou non aplaudimos dependendo tamén do tipo de empresa e de se se puxo en contacto ou non co BNG. E se son favorables tamén depende, poden ser mellores ou peores. Os técnicos son os mesmos e debemos respectar os técnicos e debemos respectar as direccións xerais.

No pasado mes de xullo, o Concello de Mos aprobou por maioría o Plan especial de infraestruturas e dotacións. É algo que lle compete. O seu obxectivo era ordenar e implantar en solo rústico instalacións destinadas a usos dotacionais deportivos de carácter privado. E no marco desa tramitación, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emite un informe no que se acredita o estricto cumprimento da normativa. E iso é precisamente o que facemos nós: velar pola normativa e polo seu cumprimento.

Aínda así, a tramitación está aí. A Xunta non ten empresas amigas nin inimigas, nin tam pouco clubs deportivos amigos ou inimigos. O que facemos é avaliar todos os proxectos, sen importar a súa procedencia nin quen os impulsa. (*Aplausos.*) E eu entendo, señora Fernández, que vostede non me está pedindo que salte a lei nin me está pedindo que lles diga aos técnicos que informen segundo quere o BNG.

Hai unha tramitación. Sabe vostede que existen os PIA, sabe cal é a súa tramitación, sabe que hai transparencia e, habendo transparencia, que debería avaliar o proxecto e, polo tanto, ver se hai hotel ou non hai hotel, se hai comercio ou non hai comercio, e, a partir de aí, empezar a falar. E son os concellos os que agora teñen a voz, (*Murmurios.*) e son as deputacións as que agora teñen que facer as súas alegacións e, se queren, tamén vostedes. Agora, non me pidan que eu lles diga aos funcionarios o que teñen que facer. Esa non é a imaxe da Xunta que vostedes intentan dar cara ao exterior.

Polo tanto, hai dous tipos de tramitación neste concello: un PIE e un PIA...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, conselleira.

Terminou o tempo.

(*A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pronuncia palabras que non se perciben.*)

Terminou o tempo. Grazas, conselleira.

(*Aplausos.*)



Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonzo e D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os recortes no ensino público de agosto de 2022 e a súa afección na vila de Cedeira

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Ramón Fernández Alfonzo, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Moi boa tarde a todos e a todas.

Boa tarde, señor conselleiro.

Permita que antes de máis nada dea a benvida ás persoas da plataforma SOS IES Punta Candieira que se achegaron ao Parlamento para seguir este debate, un debate que seguramente debe de ser estraño e inesperado para vostede, un debate que nesa outra realidade paralela na que o Goberno da Xunta decidiu instalarse sería imposible, mais que nesta outra realidade na que compartimos os demais galegos e galegas é moi necesario. É desagradábel pero moi necesario. Porque, en contra do que di a propaganda do Partido Popular, no ensino público hai recortes. E nomeadamente no IES Punta Candieira, da vila de Cedeira, a súa consellería comunicou durante o verán un recorte de 14 profesores e profesoras, 14. Parece que ultimamente ofreceron vostedes reducir o recorte en tres persoas; é dicir, suprimir 11 profesores e profesoras.

E isto ¿que implica?, ¿que significa? Pois significa que non haberá reforzos educativos de Lingua Castelá e Matemáticas en segundo e terceiro de ESO —o que implica números máis numerosos coas ratios no máximo—; significa que non haberá persoal para laboratorio e, polo tanto, non poderá haber prácticas en materias como Física e Química ou Ciencias; significa a desaparición do bacharelato de adultos e pode desaparecer tamén o ensino secundario de adultos; significa que a biblioteca escolar só abrirá un terzo do seu horario; significa a desaparición da aula de convivencia, na que se resolven os conflitos dun xeito integrador a través da mediación; significa problemas para realizar as gardas por falta de profesores; significa moitas menos horas para desenvolver moitos dos proxectos nos que viña participando o centro con moito éxito —cítolle algúns recoñecementos: Premio extraordinario de mecatrónica industrial, I Premio Isabel Cendal de promoción do pensamento crítico, I Premio Concepción Arenal de proxectos educativos para a igualdade de xénero, II Premio de curtas do Festival de Cans, I Premio no Concurso «Explícoche matemáticas 2.0», da Universidade de Santiago de Compostela, e a participación en moitos máis que non me dá tempo a mencionar—. Os seus recortes significan tamén moitos problemas coas materias optativas de bacharelato, con redución de materias, aumento do número de alumnos e alumnas por aula con ratios de 34 persoas, dificultades para organizar os horarios e as aulas, etc. E a menor oferta de materias optativas no bacharelato afectará a nota final que poidan necesitar para acceder a estudos superiores —tanto á universidade como a ciclos—. A imposibilidade de cursar certas materias optativas que despois se requiren para certas carreiras supón que terían que ir a outro centro fóra de Cedeira para cursar o bacharelato.

En definitiva, vostede sabe ben que este recorte é absolutamente desmedido e inxustificado. E sabe ben o tipo de consecuencias que ten para unha vila como Cedeira, cos problemas de



transporte como os que existen precisamente en Cedeira. Explique, por favor, a que se debe este recorte e, sobre todo, poña día e hora para recibir a corporación municipal, que lle ten solicitada formalmente unha reunión por unanimidade desde hai moito tempo.

Obrigado polo de agora. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonso.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Eu tamén saúdo as persoas que nos acompañan.

En primeiro lugar, quero deixar moi claro que o que se fai todos os anos en todos os inicios de curso é adecuar os recursos humanos —o profesorado— á dinámica dos alumnos; é dicir, adecuar os recursos ás necesidades docentes de cada un dos máis de 1.200 centros educativos públicos de Galicia. Esa é a nosa obrigación como xestores públicos, non cabe ningunha dúbida. É algo absolutamente lóxico e é algo que non ten que implicar perda de calidade. (*Murmurios.*) Porque case sería pensar ou desconfiar en que as persoas, os profesionais que quedan aí nun número moi significativo, pois van facer mal o seu traballo.

E, en segundo lugar, tamén quixera deixar moi claro e moi patente que neste caso —como en todos os casos dos centros educativos da rede pública galega— non hai decisións arbitrarias, non hai decisións aleatorias, senón que as decisións que se adoptan por parte dos servizos de inspección, por parte da xefatura territorial, á hora de configurar os cupos —é dicir, o número de profesores necesario en cada centro—, pois se toman con base nas necesidades educativas do centro, nos informes de Inspección e con base tamén —como non pode ser doutro xeito— na demografía —a non ser que vostede entenda que o conselleiro ou o político de turno poida a dedo dicir «meto profesores, saco profesores» segundo lle conveña a cada un en cada momento—. Entendo que niso estará vostede de acordo comigo.

E tamén estará de acordo comigo en que neste instituto nos últimos anos houbo unha caída demográfica, do número de alumnos, moi, moi, significativa. Sen ir máis lonxe, nos últimos anos, nos dous últimos cursos, houbo unha caída demográfica de 85 alumnos —por desgraza, 85 alumnos—, que é aproximadamente o 18 % dos alumnos que había hai dous anos; é dicir, hai dous anos había case un 20 % de alumnos máis que hoxe. Obviamente, iso leva á necesidade de reorganizar a estrutura organizativa interna do centro. E iso levou a que, por exemplo, algúns ciclos de formación profesional non se ofertasen simplemente porque non hai alumnos, simplemente por iso. E creo que, se hai cero matriculados nalgún ciclo de FP ou un número que non chega ao mínimo establecido, é obvio que non se imparta ese ciclo. Creo que iso é algo que o entende calquera persoa con sentido común.

En todo caso, este centro educativo ten 65 profesores. Ter 65 profesores, comparativamente co número de alumnos que están neste momento matriculados, sáenos que por cada profesor



hai unha ratio de 6,6 alumnos. Non é unha ratio nada menor, 6,6 alumnos por profesor creo que é unha ratio moi significativa. (*Murmurios.*) A verdade é que isto non debe implicar perda de calidade en ningún caso, en ningún momento. E, insisto, non hai decisións arbitrarias nin aleatorias senón que están baseadas nos informes de Inspección.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica do señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Señor conselleiro, que hai menos matrículas non llo vou negar, pero o que acaba de facer vostede é torturar os datos. Esta redución de profesorado —como lle dixen antes— está fóra de toda proporción, non se xustifica coa redución de matrículas.

E o que tampouco ten discusión é que o recorte do profesorado vai provocar menos matrículas, que a xente de Cedeira teña que ir a outros centros para cursar as materias que quere ou que precisa cursar e que persoas doutras localidades que escollían o IES Punta Candieira pola súa reputación —Ferrol incluído— deixen de facelo. Está a pasar xa. De feito, inmediatamente despois de anunciarse os recortes algunhas persoas xa tiveron que buscarse a vida noutros centros, algo lóxico e previsíbel. E, polo tanto, é culpa e responsabilidade directa da Xunta. (*Aplausos.*)

A comunidade educativa do centro e toda a vila de Cedeira temen —e con razón— que esta medida da Consellería —esta agresión, porque non ten outro nome— sexa o principio da fin de algo que lles custou moito conseguir: un centro de ensino público que tiveron que pelexar hai case corenta anos, que o pelexaron e que desde aquela o foron colocando entre todos e todas en máximos en todos os estándares de calidade. Isto supuxo un cambio radical nas expectativas laborais da mocidade de Cedeira, foi un centro con gran transcendencia social.

É moito o que está en xogo, señor conselleiro. Desde o BNG chamámolo a reconsiderar estes recortes. Calibren con coidado as consecuencias do que fan porque, unha vez que se eliminan as materias, é case imposíbel recuperalas. E as consecuencias dos recortes non son iguais na vila de Cedeira que na cidade de Ferrol. Atendan ás reclamacións da comunidade educativa de Cedeira, déixense de represalias e de censuras, que por aí van mal. Xa lle dixen que neste centro levaron un premio por fomentar o espírito crítico. Se cadra debería vostede matricularse un par de anos no Punta Candieira para entender o que isto significa, asumilo e aceptalo. E, sobre todo, poña día e hora a esa reunión que lle solicitaron desde Cedeira. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonso.

Peche da pregunta.

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.



O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Bueno, señor deputado, represalias e censura, ¿onde e cando? (*Murmurios.*) Represalias e censura. ¡Bueno!... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Mire, a verdade é que, señor deputado, creo que no ánimo de facer ruído político con esta cuestión non está falando moi ben do profesorado do instituto, dos 65 profesionais que estou seguro de que non van abandonar, non van abandonar o seu traballo nin van deixar de facer ben o seu traballo, estou absolutamente seguro. E, mire, se alguén lle está metendo medo á xente é vostede cando di que ao mellor no futuro se pode pechar o centro. (*Fortes murmurios.*) Non lle meta medo á xente porque realmente non lle vai ir moi ben. (*Murmurios.*)

Mire, eu voulle dicir unha cousa. A min o xefe territorial comunicame que o director está conforme cos 65 profesores do centro, que lle dan para organizar a actividade do centro. É certo que inicialmente había 63. Negociouse —Inspección e Dirección— e chegouse a un equilibrio de 65 profesores. Eu estaría preocupado —francamente preocupado— se o xefe territorial me transmitise o contrario. O xefe territorial está en contacto directo, xunto co servizo de Inspección, co equipo de dirección. (*Murmurios.*) E comunícanme —se non, estaría preocupado, tamén llo digo sinceramente— que a organización co profesorado —insisto, 65 profesores, unha ratio de 1 profesor por cada 6,5 alumnos— é moi razoable e está dentro dos marcos legais.

Porque ¿como está a matrícula no centro? Mire, por exemplo, en segundo da ESO (*O señor Fernández Alfonso pronuncia palabras que non se perciben.*) —escóiteme, por favor—, no grupo A hai 20 alumnos e no grupo B 19 alumnos. ¿Sabe cal é a ratio que fixa a lei? Sábeo perfectamente, ¿non? En cuarto da ESO hai tres grupos, un deles ten 15 alumnos. En segundo de bacharelato hai tres grupos... (*Unha persoa invitada pronuncia desde a tribuna: «Iso é mentira».*) (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Por favor, prégole que abandone o hemiciclo. (*O señor presidente dirixese á persoa que proferiu os berros anteriores desde a tribuna de invitados, que segue pronunciando palabras inintelixibles.*)

Por favor, abandone o hemiciclo

Vostede era invitada do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e acaba de penalizalo. Eu creo que lle explicaron as normas. Creo que antes de entrar lle deron un papel coas normas que rexen nesta tribuna dos invitados. Polo tanto, eu prégoles, por favor, que se comporten. Son vostedes os nosos invitados e eu prégoles que se comporten, por favor. (*Murmurios.*)

Prosiga, por favor.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Eu estou dando datos que proceden do servizo de Inspección, que, obviamente...



O señor PRESIDENTE: Perdón, porque o tempo neste momento non llo parei.

Ben, siga.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Dicía que eu estou dando datos do servizo de Inspección, que son os datos que carga a dirección do centro, e estaba falando da ESO. Agora falo de bacharelato. A ratio estatal e tamén galega é de 30 alumnos. Temos, por exemplo, tres segundos de bacharelato —A, B e C—, con 19, 18 e 21 alumnos, cando o máximo é de 30. En FP, en función do ciclo, os máximos están en 20 ou 22, e temos grupos con 10, con 11 e con 9 alumnos. Co cal, cando se fala de masificación eu creo que tamén é necesario miralo un pouco, porque estamos xerando unha información tremendamente complexa.

Igual que no bacharelato de adultos. Se non hai matriculados non se pode dar o ciclo. (*Murmurios.*) Nós non suprimimos o bacharelato de adultos porque nos dese a gana, ¡ou vostede que pensa! (*Murmurios.*) ¿Sabe cantos alumnos había o ano pasado?, ¿cantos se avaliaron? Tres. E este ano non ía haber alumnos. ¿Sabe cantos hai na ESO? Seis. Aí mantémolo porque hai seis alumnos. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Co cal, señoría, eu creo que unha cousa é xestionar as expectativas, xestionar as perspectivas, e outra cousa é a realidade. (*Murmurios.*)

E non lles pode dar todo igual, porque vostedes son responsables públicos. E como responsables públicos deberían facer chamamentos sensatos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...e deberían plantexar necesidades sensatas. Obviamente, eu entendo que a comunidade educativa, as familias, os pais ou os centros demanden o que entendan.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Pero sempre hai que xestionar os recursos adecuados ás leis e dar unha resposta... (*O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo, conselleiro.

(*Aplausos.*) (*Murmurios.*)



Pregunta de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións concretas que contempla o Plan Emprega Muller posto en marcha pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e que novos programas inclúe

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Paula Prado, do Grupo Parlamentario Popular.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

Hoxe vén vostede á Cámara falar dun tema que nos preocupa especialmente no Grupo Parlamentario Popular e, consecuentemente, no Partido Popular de Galicia. Preocúpanos, señora conselleira, o peso total das mulleres nos datos, nas cifras, de paro rexistrado.

A Comisión Europea reconece que en todos os países da Unión Europea a participación das mulleres no mercado laboral é inferior á dos homes. Tamén sinala a Comisión que as mulleres tenden a traballar menos horas, en sectores con salarios máis baixos, e a ocupar postos de menor categoría que os homes. Esta situación das mulleres no mercado laboral provoca, por tanto, diferenzas laborais e salariais entre xéneros.

A nivel nacional, en España, o peso das mulleres no total do paro rexistrado é maior ao dos homes. Chega ata o 58,73 %, segundo os datos publicados polo SEPE en decembro de 2021. Pero tamén é certo que en Galicia e para o mesmo mes, a pesar de que a cifra de mulleres desempregadas foi a máis baixa de toda a serie histórica dende maio de 2005, esta segue a ser superior á dos homes.

Por este motivo, señorías, é imprescindible seguir traballando por unha igualdade real e efectiva en todas as esferas da vida, incluída a laboral, coa implicación de toda a sociedade e, especialmente, coa dos poderes públicos. E neste sentido destaca o labor da Xunta de Galicia, que no ámbito das súas competencias está a desenvolver numerosas iniciativas, como o Programa Emega, para fomentar o emprendemento feminino e ofrecer unha oportunidade de inserción e mellora no ámbito laboral das mulleres, e os diferentes plans estratéxicos para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes que contemplan numerosas actuacións no ámbito laboral, entre outras ferramentas.

Non obstante, a pesar das medidas previstas, a consellería que vostede dirixe, consciente das necesidades de seguir impulsando actuacións para promover a incorporación de mulleres ao mercado de traballo, garantir a súa permanencia no emprego e fomentar que as condicións profesionais melloren progresivamente ata equipararse coas dos homes, vén de anunciar o Plan Emprega Muller.

Isto é o que fai a Xunta de Galicia mentres noutras administracións, por exemplo, vimos recentemente que a ministra de Igualdade arremete contra a xustiza e di que é patriarcal e que non vela polos dereitos das mulleres, que desincentiva as denuncias de mulleres que están a sufrir violencia de xénero; ou mesmo di que as forzas e corpos de seguridade do Estado son machistas, racistas e xenófobos —garda civil e policía que velan pola nosa seguridade—. Iso fai o Ministerio mentres a Xunta está a facer este plan.



¿Pode dicirnos, señora conselleira, que actuacións concretas contempla o Plan Emprega Muller posto en marcha pola Xunta de Galicia.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Resposta da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Efectivamente, señora Prado, o plan que vostede menciona, o Plan Emprega Muller, é unha iniciativa marco da Consellería, porque entendemos que, aínda que, por suposto, a igualdade e as políticas de igualdade teñen unha natureza transversal, é esencial incidir na igualdade laboral para conseguir esa igualdade real e efectiva. É un plan que contempla diversos programas, e todos eles están dotados cunha cifra de 35 millóns de euros. Vou incidir sobre todo nos tres programas novos, de nova creación, porque o plan engloba por suposto outros programas que son programas bos, consolidados e que se continúan e se fomentan, ademais, con maior orzamento durante este exercicio 2022.

Polo tanto, como digo, por unha banda está un primeiro programa, o de mellora das capacidades dixitais para mulleres no medio rural, que entendemos esencial e co que imos chegar a 10.000 mulleres con 5,2 millóns de euros. Este programa está agora mesmo vixente. Publicouse o 4 de setembro.

Hai un segundo programa que inclúe dous, que son os programas integrados de emprego exclusivos para mulleres. Entre os dous —as dúas ordes— son 4,8 millóns de euros para 1.900 mulleres. Aquí incluímos os programas integrados de emprego ordinarios, nos que reservamos 2 millóns de euros para mulleres, e a maiores un novo programa específico de apoio a mulleres —aquí son 2,8 millóns de euros para 1.100 mulleres—, e incluímos todo tipo de actuacións de orientación laboral, de asesoramento, de información, formación e tamén de adquisición de competencias e de habilidades transversais para acompañalas e para facilitarlles esa inserción laboral.

E, por outra banda, está tamén á disposición das mulleres galegas ata o 30 de setembro o Programa Muller 2022, con 6 millóns de euros. Son incentivos á contratación indefinida de mulleres. Con isto imos chegar a 1.000 mulleres contratadas con estes incentivos por empresas galegas.

Como lle dicía, estes son os novos programas que están dentro do plan. Pero a maiores si me gustaría recalcar que dentro deste Plan Emprega Muller está incorporado o Programa Emega que vostede mencionaba. A dotación orzamentaria está incrementada este ano, témolos duplicada dende o inicio da lexislatura. Imos chegar a 440 mulleres con 4,4 millóns de euros para atender ese emprendemento feminino. E tamén está o Programa Galicia Emprega, que é o programa xeral de incentivos á contratación en empresas, pero no que temos reser-



vado o 40 % do seu orzamento —de 12,95 millóns son 5 millóns— destinado exclusivamente ao fomento da contratación feminina, e co cal imos chegar a máis de 500 mulleres este ano.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica da señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Grazas, señora conselleira, e parabéns polo seu traballo.

Eu, como muller e como representante de moitísimas galegas, quero dicirlle que me sinto orgullosa das políticas públicas en materia de igualdade que está a facer o goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia. Outros partidos que dan carnés de feminismo creo que non poden dicir o mesmo. Se analizamos as políticas públicas que están a poñer en marcha os denominados partidos progresistas, de esquerda, e que fomentan as políticas dos dereitos das mulleres, vemos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, dos dereitos das mulleres. Si, si, ría, porque isto ten moita graza, señor Bará. Mire, podíamos ver simplemente a última campaña que fai o Ministerio de Igualdade. Non, non pensen que é unha campaña para promover a empregabilidade das mulleres, non pensen que é unha campaña para promover a inserción das mulleres no mercado laboral, non pensen que é unha campaña para axudar a moitísimas mulleres que traballan cada día como autónomas neste país e que teñen moitísimas dificultades nun contexto económico moi difícil. Non, a última campaña do Ministerio de Igualdade é unha campaña pola diversidade dos corpos, pola diversidade dos corpos. E o que fixeron foi que a unha muller que tiña unha perna ortopédica lle pintaron unha de carne e óso; a unha muller que tiña unha dobre mastectomía pintáronlle tamén as mamas. E con iso, eliminando a súa discapacidade, pretendían facer unha campaña pola diversidade de corpos. Iso a ningunha feminista de Galicia a escandalizou. A nós, ás feministas do Partido Popular de Galicia, si nos escandaliza. (*Aplausos.*)

E, mentres, a Xunta, señora conselleira, ocúpase de facilitar capacidades dixitais para mulleres no rural ou programas de emprego exclusivos para mulleres, incentivos á contratación para mulleres con dificultades de inserción laboral. Para iso é realmente para o que nós cremos que ten que estar unha consellería de igualdade. Para o resto...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...o Ministerio de Igualdade podía desaparecer, porque ninguén o ía botar en falta.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, terminou o tempo, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Peche da pregunta pola conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Señora Prado, grazas. Si me gustaría empregar esta segunda intervención para afondar en que, ademais deste Plan Emprega Muller, con eses 35 millóns de euros cos que imos beneficiar e axudar ao emprego e á empregabilidade de 16.500 beneficiarias, todo o que supón a igualdade laboral das mulleres é unha estratexia xeral dentro da Consellería de Emprego e Igualdade, por suposto, pero penso que tamén dentro de toda a Xunta de Galicia. Por esa razón, están deseñados todos os programas de emprego para que as mulleres se beneficien de xeito preferente e en maior medida doutras moitas accións estratéxicas da Consellería. Así sucede nos obradoiros duais de emprego, nos que se priorizan as mulleres; así sucede no caso dos autónomos cos programas de promoción do emprego autónomo e os programas para promocionar, á súa vez, que as persoas traballadoras autónomas contraten máis traballadores indefinidos —sucede co programa Aprot Rural, co programa Aprot Economía Social, co Bono Nova Oportunidade, etc.—.

E, como lle dicía, non soamente penso que a igualdade e a igualdade laboral sexa unha estratexia desta consellería, senón que é unha estratexia, é unha aposta clara, do Goberno da Xunta de Galicia. Non en van, dentro dos departamentos da Xunta uniuse o eido laboral co eido da igualdade. E contamos xa cun novo plan estratéxico 2022-2027 a nivel de toda a comunidade autónoma, con 935,5 millóns de euros. O mesmo vai suceder con esa nova Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que está en tramitación e na que, efectivamente, imos insistir moitísimo no capítulo do benestar laboral e, polo tanto, da conciliación, corresponsabilidade e flexibilidade para permitir ás mulleres que acaden os mesmos postos que os homes a igualdade de traballo. Tamén imos insistir nas distintas esferas —na muller rural, na muller do mar, etc.— de toda a estratexia do Goberno da Xunta de Galicia, para amosar, polo tanto, que a igualdade é un eixo transversal das políticas do Goberno autonómico.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as melloras que está a incorporar a Xunta de Galicia no programa galego de cribado neonatal

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidente.

Boas tardes, conselleiro.

Boa parte das enfermidades conxénitas do metabolismo son enfermidades raras ou moi raras, pero, valoradas en conxunto, son patoloxías frecuentes. Estímase unha prevalencia



global de 50,9 casos por cada 100.000 nacementos, polo que constitúe unha causa importante de morbimortalidade e ten un impacto global notable desde a perspectiva da saúde pública. Os erros innatos do metabolismo son un grupo, tanto xenética como fenotípicamente, complexo e heteroxéneo que inclúe un número crecente de entidades e que na actualidade suman máis de 1.050 trastornos.

Os programas de cribado neonatal teñen como obxectivo identificar precozmente en dito período enfermidades metabólicas tratables —idealmente presintomaticamente— coa finalidade de establecer un tratamento precoz que mellore o seu prognóstico e diminúa o risco de secuelas. Este programa, no seu conxunto, é un sistema complexo e organizado que inclúe os test bioquímicos de cribado e de confirmación, o diagnóstico, tratamento, seguimento clínico e educación do paciente e da familia, así como diagnóstico e asesoramento xenético, e debe cumprir cos estándares de calidade.

O programa galego para a detección precoz de enfermidades endócrinas e metabólicas en período neonatal tivo a súa orixe en 1978 e foi pioneiro en España no cribado neonatal, o cal foi posteriormente ampliado coa incorporación da espectrometría de masas en xullo do ano 2000. Neste senso, a Xunta de Galicia foi pioneira coa aprobación no ano 2021 da Estratexia galega de enfermidades raras 2021-2024, co obxectivo principal de establecer un novo modelo asistencial para as enfermidades raras, optimizado e baseado en criterios homoxéneos para garantir un prazo de diagnóstico máis reducido, menor variabilidade do manexo do ou da doente e unha xestión máis áxil, coordinada e eficiente.

Afortunadamente, en Galicia contamos cun gran laboratorio de metabolopatías no Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela, onde se analizan as mostras obtidas dos neonatos. Aínda que desde a oposición intenten desprestixiar a sanidade galega, sabemos que é unha sanidade puxante, na que os magníficos profesionais e os xestores que forman parte dela non deixan de traballar na procura de que cada vez contemos con máis e mellores ferramentas e métodos de diagnose para conseguilo.

Hoxe, señor conselleiro, desde o Grupo Popular estamos interesados en saber as melloras que está a incorporar a Xunta no programa galego de cribado neonatal.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Señora Amigo, como vostede ben dixo, as enfermidades conxénitas do metabolismo son enfermidades raras ou moi raras, pero que no seu conxunto son patoloxías frecuentes. Estímase que entre 6.000 e 8.000 enfermidades raras distintas son as que están rexistradas, e,



aínda que de forma illada son pouco frecuentes, como vostede dicía, en conxunto si que adquiren unha gran importancia, xa que afectan entre un 5 % un 8 % da poboación. No caso particular de Galicia estamos a falar de 200.000 afectados ou afectadas.

E unha característica común a moitas enfermidades raras é a gran morbimortalidade, como vostede ben dicía, que levan asociada. Isto evidencia que, se cuantitativamente estas enfermidades son moi importantes, cualitativamente aínda o son máis. E isto debería axudar a situalas no lugar que lles corresponde no marco da saúde pública, tanto en Galicia como a nivel global.

Con frecuencia estas patoloxías poñen en risco a vida do doente e requiren unha prolongada asistencia sanitaria, co que as dificultades no diagnóstico e a tardanza en atopar un tratamento efectivo poderían engadirse aos factores que empeoran a esperanza e a calidade de vida destes doentes.

O modelo actual do Sistema Nacional de Saúde de atención e aproximación ás enfermidades raras baséase en estruturas moi ríxidas e ordenadas arredor, normalmente, dunha patoloxía ou problema concreto, e cunha xestión moi centrada nunha especialidade médica. Precisamente para resolver estes atrancos a Xunta aprobou nesta lexislatura a Estratexia galega de enfermidades raras 2021-2024. E unha das derivas desa estratexia precisamente foi a posta en marcha o ano pasado de tres unidades multidisciplinares de enfermidades raras, pero tamén contribuímos no ámbito neonatal, o que supón unha mellora no programa de detección precoz de enfermidades xenéticas, endócrinas ou metabólicas no período neonatal.

O programa galego é un dos máis ambiciosos —se non é o que máis— a nivel estatal, xa que, ademais das sete patoloxías recollidas na carteira básica, o sistema noso, o galego, conta cunha carteira complementaria que engloba 30 patoloxías diferentes. Todo en conxunto coloca a Galicia e o seu sistema público de saúde como a comunidade autónoma coa carteira de patoloxías de cribado neonatal máis ampla de todo o Estado.

Pero, señoría, non nos conformamos con isto, e, en desenvolvemento da Estratexia de enfermidades raras, estamos a traballar para incorporar na carteira de cribado tres novas patoloxías: a atrofia muscular espinal —coñecida como AME—, a inmunodeficiencia combinada grave e a hiperplasia suprarrenal conxénita. Porque cremos firmemente en que o fortalecemento do programa de cribados nos permitirá detectar con maior rapidez as distintas enfermidades que dificultan a vida de non poucos galegos.

Máis nada polo de agora e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas conselleiro.

Réplica, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, conselleiro.

En hora boa por estas novas que nos acaba de trasladar. O coidado da saúde infantil é fundamental desde o mesmo inicio da vida, e así se entende desde o Servizo Galego de Saúde.



E aínda que non teña nada que ver coa pregunta, eu tamén quero felicitalo por ese novo calendario vacinal que se inicia mañá, 15 de setembro —segundo anunciou o presidente Rueda—, e que conta con esas novidades tan importantes como a vacinación contra o virus do papiloma humano nos nenos, a vacinación contra a meninxite B e contra a gripe, cun investimento para o próximo ano de máis de 23 millóns de euros —4,6 millóns máis ca este ano debido á incorporación desas novas vacinas—.

E xa volvendo ao obxecto da pregunta de hoxe, sabemos que o obxectivo principal dun programa de cribado neonatal é chegar o máis rápido posible ao diagnóstico e, desta maneira, poder instaurar —como tamén vostede dixo— un tratamento de maneira precoz. Non cabe dúbida de que os programas de cribado neonatal constitúen un dos maiores avances en saúde pública da medicina actual e que permitiron mellorar a calidade de vida e o prognóstico de milleiros de nenos en todo o mundo. En Galicia, nese sentido, temos que sentirnos como afortunados polos avances que está habendo.

A análise meticulosa dos resultados dos diferentes programas de cribados sabemos que proporciona información moi valiosa para poder optimizar as estratexias de cribado dos próximos anos e así coñecer mellor a incidencia real das patoloxías cribadas.

Nesta segunda quenda gustaríame que nos dera resposta sobre que instrumentos ten previstos a Xunta para a actualización deste programa de cribados.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Peche da pregunta polo conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Señora Amigo, dende o Goberno galego cremos que a suma desta ampliación do calendario vacinal —que vostede mencionaba— con este incremento do coidado neonatal vai supoñer sen dúbida un salto cualitativo —aínda máis, se cabe— na capacidade do sistema galego para protexer a saúde infantil. Ese leva sendo o noso obxectivo durante moitos anos, como deixa constancia a Estratexia galega de enfermidades raras, da que falabamos antes, ou este Programa galego de detección precoz de enfermidades xenéticas, endócrinas e metabólicas en período neonatal.

No que respecta á evolución futura desta carteira de cribados, podo anunciarlle que hoxe mesmo o Portal de Transparencia publica o inicio da consulta pública previa para elaborar un decreto regulador deste programa de detección precoz. ¿Con que obxectivo? Pois, en primeiro lugar, para estandarizar o proceso en todas as áreas sanitarias e en todos os centros onde teñan lugar os nacementos, sexan estes no ámbito público ou no ámbito privado.

En segundo lugar, o decreto tamén regulará as garantías de equidade e tamén a información que se debe ofrecer á familia do neonato.



E, finalmente, faremos tamén unha regulación do sistema de avaliación —tamén importante— que determine a futura incorporación de novas patoloxías, sempre sustentada, por suposto, na evidencia científica dispoñible sobre resultados en saúde. Esta evidencia está acreditada nas tres novas metabolopatías que temos a intención de incorporar o antes posible ao programa.

No caso da atrofia muscular espinal, trátase dunha enfermidade neuromuscular de orixe xenético que se caracteriza principalmente pola dexeneración das neuronas motoras da medula espinal. Sabemos que os nenos que non reciben tratamento temperá corren o risco de padecer unha gran dependencia e discapacidade que lles impida facer tarefas tan básicas como, por exemplo, sentarse sen axuda. É, polo tanto, a revisión exhaustiva da evidencia dispoñible a que permite concluír que a súa inclusión no programa de cribado é relevante para detectar precozmente os casos e iniciar canto antes esas terapias de soporte, o tratamento farmacolóxico e tamén, por suposto, o asesoramento familiar.

No caso da inmunodeficiencia combinada grave, falamos dun conxunto de enfermidades de base xenética que cumpre definitivamente os criterios de inclusión no cribado neonatal ao tratarse dun grupo de enfermidades cunha prevalencia de arredor de 1 por cada 30.000 ou 50.000 recién nados, e que dispón, ademais, de tratamento. É unha enfermidade asintomática no nacemento pero extremadamente grave, cun elevadísimo risco de morte nos primeiros seis ou doce meses de vida. Por isto, consideramos urxente a súa inclusión, dado que a actuación precoz é fundamental para o porvir do doente.

E, finalmente, no caso da hiperplasia suprarrenal conxénita falamos tamén dun erro conxénito do metabolismo cunha incidencia xeral, nas formas clásicas, de aproximadamente 1 caso por cada 15.000 nacementos e, nas formas non clásicas, de 1 por cada 1.000. Por iso defendemos a súa inclusión na carteira de servizos —de cribado neste caso—, porque unha detección temperá da enfermidade permite comezar o tratamento canto antes e mellorar a calidade de vida dos doentes.

En conclusión, hoxe damos os pasos fundamentais non só para mellorar de forma inmediata o noso programa, senón tamén para regular o seu proceso de mellora continua e seguir avanzando na mellora da saúde dos nosos nenos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Non hai máis asuntos, remata aquí o pleno.

Boas tardes.



Remata a sesión ás seis e corenta e catro minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

| | | | |
|---------------------------------------|-------|--|-------|
| 1. Abelairas Rodríguez, María Isaura | (S) | 39. Otero Rodríguez, Patricia | (S) |
| 2. Aira Díaz, María del Carmen | (BNG) | 40. Pazos Couñago, José Alberto | (P) |
| 3. Álvarez Martínez, Luis Manuel | (S) | 41. Pérez Fernández, Rosana | (BNG) |
| 4. Amigo Díaz, María Encarnación | (P) | 42. Pérez López, Daniel | (BNG) |
| 5. Arangüena Fernández, Pablo | (S) | 43. Pérez López, Noelia | (P) |
| 6. Arias Rodríguez, Raquel | (P) | 44. Pomar Tojo, Carmen María | (P) |
| 7. Armada Pérez, José Antonio | (P) | 45. Pontón Mondelo, Ana | (BNG) |
| 8. Balseiro Orol, José Manuel | (P) | 46. Porro Martínez, María Corina | (P) |
| 9. Bará Torres, Xosé Luís | (BNG) | 47. Prado Cores, María Montserrat | (BNG) |
| 10. Caballero Miguez, Gonzalo | (S) | 48. Prado del Río, Paula | (P) |
| 11. Calvo Pouso, Diego | (P) | 49. Presas Bergantiños, Noa | (BNG) |
| 12. Candia López, María Elena | (P) | 50. Puy Fraga, Pedro | (P) |
| 13. Carballo Páez, Ramón | (P) | 51. Queixas Zas, Mercedes | (BNG) |
| 14. Carreira Pazos, Iria | (BNG) | 52. Quintana Carballo, Rosa María | (P) |
| 15. Castro García, Daniel | (BNG) | 53. Rey Varela, José Manuel | (P) |
| 16. Castro Rey, Paloma | (S) | 54. Ríos Santomé, Paulo | (BNG) |
| 17. Conde López, Francisco José | (P) | 55. Rivas Cruz, Xosé Luís | (BNG) |
| 18. Cores Tourís, José Manuel | (P) | 56. Rodeiro Tato, Ovidio | (P) |
| 19. Díaz Mouteira, María Sol | (P) | 57. Rodil Fernández, Olalla | (BNG) |
| 20. Díaz Varela, Noa Susana | (S) | 58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen | (S) |
| 21. Egerique Mosquera, Teresa | (P) | 59. Rodríguez González, Román | (P) |
| 22. Fernández Alfonso, Ramón | (BNG) | 60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María | (P) |
| 23. Fernández Gómez, Alexandra | (BNG) | 61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña | (S) |
| 24. Fernández Prado, Martín | (P) | 62. Rueda Valenzuela, Alfonso | (P) |
| 25. Ferro Iglesias, José Luis | (P) | 63. Santalices Vieira, Miguel Ángel | (P) |
| 26. Francisco Rivera, Juan Carlos | (S) | 64. Sanz Arias, Cristina | (P) |
| 27. Gallego Sanromán, María Leticia | (S) | 65. Seco García, Martín | (S) |
| 28. García Martínez, Fabiola | (P) | 66. Suárez Sarmiento, María Elena | (P) |
| 29. González Albert, María | (BNG) | 67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago | (BNG) |
| 30. González Iglesias, María do Carme | (BNG) | 68. Tellado Filgueira, Miguel Ángel | (P) |
| 31. González Vázquez, José | (P) | 69. Torrado Quintela, Julio | (S) |
| 32. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio | (BNG) | 70. Vázquez Almuíña, Jesús | (P) |
| 33. Lorenzo Gómez, Rubén | (P) | 71. Vázquez Domínguez, Sandra | (P) |
| 34. Martínez García, Valeriano | (P) | 72. Vázquez Mejuto, María Ángeles | (P) |
| 35. Murillo Solís, María Guadalupe | (P) | 73. Vázquez Mourelle, Ethel María | (P) |
| 36. Nóvoa Iglesias, Marta | (P) | 74. Vega Pérez, Daniel | (P) |
| 37. Núñez Feijóo, Alberto | (P) | 75. Vereá Fraiz, Borja | (P) |
| 38. Ortega Otero, Marina | (S) | | |





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

